

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

9364 *Real decreto lei 20/2012, do 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade.*

I

A recesión que comezou a experimentar a economía española no ano 2008 e a política económica seguida daquela para facerlle fronte levaron á acumulación dalgúns desequilibrios macroeconómicos insostibles. Na medida en que estes desequilibrios sexan solucionados só parcialmente, é inviable a recuperación dunha senda de crecemento estable no noso país. Iso púxose de manifesto durante 2011 cando, tras varios trimestres de leve recuperación, a economía española se mostrou intensamente vulnerable á deterioración da zona euro e se volveu somerxer nun período recesivo.

Esta recaída recente da economía española, aínda sen chegar á gravidade de 2009, está a ter unha gran virulencia e consecuencias graves de destrución de emprego. Durante os dous primeiros trimestres do presente ano a actividade económica intensificou a súa deterioración e as perspectivas para a segunda metade do ano non serán mellores de non se adoptaren medidas urxentes. Aos desequilibrios pendentes de resolver na economía española uniuse nesta ocasión unha crise de confianza dos mercados financeiros, á cal non son alleos distintos problemas institucionais da zona euro. A consecuencia máis inmediata desta inestabilidade nos mercados foi un forte endurecemento das condicións de financiamento dos axentes privados.

Fundamental na superación desta situación será non soamente o deseño dunha estratexia de política económica que conteña os elementos adecuados no presente contexto, senón tamén a súa articulación a medio prazo dun modo verosímil e capaz de concitar a credibilidade dos mercados financeiros. Estes dous requisitos implican que a dita estratexia deberá comprender unha variedade de políticas con obxectivos claros en termos de datas de posta en marcha e consecuencias sobre o crecemento cifradas dentro dun marco macroeconómico coherente e plurianual.

A mencionada estratexia pivota principalmente sobre dous eixes: a consolidación fiscal e o impulso de novas reformas estruturais. As medidas de axuste fiscal son imprescindibles neste momento como reforzo das xa incluídas na última actualización do Programa de estabilidade e crecemento 2012-2015 para garantir que España cumpre rigorosamente os seus compromisos fiscais dentro do marco de déficit excesivo establecido pola Unión Europea. Ademais, resultan necesarias para recuperar a confianza e o crédito das administracións públicas.

As novas reformas estruturais son tamén claves non só para garantir que o noso país flexibiliza a súa estrutura produtiva e se prepara de modo óptimo para a seguinte fase expansiva do ciclo, senón para xerar crecemento adicional e compensar parcialmente desta forma o impacto restritivo da política fiscal a curto prazo. A medio prazo, os dous tipos de reformas combinarán efectos na mesma dirección e serán inequivocamente positivas para recuperar o crecemento da economía, da produción e do emprego.

A modificación da senda fiscal prevista por España no Programa de estabilidade e crecemento 2012-2015 veu dada pola reunión do Ecofin do pasado 10 de xullo. Nela, os ministros de Economía da UE decidiron conceder a España unha prórroga dun ano para corrixir o seu déficit excesivo e situalo por debaixo do 3% do PIB. Esta decisión, polo tanto, conduce á modificación da Recomendación de déficit excesivo emitida polo Consello Europeo do 30 de novembro de 2009, que fixaba 2013 como data límite de consecución dun déficit das administracións públicas dun 3% do PIB.

Aínda que no marco desta última recomendación España veu tomando medidas encamiñadas ao seu cumprimento, o contexto económico nacional e internacional elevou

o grao de prociclicidade derivado da redución dunha parte moi substancial do déficit público nun horizonte de tempo relativamente curto. Tales circunstancias son as que levaron a CE a aconsellar flexibilizar a senda de eliminación deste déficit excesivo, especificando que os obxectivos de cumprimento pasan a ser un 6,3% do PIB en 2012, un 4,5% en 2013 e un 2,8% en 2014.

Aínda así, o esforzo fiscal estrutural que deberá realizar España é moi significativo. Por iso a configuración desta nova senda fiscal en ningún modo se pode considerar unha relaxación da política fiscal, senón unha adaptación desta a unha nova realidade de partida dada por un déficit de partida moito maior en 2011 (8,9% do PIB fronte a un 6% previsto) e a un ámbito económico máis complexo.

É dentro destas coordenadas onde se deben situar as diferentes medidas de índole fiscal que inclúe este real decreto lei. Por un lado, o aumento da imposición indirecta sobre o consumo reequilibra a composición da estrutura tributaria cara a unha figura infradesenvolvida en comparación cos nosos socios da UE e máis neutral fronte ao crecemento a longo prazo, máxime cando se acompaña, como pretende o Goberno, dunha redución gradual das cotizacións á Seguridade Social a partir de 2013.

No tocante ao gasto, este tamén foi o criterio principal arredor do cal gravitou o deseño das medidas. A incidencia soportárona especialmente aqueles gastos máis superfluos ou con efectos máis débiles sobre os incentivos dos axentes económicos. Nesta liña hai que situar as bonificacións á contratación nas cotizacións á Seguridade Social (que perderon relevancia no contexto das novas medidas introducidas pola última reforma do mercado de traballo) ou do modelo de prestacións por desemprego. As desgravacións no IRPF por vivenda, tras seren de utilidade nun ano de especial debilidade da demanda de vivendas, elimínanse tamén en 2013 nun horizonte de paulatina recuperación das variables fundamentais deste tipo de gasto.

Desde unha perspectiva xeral, estas medidas dan cumprimento a boa parte das recomendacións específicas formuladas polo Consello Europeo a España no mes de xuño e como colofón ao semestre europeo: ampliación das principais bases impositivas, eliminación de desgravacións e exencións e substitución parcial da imposición sobre o traballo por imposición indirecta. Por outra banda, todas estas medidas, xunto con outras que se prevé adoptar a medio prazo, incardináronse dentro do orzamento bienal que España presentará á Comisión Europea durante o verán de 2012 e que constitúe outra das recomendacións específicas realizadas a España en materia fiscal. Este orzamento representará, polo demais, un documento estratéxico de primeira orde onde se porá de manifesto a coherencia temporal das medidas coa senda da nova Recomendación de déficit excesivo para España e o cadro macroeconómico asociado ás novas proxeccións de crecemento.

As medidas estruturais que acompañan este paquete fiscal non son de menor transcendencia. Todas elas teñen por fin último abrir novos mercados ao sector privado e fomentar o desenvolvemento da innovación e de novos servizos en sectores críticos para o crecemento da produtividade e a redución de custos empresariais. Por último, aínda que non menos importante, os novos pasos no campo dos servizos profesionais facilitarán a permeabilidade dos distintos nichos de mercado a novos competidores e ao mesmo tempo garantirá a calidade destes servizos, reducindo as marxes en segmentos tradicionalmente menos expostos á competencia e, non obstante, cruciais para a configuración de custos no exercicio da actividade empresarial.

II

A actual conxuntura económica e a necesidade de reducir o déficit público sen menoscabar a prestación dos servizos públicos esenciais fan necesario mellorar a eficiencia das administracións públicas no uso dos recursos públicos, co obxecto de contribuír á consecución do inescusable obxectivo de estabilidade orzamentaria, derivado do marco constitucional e da Unión Europea.

O Goberno xa adoptou medidas de contención de gastos de persoal. Así, o Real decreto lei 20/2011, do 30 de decembro, de medidas urxentes en materia orzamentaria,

tributaria e financeira para a corrección do déficit público, establece que no ano 2012 as retribucións do persoal ao servizo do sector público non poderán experimentar ningún incremento respecto ás vixentes en 31 de decembro de 2011. Igualmente, durante o exercicio 2012 non se poderán realizar achegas a plans de pensións de emprego ou contratos de seguro colectivos que inclúan a cobertura da continxencia de xubilación. Por outra banda, durante o exercicio 2012 non se procederá á incorporación de novo persoal, salvo a que poida derivar da execución de procesos selectivos correspondentes a ofertas de emprego público de exercicios anteriores, limitación que tamén alcanza as prazas incursas nos procesos de consolidación de emprego previstos na disposición transitoria cuarta do Estatuto básico do empregado público, ben que a conxelación da oferta de emprego público non será de aplicación a determinados sectores e administracións en que a taxa de reposición se fixa no 10 por cento. Ademais, fixa a xornada de traballo do sector público estatal en trinta e sete horas e media semanais de traballo efectivo de media en cómputo anual. A Lei 2/2012, do 29 de xuño, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2012, incide nestas mesmas medidas.

Na actualidade, o proceso de consolidación fiscal e de sustentabilidade das contas públicas exige das administracións públicas continuar adaptando unha serie de medidas extraordinarias e cuxa adopción debe ser urxente, dirixidas a racionalizar e reducir o gasto de persoal das administracións públicas e a incrementar a eficiencia da súa xestión.

O Programa nacional de reformas 2012 é o marco en que se debe comprender este proceso de modernización e racionalización das administracións públicas, como complemento aos axustes exclusivamente fiscais e á redución de estruturas administrativas. Débense adoptar medidas que aforren gastos de persoal e incrementen a calidade e produtividade do emprego público.

Por iso, adóptanse diversas medidas que avanza na optimización de recursos, a mellora na xestión e na transparencia da Administración e o incremento da produtividade dos empregados públicos.

Trátase, polo tanto, de acometer unha serie de reformas cuxa necesidade é extraordinaria, dada a propia natureza desta crise e efectos sobre a economía, o mercado de traballo e as finanzas españolas, e urxente pola celeridade con que se deben acometer as reformas estruturais no noso sistema de emprego público que contribúa a reforzar tanto a garantía de cumprimento dos compromisos adquiridos por España en materia de gasto público e déficit como a mellora da eficiencia, produtividade e competitividade da nosa economía.

Trátase de medidas que se deben adoptar de xeito conxunto para ofrecer un cambio estrutural e coherente que permita, contemplado na súa totalidade, a satisfacción dos mencionados obxectivos de austeridade e eficiencia nas administracións públicas.

Moitas destas medidas aparecen recollidas nos plans económico-financeiros de reequilibrio 2012-2014 das comunidades autónomas aprobados no seo do Consello de Política Fiscal e Financeira.

Este real decreto lei adopta unha serie de medidas que perseguen a consecución dos efectos indicados.

Por outra banda, parte destas medidas ten carácter temporal ou está prevista a súa aplicación só cando concorran circunstancias excepcionais, e queda supeditada a súa vixencia á subsistencia da difícil conxuntura económica actual que afecta a sustentabilidade das contas públicas ou a que razóns de interese público fagan necesaria a súa aplicación no futuro.

En primeiro lugar, régúlase con carácter básico a incompatibilidade de pensións indemnizatorias, prestacións compensatorias e percepcións similares que perciben determinados ex-altos cargos de carácter básico, co obxecto de que se perciba esta prestación só no suposto de que o ex-alto cargo non realice ningunha outra actividade remunerada pública ou privada.

A medida aplicarase aos altos cargos de todas as administracións públicas, incluíndo os que prestan os seus servizos no sector público, entendendo tamén por tal a actividade desenvolvida polos membros electivos das Cortes Xerais, asembleas lexislativas

autonómicas e das corporacións locais, órganos constitucionais, incluídos o Poder Xudicial e o Ministerio Fiscal.

Suprímense durante o ano 2012 a paga extraordinaria do mes de decembro e a paga adicional de complemento específico ou pagas adicionais equivalentes do mes de decembro. As cantidades derivadas desa supresión poderanse destinar en exercicios futuros a realizar achegas a plans de pensións ou contratos de seguro colectivo que inclúan a continxencia de xubilación, sempre que se prevexa o cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria establecidos na Lei orgánica 2/2012, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, e nos termos e co alcance que se determine nas correspondentes leis de orzamentos.

Tamén se posibilita, neste caso con carácter excepcional, a suspensión ou modificación dos convenios colectivos e acordos que afecten o persoal laboral, só cando concorra causa grave de interese público derivada dunha alteración substancial das circunstancias económicas. Este mecanismo xa estaba previsto no Estatuto básico do empregado público e a modificación que agora se introduce non fai senón aclarar o seu ámbito de aplicación e homoxeneizar o seu tratamento, con independencia de que os acordos fosen adoptados no ámbito das mesas xerais de negociación ou a través da negociación colectiva de persoal laboral. En todo caso, entenderase, entre outras causas ou circunstancias, que concorre causa grave de interese público derivada da alteración substancial das circunstancias económicas cando as administracións públicas deban adoptar medidas ou plans de axuste, de reequilibrio das contas públicas ou de carácter económico-financieiro para asegurar a estabilidade orzamentaria ou a corrección do déficit público.

Redúcense os días de libre disposición. Ademais, suprímense os días adicionais por antigüidade tanto no caso das vacacións como no dos días por asuntos particulares e suspéndense os pactos e acordos que contradigan estas disposicións.

Homoxeneízase, así mesmo, o réxime de permisos para todas as administracións públicas.

Coa mesma finalidade de racionalizar o gasto de persoal, limítase o número de días de asuntos particulares e de días adicionais aos de libre disposición que poidan ter establecido as administracións públicas e adóptanse medidas coa mesma finalidade en relación co persoal laboral, así como respecto das vacacións.

Igualmente, en materia de tempo retribuído para realizar funcións sindicais e de representación, nomeamento de delegados sindicais, dispensas de asistencia ao traballo e demais dereitos sindicais, limítanse os actualmente existentes aos estritamente previstos pola normativa laboral, favorecendo o incremento dos tempos de traballo destinados directamente ao servizo público.

Modifícase temporalmente o réxime retributivo do persoal incluído no réxime xeral da Seguridade Social durante a situación de incapacidade temporal, sen prexuízo de que se establece un mandato dirixido ás administracións públicas para adoptaren medidas para reducir o absentismo do seu persoal. Así, cada Administración pública determinará, respecto do persoal ao seu servizo, os complementos retributivos que en concepto de mellora voluntaria da acción protectora da Seguridade Social correspondan nas situacións de incapacidade temporal. En todo caso, cando se trate dunha incapacidade temporal por continxencias comúns, durante os tres primeiros días, tanto para o persoal funcionario incluído no réxime xeral da Seguridade Social como para o persoal laboral, o complemento retributivo que con carácter de mellora voluntaria se poida establecer non poderá superar o cincuenta por cento das retribucións. Así mesmo, desde o cuarto día da situación de incapacidade temporal por continxencias comúns e ata o vixésimo, ambos os dous inclusive, o complemento retributivo que con carácter de mellora voluntaria se poida establecer non poderá superar o setenta e cinco por cento das retribucións.

Nestes mesmos termos modúlase a plenitude retributiva da prestación económica do persoal integrado no réxime de funcionarios civís do Estado e o persoal integrado no réxime especial da Seguridade Social das Forzas Armadas, en caso de incapacidade temporal.

Por outra banda, adóptanse unha serie de medidas de racionalización dos gastos de persoal da Administración xeral do Estado. Nesta liña créase un rexistro de órganos de representación do persoal ao servizo da Administración xeral do Estado, habílitase o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas para adoptar medidas dirixidas a garantir unha asignación eficiente dos recursos humanos. Igualmente, en cumprimento do Plan nacional de reformas, modúlanse as condicións de acceso e permanencia na situación de incapacidade temporal dos funcionarios co obxectivo de reducir custos e menoscabo da produtividade derivada desta.

A idade de xubilación forzosa dos funcionarios incluídos no réxime xeral da Seguridade Social será a que prevexan en cada momento as normas reguladoras do dito réxime para o acceso á pensión de xubilación ordinaria na súa modalidade contributiva, é dicir, sen coeficiente redutor por razón da idade.

O cambio estrutural que introduce nas administracións públicas este abano de medidas, que deben operar de xeito conxunto, constitúe un instrumento fundamental de política económica, que permitirá mellorar o seu funcionamento, adecualo máis eficazmente á actual conxuntura e manter a calidade do servizo que se presta ao cidadán.

As medidas recollidas neste título supoñen un sacrificio de especial intensidade para todos aqueles que perciben retribucións con cargo a recursos públicos. Razóns de xustiza xustifican que estas medidas se estendan a todos os servidores públicos con independencia da natureza da entidade da cal dependen e do seu estatuto. A universalidade que fundamenta esta reforma evita a discriminación entre grupos e sectores.

Por iso, con base no principio de necesaria solidariedade que debe imperar nestes momentos en todos os ámbitos sociais e políticos e co fin de compartir o esforzo que supoñen as medidas que se establecen neste real decreto lei respecto ao colectivo de empregados públicos de todas as administracións no seu sentido máis amplo, é vontade do lexislador que se impulsen todos os mecanismos legais existentes para permitir a extensión das citada medidas tanto a deputados e senadores como ao persoal doutros órganos constitucionais, aplicando, se é o caso, e cando sexa necesario, a súa normativa reguladora en materia de retribucións.

En cumprimento do previsto no artigo 37.1 do EBEP, as medidas incluídas no título I deste real decreto lei foron levadas para a súa negociación á Mesa Xeral de Negociación das Administracións Públicas e á Mesa Xeral de Negociación da Administración Xeral do Estado.

III

En materia de seguridade social, o real decreto lei inclúe dúas medidas para a simplificación e mellora do seu réxime de xestión, e a súa homoxeneización co réxime tributario.

A modificación do réxime de recargas incluída pretende favorecer a aplicación do procedemento para o aprazamento do pagamento de cotas fronte ao ata agora vixente sistema progresivo de recargas, dado que os aprazamentos se conceden en atención á existencia de dificultades transitorias de tesouraría, o que ofrece tanto á Administración como ao suxeito responsable do cumprimento da obriga de cotizar unha vía de solución de maior flexibilidade e garantía. Iso favorece que quen teña dificultades transitorias de tesouraría para o aboamento da cotización poida acudir aos medios de regularización da débeda establecidos regulamentariamente, en lugar de permanecer nunha situación de incumprimento das súas obrigas coa Seguridade Social. Por outra banda, a medida supón unha simplificación do sistema, algo que tería unha repercusión positiva na xestión administrativa.

Por outra, a regulación das bases de cotización dos traballadores por conta allea e os conceptos incluídos para os efectos do gravame do imposto sobre a renda das persoas físicas encóntrase incluída, respectivamente, no artigo 109 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, desenvolvido polo artigo 23 do Regulamento xeral sobre cotización e liquidación doutros dereitos da Seguridade Social, e na Lei 35/2006, do imposto sobre a

renda das persoas físicas. Non obstante, persisten de forma inxustificada unha serie de diferenzas entre ambos os dous réximes que se debe corrixir co obxectivo de homoxeneizar a normativa en materia tributaria e de seguridade social, de tal maneira que aqueles conceptos que son considerados como renda na normativa tributaria, e como tal tributan para os efectos do IRPF, sexan incluídos tamén na base de cotización. Carece de fundamento que os mesmos conceptos teñan unha consideración xurídica diferente en distintos ámbitos da normativa vixente. A medida contribúe a simplificar e homoxeneizar o sistema, liberando de cargas administrativas as empresas.

Tamén se modifican os límites establecidos na regulación actual con respecto aos conceptos excluídos da base de cotización. Os actuais límites permiten unha utilización que contravén o sentido da exención en prexuízo da Seguridade Social. Por iso, establécese un tope máximo dos conceptos que poden ser obxecto de exclusión da base de cotización, respecto do conxunto de percepcións salariais que, individualmente consideradas, se encontran excluídas total ou parcialmente. O dito tope máximo deberao determinar regulamentariamente o Goberno.

As medidas correspondentes ao ámbito de emprego responden a cinco grandes obxectivos. Por un lado, concentrar a protección nas situacións de perda de emprego e situación persoal que requiren especial atención. Por outra banda, impulsar a activación dos desempregados incentivando o pronto retorno á ocupación. En terceiro lugar, xerar os incentivos necesarios para asegurar a sustentabilidade do sistema público de prestacións, contribuír ao envellecemento activo e facilitar a activación dos traballadores de máis idade. En cuarto lugar, reforzar o sistema de políticas activas sobre a base do principio de eficiencia, permitindo que os limitados recursos dispoñibles se destinen a aquelas iniciativas máis útiles para desenvolver a empregabilidade dos traballadores. E por último, racionalizar o sistema de prestacións na súa totalidade dotándoo dunha maior coherencia interna que asegure a súa equidade.

En definitiva, as medidas reforzan a viabilidade futura do sistema de protección e contribúen ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria.

Para iso, en primeiro lugar, en materia de prestacións por desemprego establécese unha nova porcentaxe do 50% da base reguladora (desde o 60%) a partir do sétimo mes, o que só se aplicará aos novos perceptores, e non afectará unha boa parte dos desempregados, que ven garantida unha renda suficiente grazas ao mantemento do tope mínimo.

E en segundo lugar, elimínase a contribución á Seguridade Social por parte da entidade xestora de parte da cotización que lle corresponde ao traballador en situación de desemprego. A medida pretende unha maior equidade e ten carácter progresivo, ao afectar en menor medida aqueles beneficiarios con menores bases de cotización.

Polo que respecta aos subsidios por desemprego, as continuas modificacións que sufriu o sistema restáronlle coherencia, desincentivando en ocasións a vida activa e xerando situacións contrarias ao principio de equidade. Iso desvirtúa a finalidade do sistema no seu conxunto e pon en risco a protección dos máis necesitados, que se ven afectados polo impacto do deseño actual na sustentabilidade do sistema de protección social. Por iso, introdúcese unha serie de medidas que tratan de recuperar a racionalidade do sistema e que o fan máis compatible coa vida activa. As medidas destinadas a traballadores de máis idade tamén favorecen a interacción entre o sistema de protección por desemprego e a xubilación, impulsando o envellecemento activo.

Refórzase a vinculación entre o dereito de acceso aos subsidios e o patrimonio persoal dos beneficiarios. Na actualidade, o patrimonio do solicitante do subsidio só se ten en conta de forma indirecta a través da imputación de rendas ao patrimonio a unha taxa do 50% do xuro legal do diñeiro.

Pola súa vez, elimínase o subsidio especial para maiores de 45 anos que esgotan a súa prestación contributiva, afectando esta medida exclusivamente aos potenciais novos entrantes. A eliminación deste subsidio non supón unha desprotección para os desempregados, que se poden acoller ao subsidio ordinario.

Así mesmo, racionalízase o réxime regulador do subsidio para maiores de 52 anos co obxectivo de garantir a súa sustentabilidade no longo prazo e para incentivar o alongamento da vida activa.

Por outra banda, modifícase o réxime de acceso á renda activa de inserción (RAI) para reforzar a súa vinculación co emprego e garantir unha maior efectividade na utilización dos recursos públicos. Exíxese para o acceso á renda activa de inserción que previamente se esgotase a prestación contributiva ou o subsidio por desemprego para aquelas persoas que teñen máis de 45 anos e son parados de longa duración e que durante o período de inscrición ininterrompida como demandante de emprego (1 ano mínimo) non se rexeitase ningunha oferta de emprego adecuada, nin se negase a participar, salvo causa xustificada, en accións de promoción, formación ou reconversión profesionais.

Adicionalmente, racionalízase o réxime xurídico aplicable ao acceso a prestacións e subsidios por desemprego desde contratos a tempo parcial, que xerou unha acumulación de incoherencias que resultan nunha normativa vixente pouco homoxénea e que non respecta o principio de equidade, e refórzase a vinculación entre políticas activas e pasivas de emprego.

Pola súa vez, artícuñanse medidas encamiñadas a preservar a viabilidade financeira do Fondo de Garantía Salarial na liña das funcións para as cales foi concibido.

Finalmente, cúmprese coas recomendacións da Axencia Estatal de Avaliación das Políticas Públicas e a Calidade dos Servizos de dirixir as bonificacións á contratación colectivos con dificultades obxectivas e especiais para accederen ao mercado de traballo, facéndoa máis efectiva e ofrecendo maior seguridade xurídica.

Así, suprímense todas as bonificacións coa excepción das destinadas á contratación de discapacitados, así como á contratación, a través de novo contrato de apoio aos emprendedores, de mozos, maiores de 45 anos parados de longa duración e mulleres.

Mantéñense igualmente as bonificacións á contratación de mozos que se constitúan como autónomos, e persoas que substitúen vítimas de violencia de xénero e traballadores en baixa por maternidade.

IV

A Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, aprobada cun amplo consenso entre as forzas políticas, supuxo un avance no benestar das persoas e contou coa colaboración de todas as administracións públicas no seu desenvolvemento.

O Consello Territorial do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia, en sesión que tivo lugar o día 12 de abril de 2012, aprobou o avance da avaliación da lei transcorridos os cinco primeiros anos de aplicación desta, e adoptou o acordo de acometer as melloras no Sistema para a autonomía e atención á dependencia que sexan necesarias para asegurar a súa sustentabilidade. Así mesmo, na reunión mantida o 10 de xullo de 2012 aprobou a avaliación de resultados prevista na disposición derradeira primeira da lei e as propostas de mellora necesarias para asegurar a sustentabilidade presente e futura do Sistema, adoptando uns criterios comúns mínimos para todo o ámbito nacional no desenvolvemento da dita lei.

Os datos estruturais e as cifras máis significativas do gasto en materia de dependencia, analizadas na avaliación de resultados, mostran que se debe corrixir unha situación que pon en risco a sustentabilidade do Sistema que, ademais, supuxo consecuencias prexudiciais para o emprego e a viabilidade dos sectores produtivos de servizos relacionados coa dependencia.

O Goberno e as comunidades autónomas, no seo do Consello Territorial do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia, expresaron a necesidade de acometer melloras para asegurar a sustentabilidade do Sistema, non só a través dos correspondentes instrumentos normativos, senón tamén impulsando boas prácticas e pondo en común experiencias, sempre con base no diálogo e contando con todas as

administracións públicas, os grupos políticos e cantas asociacións e entidades actúan no ámbito da promoción da autonomía e atención ás persoas en situación de dependencia.

En efecto, a intensidade dos problemas detectados e o alcance estrutural que precisan as medidas correctoras exigen a súa inmediata aplicación para unha correcta evolución do Sistema. A demora na súa aprobación, dada a propia evolución inercial do Sistema, agudizaría os seus problemas de cohesión, equidade e financiamento, e as medidas propostas serían máis difíciles de aplicar.

Resulta determinante, ademais, dar un novo tratamento ao sistema da Seguridade Social dos cuidadores non profesionais das persoas en situación de dependencia. Así mesmo, en canto ao servizo de axuda a domicilio é necesario determinar que os servizos relacionados coas necesidades domésticas só poidan ser recoñecidos conxuntamente cos de atención persoal.

A actual clasificación en graos e niveis da situación de dependencia non significou unha diferenciación nas prestacións e servizos que se recoñecen ás persoas beneficiarias dentro dun mesmo grao e, mesmo, entre niveis próximos de distintos graos. Iso produciu continuos procesos de revisión da valoración, que fixo destinar recursos e tempo que se poderían ter dedicado á valoración das persoas con maior grao de dependencia. Para solucionalo, establécese unha nova estrutura que mantén os tres graos en que se clasifica a situación de dependencia, pero sen niveis, o que simplificará a xestión, permitirá atender de forma prioritaria as persoas cun maior grao de dependencia que están pendentes de recibir atención e mellorará o proceso de valoración da dependencia e o procedemento para o acceso ás prestacións.

Dado o distinto nivel de desenvolvemento e contido dentro das comunidades autónomas das prestacións ás persoas en situación de dependencia, que potenciou a desigualdade na aplicación da lei, faise necesario regular un contido común mínimo de intensidade e compatibilidade das prestacións para todas as administracións actúantes.

A sustentabilidade económica do Sistema para a autonomía e atención á dependencia, a situación económica pola que atravesamos a economía española e a existencia de cumprimento dos obxectivos de déficit público, requiren a adopción por parte do Goberno de medidas urxentes de natureza económica que se traduzan en aforros inmediatos no gasto das administracións públicas. Neste sentido, o presente real decreto lei incorpora distintas medidas que xeran un aforro, por unha banda, no gasto das comunidades autónomas, a través da redución das contías máximas das prestacións económicas para cuidados no ámbito familiar, e, por outra, no gasto da Administración xeral do Estado, pola vía da redución das contías do nivel mínimo de financiamento do Sistema para a autonomía e atención á dependencia.

Estas medidas de carácter económico perseguen un reequilibrio sustentable do Sistema, garantindo o dereito á promoción da autonomía persoal e atención á situación de dependencia.

Finalmente, e co obxecto de simplificar as relacións de coordinación entre a Administración xeral do Estado e as comunidades autónomas, refúndense os anteriores Consello Territorial do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia e a Conferencia Sectorial de Asuntos Sociais nun só órgano que pasará a denominarse Consello Territorial de Servizos Sociais e do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia.

V

Desde hai varios meses, como consecuencia da situación pola que atravesamos a economía española, véñense adoptando diversas medidas no ámbito tributario co fin de consolidar as finanzas públicas e deste modo corrixir o antes posible os principais desequilibrios que repercuten naquela, principalmente a redución do déficit público, para, deste xeito, contribuír á recuperación da nosa economía.

Con este propósito, como elocuentemente reflicten os seus títulos, o Real decreto lei 20/2011, do 30 de decembro, de medidas urxentes en materia orzamentaria, tributaria e financeira para a corrección do déficit público, e, meses máis tarde, o Real decreto lei

12/2012, do 30 de marzo, polo que se introducen diversas medidas tributarias e administrativas dirixidas á redución do déficit público, incorporaron relevantes medidas no ordenamento con incidencia nos principais impostos do noso sistema tributario.

Non obstante, a evolución dos ingresos públicos fai precisa a adopción de medidas adicionais que, reforzando estes, permitan sentar as bases para unha recuperación económica estable e duradeira, medidas que inciden, principalmente, no imposto sobre o valor engadido e no imposto sobre sociedades, e, en menor grao, no imposto sobre a renda das persoas físicas e nos impostos especiais.

O logro de tales obxectivos, certamente exixentes, fai imprescindible a incorporación destas medidas ao ordenamento de xeito inmediato, o que xustifica a utilización da figura do real decreto lei, ao concorreren os requisitos de extraordinaria e urxente necesidade que o artigo 86 da Constitución española exige para o recurso ao dito instrumento normativo.

En relación co imposto sobre o valor engadido, a Comisión Europea veu mantendo en distintos informes a necesidade de que España eleve os tipos de gravame e amplíe a base do tributo, co fin de buscar o aliñamento do noso país co do resto de socios europeos, onde o tipo medio do imposto se sitúa nunha franxa comprendida entre un 15 e un 25 por cento, fronte ao tipo medio en España, que se sitúa no 12,2 por cento.

Co obxecto de aproximar os tipos de gravame aos aplicados na Unión Europea, procédese á elevación dos tipos impositivos xeral e reducido do imposto sobre o valor engadido, que pasan do 18 e 8 por cento ao 21 e 10 por cento, respectivamente. Como resultado desta modificación, tamén se incorpora un cambio nos tipos do réxime especial de recarga de equivalencia, que pasan do 4 e 1 por cento ao 5,2 e 1,4 por cento, por esa orde, e nas compensacións do réxime especial da agricultura, ganderaría e pesca, que pasan do 10 e 8,5 por cento ao 12 e 10,5 por cento, respectivamente.

A dita suba de tipos vese acompañada por outras medidas adicionais polas cales determinados produtos e servizos pasan a tributar a un tipo impositivo distinto; tal é o suposto de certos produtos e servizos que viñan tributando ao tipo reducido do 8 por cento e pasan a facelo ao tipo xeral, como é o caso das flores e plantas ornamentais, os servizos mixtos de hostalaría, a entrada a teatros, circos e demais espectáculos e os servizos prestados por artistas persoas físicas, os servizos funerarios, os servizos de peiteado, os servizos de televisión dixital e a adquisición de obras de arte.

A aplicación destas medidas demórase ata o 1 de setembro, de modo que os distintos axentes económicos concernidos por elas poidan dispor dun período mínimo para a súa adaptación, e verase acompañada por unha redución das cotizacións sociais en 2013 e en 2014.

Tamén se introducen modificacións na imposición sobre os elaborados do tabaco, que deben contribuír, dada a súa finalidade esencialmente recadatoria, á mellora dos ingresos tributarios, ao tempo que para pór de manifesto o seu papel como instrumento ao servizo da política sanitaria.

Así, en primeiro termo, introdúcese un tipo mínimo para os xarutos e xarutiños, pois detectouse a existencia no mercado de xarutiños de baixo prezo, con características análogas ás doutros elaborados do tabaco. Tendo en conta esta recente evolución do mercado en España, das distorsións que se poden crear nos hábitos de consumo sobre a base da fiscalidade máis reducida que estes produtos soportan, resulta necesaria a implantación deste imposto mínimo, que queda fixado en 32 euros por 1.000 unidades.

Por outra banda, e para o caso dos cigarros, considerouse conveniente o incremento da súa fiscalidade mínima, fixando o tipo único en 119,1 euros por cada 1.000 cigarros. A evolución ascendente dos prezos dos cigarros experimentada con posterioridade á entrada en vigor do citado Real decreto lei 12/2012 e a exigua eficacia do tipo mínimo ata agora vixente aconsellan a elevación do tipo único aplicable aos cigarros que se comercialicen por debaixo dun prezo determinado, para evitar a proliferación de tabaco barato en consonancia cos obxectivos da política sanitaria.

Ademais, no caso dos cigarros, considérase oportuno reducir o tipo impositivo proporcional a eles aplicable de forma equivalente ao incremento no tipo de gravame do

imposto sobre o valor engadido. Esta medida, prevista na Directiva comunitaria harmonizadora da fiscalidade sobre os elaborados do tabaco, garante que as decisións en relación cos tipos impositivos no imposto sobre o valor engadido non xeren distorsións no nivel de tributación global dos cigarros.

Finalmente, e polo que se refire á picadura de lear, procédese a elevar o imposto mínimo deste elaborado, que queda fixado en 80 euros por quilogramo, non só para manter os niveis mínimos aplicados á picadura fina de tabaco para lear en relación cos dos cigarros, senón tamén para coadxuvar ao obxectivo de proporcionar fondos que financien os gastos sanitarios e asegurar os niveis desexables de tributación daqueles elaborados do tabaco cuxos prezos de venda ao público se encontran aínda por debaixo dos limiares aconsellables desde unha perspectiva sanitaria.

No ámbito do imposto sobre a renda das persoas físicas, co obxectivo anteriormente sinalado de consolidación fiscal, suprímese no período impositivo 2012 a compensación fiscal por dedución en adquisición de vivenda habitual aplicable aos contribuíntes que adquiriron a súa vivenda antes do 20 de xaneiro de 2006.

Adicionalmente, elévase a porcentaxe de retención ou ingreso á conta aplicable aos rendementos do traballo derivados de impartir cursos, conferencias, coloquios, seminarios e similares, ou derivados da elaboración de obras literarias, artísticas ou científicas, sempre que se ceda o dereito á súa explotación, e aos rendementos de actividades profesionais, que se satisfagan ou aboan a partir do 1 de setembro de 2012, que queda fixado ata o 31 de decembro de 2013 no 21 por cento.

En relación co imposto sobre sociedades, as medidas que contén este real decreto lei diríxense novamente ás grandes empresas, con capacidade de facer fronte a un novo esforzo recadatorio dirixido á consecución dos obxectivos de déficit público que veñen impostos desde o ámbito comunitario.

En primeiro lugar, introdúcese medidas de carácter excepcional para os períodos impositivos 2012 e 2013, entre as cales destaca o establecemento dun novo límite de aplicación temporal á compensación de bases impositivas negativas xeradas en exercicios anteriores, límite que resulta máis relevante no caso de entidades cuxa cifra de negocios anual supera a cifra de sesenta millóns de euros.

Adicionalmente, en consonancia co aludido Real decreto lei 12/2012, limítase a dedución dos activos intanxibles de vida útil indefinida, aínda que exceptuando da dita restrición os contribuíntes do imposto sobre a renda das persoas físicas, excepción que se fai extensible á limitación na deducibilidade do fondo de comercio que se introduciu no citado real decreto lei.

En relación coas grandes empresas, introdúcese diversas modificacións respecto á modalidade do pagamento fraccionado cuxa determinación se realiza sobre a base impositiva do período impositivo transcorrido. Neste sentido, inclúese na súa base un 25 por cento dos dividendos e rendas que proceden da transmisión de participacións que teñen dereito ao réxime de exención e elévanse as porcentaxes de aplicación sobre a base impositiva. Por último, respecto do importe mínimo deste pagamento fraccionado con base no resultado do exercicio establecido no Real decreto lei 12/2012, increméntase a súa porcentaxe e este pagamento mínimo non se verá minorado polas bonificacións e retencións do período.

En segundo lugar, como medida de carácter indefinido, modifícase a limitación á deducibilidade de gastos financeiros, que se fai extensiva a todas as empresas en xeral, sen circunscribirse á súa pertenza a un grupo mercantil. Así mesmo, exceptúase a aplicación da limitación sinalada, para aqueles supostos en que se produce a extinción dunha entidade, sen posibilidade de subrogación noutra entidade para os efectos da aplicación futura dos gastos financeiros non deducidos.

Por último, con carácter exclusivo ata o 30 de novembro de 2012, establécese un gravame especial sobre rendas de fonte estranxeira de xeito similar ao previsto no reiterado Real decreto lei 12/2012, ben que este novo gravame afecta un maior volume de dividendos ou a transmisión dun maior volume de participacións que o alí regulado, con menores requisitos, e exíxese, en consonancia, un tipo de gravame superior.

VI

O Goberno considerou urxente adoptar tamén outras medidas que reforcen os elementos de competencia no sector da distribución retalista, que incrementen a competitividade do sector exterior español e que faciliten o acceso ao financiamento das empresas españolas.

Este real decreto lei recolle, no seu título V, un conxunto de medidas urxentes de carácter liberalizador no ámbito da distribución comercial e de fomento da actividade no sector exterior.

En relación co ámbito da distribución comercial, modifícase o réxime vixente introducindo unha maior liberalización de horarios e de apertura comercial en domingos e festivos. A redución de restricións neste ámbito foi unha recomendación reiterada de organismos internacionais como o Fondo Monetario Internacional e a Organización para a Cooperación e o Desenvolvemento Económicos. A ampliación da liberdade de horarios terá efectos positivos sobre a produtividade e a eficiencia na distribución comercial retalista e os prezos e proporcionaralles ás empresas unha nova variable que permitirá incrementar a competencia efectiva entre os comercios. Así mesmo, increméntanse as posibilidades de compra do consumidor e, en consecuencia, as súas oportunidades de conciliación da vida familiar e laboral.

Ademais, introdúcese medidas urxentes en relación coas promocións de vendas, mediante unha modificación do título II da Lei 7/1996, do 15 de xaneiro, de ordenación do comercio retalista. As medidas propostas son de carácter xeral, para todo tipo de actividades de promoción de vendas, é dicir, rebaixas, saldos, liquidacións ou calquera outra oferta promocional destinada ao incremento das vendas. Con iso preténdese liberalizar o exercicio da actividade comercial, dando a posibilidade de realizar a un mesmo tempo e nun mesmo establecemento comercial calquera tipo de actividade de promoción de vendas, de tal forma que as rebaixas poidan convivir cos saldos ou outras ofertas comerciais.

En relación co fomento da exportación e da internacionalización da empresa española, introdúcese unha serie de medidas relativas ao sector exterior. Así, tendo en conta que nos últimos anos a contribución da demanda externa ao crecemento foi positiva grazas ao favorable incremento das exportacións, e co obxecto de potenciar este efecto, resulta indispensable reorientar os instrumentos de apoio ao financiamento de operacións desta natureza e reforzar as ferramentas de que dispón a Administración xeral de Estado para estimular estas actividades baixo un enfoque de eficacia e eficiencia nun contexto de austeridade e consolidación fiscal. En primeiro lugar, este título contén un cambio na Lei 10/1970, do 4 de xullo, pola que se modifica o réxime do seguro de crédito á exportación, en virtude da cal se posibilita a redución da participación do Estado pero asegurando que a Administración xeral do Estado mantén o control da actividade por conta do Estado.

Por outra banda, o papel das axencias de crédito á exportación foi obxecto dun recente e rápido proceso de transformación e desenvolvemento, ampliando as súas funcións tradicionais e mellorando os instrumentos de apoio oficial nas áreas de comercio exterior, dos investimentos exteriores e das transaccións económicas no exterior. Neste sentido, o Real decreto lei 6/2010, do 9 de abril, de medidas para o impulso da recuperación económica e o emprego, xa ampliou os instrumentos de apoio oficial ao crédito á exportación completando o catálogo de operacións susceptibles de ser realizadas pola Compañía Española de Seguros de Crédito a la Exportación, S.A. Compañía de Seguros y Reaseguros (CESCE). Porén, a evolución recente dos mercados financeiros puxo de manifesto a importancia de continuar adaptando estes instrumentos ás condicións económicas e ás exigencias da regulación bancaria, co fin de ser instrumento eficaz de impulso ao financiamento de operacións de internacionalización e de fomento da competitividade internacional das empresas. Con este fin, este real decreto lei modifica a Lei 10/1970, do 4 de xullo, e faculta a CESCE para emitir garantías incondicionais sobre riscos derivados ou vinculados ao comercio exterior, incluíndo aqueles de carácter exclusivamente financeiro, ampliando tamén o alcance posible da cobertura nas operacións realizadas pola entidade por conta do Estado.

Así mesmo, refórzase o apoio ás operacións de financiamento da internacionalización das empresas, dotando de maior liquidez o financiamento concedido para a exportación. Para tal efecto, este real decreto lei modifica a Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, e a Lei 44/2002, de medidas de reforma do sistema financeiro, co obxecto de incorporar ao ordenamento xurídico un novo instrumento financeiro, a «cédula de internacionalización», que terá como activo subxacente créditos de apoio á internacionalización da empresa española, facendo máis atractivo ás entidades financeiras o financiamento da actividade exportadora e investidora das empresas españolas.

Doutra banda, a integración da economía española na cadea de valor global exige pasar da promoción da internacionalización da empresa española á promoción da internacionalización da economía española. Isto é, ademais de fomentar exportacións e investimento no exterior de empresas domésticas, é preciso apoiar o investimento estranxeiro no noso país. A internacionalización da economía española no sentido máis amplo redundará na creación de emprego e riqueza para o noso país. Por iso, considérase oportuno modificar os fins actuais que ten o Instituto Español de Comercio Exterior (Icex), para incorporar a atracción e promoción de investimentos exteriores en España. Con este motivo modifícase tamén a denominación do dito organismo, que pasará a chamarse entidade pública empresarial Icex España Exportación e Inversións (Icex), e queda adscrita ao Ministerio de Economía e Competitividade, a través da Secretaría de Estado de Comercio.

VII

No título VI do real decreto lei contéñense determinadas medidas en materia de infraestruturas, transporte e vivenda que responden a iniciativas adoptadas polo Goberno e que é necesario pór en practica con celeridade

No ámbito aeroportuario, por un lado, modifícase:

– A actualización das prestacións públicas patrimoniais percibidas por Aena Aeropuertos, S.A., co obxecto de cambiar a fórmula de actualización, suprimindo os ingresos procedentes da explotación comercial das terminais. Con tal finalidade modifícase o artigo 92 da Lei 21/2003, do 7 de xullo, de seguridade aérea.

– En segundo lugar abórdase a regulación dos comités de coordinación aeroportuaria. Esta modificación responde á intención de facilitar a participación das comunidades autónomas na xestión aeroportuaria. Para iso dáse unha nova redacción ao artigo 13 do Real decreto lei 13/2011, co obxecto de dar unha nova regulación aos comités de coordinación aeroportuaria.

Derrógase expresamente o artigo 8 do Real decreto lei 6/1999, do 16 de abril, de medidas urxentes de liberalización e incremento da competencia, que establecía unha compensación que a Administración xeral do Estado liquidaría ás sociedades concesionarias de autoestradas de peaxe pola perda de ingresos que lles supoña a baixada de tarifas do 7% do seu importe. Esta compensación, prevista hai máis dunha década, encontrou a súa xustificación en circunstancias impositivas que hoxe variaron, polo que non se xustifica a súa permanencia.

Os plans estatais de vivenda recollen, entre outras axudas, a subsidiación de préstamos. Trátase dunha axuda financeira estatal destinada a facilitar ao prestameiro o pagamento da amortización do capital do préstamo así como os seus xuros, que consiste nunha contía fixa que o Ministerio de Fomento aboa á entidade financeira unha vez que esta lle factura ao prestameiro. Nos últimos 5 anos o Estado aboou por este concepto un total de máis de 1.298 millóns de euros.

Na actualidade a conxuntura económica de insuficiencia orzamentaria e a evolución dos prezos da vivenda levan á supresión desta axuda. Do mesmo modo queda suprimida para aquelas solicitudes que se encontren en tramitación e non fosen aínda recoñecidas polas comunidades autónomas.

Así mesmo, os plans estatais de vivenda regulan axudas aos promotores de vivendas protexidas, aos demandantes de vivendas en alugamento e aos particulares que rehabiliten as súas vivendas.

Debido aos motivos anteriormente expostos de situación económica, faise necesario reducir o importe da axuda aboada polo concepto de renda básica de emancipación da mocidade nun 30%, polo que a contía mensual da axuda será de 147 €. Así mesmo, estíbase que o dereito á percepción da axuda mensual non poderá ser obxecto de reactivación no caso de precisar nova resolución por se considerar esta extemporánea.

Por outra banda, esta axuda á emancipación e que facilita o pagamento do alugueiro, non será compatible con outras axudas ou subvencións establecidas na normativa autonómica.

VIII

O déficit tarifario provocado polos desaxustes entre os custos do sistema eléctrico e os ingresos obtidos a partir dos prezos regulados fixados pola Administración xeral do Estado é un problema estrutural cuxa solución é urxente pola ameaza que supón para a sustentabilidade económica do sistema.

Desde o ano 2009 aprobáronse diversas medidas dirixidas a corrixir os ditos desaxustes. Deste modo, o Real decreto lei 6/2009, do 30 de abril, polo que se adoptan determinadas medidas no sector enerxético e se aproba o bono social, estableceu unha senda decrecente de límites para acoutar o incremento anual do déficit da tarifa eléctrica ata a súa supresión en 2013, determinando que a partir do 1 de xaneiro de 2013 as peaxes de acceso serían suficientes para satisfacer a totalidade dos custos das actividades reguladas. Así mesmo, este real decreto lei creou o mecanismo de financiamento do déficit acumulado, mediante a cesión dos dereitos de cobramento ao denominado Fondo de Titulización do Déficit do Sistema Eléctrico e a súa colocación a terceiros a través dun mecanismo competitivo.

Posteriormente, o Real decreto lei 6/2010, do 9 de abril, de medidas para o impulso da recuperación económica e o emprego, finalizou a posta en marcha do proceso de titulización do déficit do sector eléctrico, dando unha solución financeira ás cantidades adiantadas polas empresas para financiar os desaxustes nas liquidacións das actividades reguladas do sistema eléctrico.

A continuación, nese mesmo ano, ante a insuficiencia dos límites anuais máximos de déficit *ex ante* establecidos e os efectos que para as economías domésticas e das empresas tería a súa cobertura cun incremento substancial das peaxes de acceso, aprobouse o Real decreto lei 14/2010, do 23 de decembro, polo que se establecen medidas urxentes para a corrección do déficit tarifario do sector eléctrico, que elevou os límites máximos de déficit para os anos 2010, 2011 e 2012, mantendo o obxectivo de eliminación da aparición de novo déficit no sistema eléctrico a partir do 2013. Así mesmo, este real decreto lei procedeu, ademais, á adopción doutras medidas de redución de determinadas partidas de custos.

As disposicións adoptadas ata esa data reveláronse insuficientes para cumprir o obxectivo de supresión do déficit tarifario a partir de 2013, polo que, desde principios deste ano 2012, o Goberno intensificou a adopción de medidas para devolver ao sistema a suficiencia de ingresos.

Así, por un lado, promulgouse o Real decreto lei 1/2012, do 27 de xaneiro, polo que se procede á suspensión dos procedementos de preasignación de retribución e á supresión dos incentivos económicos para novas instalacións de produción de enerxía eléctrica a partir de coxeración, fontes de enerxía renovables e residuos, que suprimiu os incentivos para a construción das instalacións de tecnoloxías de réxime especial, con carácter temporal, ata a solución do problema do déficit de ingresos do sistema eléctrico.

Posteriormente, o Real decreto lei 13/2012, do 30 de marzo, polo que se traspoñen directivas en materia de mercados interiores de electricidade e gas e en materia de comunicacións electrónicas, e polo que se adoptan medidas para a corrección das desviacións por desaxustes entre os custos e ingresos dos sectores eléctrico e gasista,

introduciu unha batería de medidas co obxectivo de contribuír a alcanzar a suficiencia dos ingresos para cubrir os custos do sistema eléctrico. Estas medidas complementáronse coa revisión de peaxes de acceso ás redes de transporte e distribución de aplicación ás subministracións a partir do 1 de abril de 2012, que se levou a cabo mediante a Orde IET/843/2012, do 25 de abril, pola que se establecen as peaxes de acceso a partir do 1 de abril de 2012 e determinadas tarifas e primas das instalacións de réxime especial.

Non obstante, débese ter en conta a recente aprobación da Lei 2/2012, do 29 de xuño, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2012, que, condicionada polas restricións orzamentarias, deixa en suspenso a aplicación do mecanismo de compensación con cargo aos orzamentos xerais do Estado establecido na disposición adicional primeira do Real decreto lei 6/2009, do 30 de abril, conforme o cal se determinan as compensacións polos extracostos de xeración dos sistemas eléctricos insulares e extrapeninsulares. Isto supón, polo tanto, a incorporación como novo custo do sistema eléctrico da partida correspondente ao 17 por cento do sobrecosto de xeración dos sistemas eléctricos insulares e extrapeninsulares no ano 2011.

Esta circunstancia, unida á necesidade do cumprimento do principio de suficiencia dos ingresos obtidos para cubrir os custos do sistema eléctrico a partir do 1 de xaneiro de 2013, na cal inciden os recentes pronunciamentos xudiciais, fai necesario a adopción con carácter urxente de medidas adicionais que equilibren o sistema eléctrico e de tal forma que o obrigado axuste sexa compartido neste duro contexto económico actual por todos os axentes do sistema.

En relación cos custos de xeración en réxime ordinario dos sistemas eléctricos insulares e extrapeninsulares, este real decreto lei establece que as revisións normativas do modelo retributivo das centrais de produción nestes sistemas que desenvolvan o disposto no Real decreto lei 13/2012, do 30 de marzo, serán de aplicación desde o 1 de xaneiro de 2012. Para estes efectos, adiántanse algunhas destas modificacións do modelo retributivo incorporando as propostas recollidas no Informe da Comisión Nacional de Enerxía sobre o sector enerxético español do 7 de marzo de 2012, relativas á eliminación da retribución dos gastos de natureza recorrente e á revisión da taxa financeira de retribución.

Por outra banda, no artigo 17.4 da Lei 54/1997, do 27 de novembro, establécese na actualidade que se as actividades eléctricas fosen gravadas con tributos de carácter autonómico ou local, cuxa cota se obtiver mediante regras non uniformes para o conxunto do territorio nacional, á peaxe de acceso poderáselle incluír un suplemento territorial, que podería ser diferente en cada comunidade autónoma ou entidade local. Actualmente a proliferación de distintos tributos sobre as actividades de subministración eléctrica está a provocar que as empresas do sector incorran en distintos custos en función do territorio en que se implanten as instalacións, coas conseguíntes distorsións para a unidade de mercado.

O feito de gravar as diferentes actividades eléctricas a nivel autonómico podería implicar que o custo adicional que supoñen estes tributos para os suxeitos que realizan as ditas actividades se traslade a todos os consumidores, ben nos custos das actividades reguladas recoñecidos nas peaxes de acceso, ou ben a través do prezo do mercado libre. Desta forma, unha decisión deste tipo adoptada no ámbito autonómico afectaría o conxunto de consumidores no ámbito nacional, en termos que non resultarían xustificadas. Co fin de evitar esta situación, determínase para as comunidades autónomas que graven, directa ou indirectamente, as actividades ou instalacións destinadas á subministración eléctrica, con tributos propios ou recargas sobre os tributos estatais, a obrigatoriedade de impor o suplemento territorial nas peaxes de acceso e tarifas de último recurso, que deberá ser aboado polos consumidores situados no ámbito territorial da respectiva comunidade autónoma. Para iso, modifícanse o número 4 do artigo 17 e o número 5 do artigo 18 da Lei 54/1997, do 27 de novembro.

O Real decreto lei 13/2012, do 30 de marzo, procedeu a minorar a retribución da actividade de distribución de enerxía eléctrica a partir do 1 de xaneiro de 2012, como consecuencia de que parte dos activos están xa amortizados ou parcialmente

amortizados. Neste real decreto lei, seguindo as recomendacións do Informe da Comisión Nacional de Enerxía do 7 de marzo de 2012, considérase oportuno adoptar o mesmo criterio para a actividade de transporte, e establécese que a retribución en concepto de investimento se fará para aqueles activos en servizo non amortizados, tomando como base para a súa retribución financeira o seu valor neto. En aplicación deste novo criterio, modifícase a retribución correspondente ao ano 2012 para a actividade de transporte que percibirán as empresas que figuran no Real decreto lei 13/2012, do 30 de marzo.

Adicionalmente, para evitar que os consumidores se vexan sometidos, antes de que as medidas adoptadas poidan despreñar a súa plena eficacia, a novas revisións das peaxes de acceso que logo poidan revelarse innecesarias, elimínase a concreta previsión de revisión trimestral de peaxes de acceso mediante a derogación do artigo 2.2 do Real decreto 1202/2010, do 24 de setembro, polo que se establecen os prazos de revisión das peaxes de acceso ás redes de transporte e distribución de enerxía eléctrica.

Así mesmo, dáse execución ás sentenzas do 16, 17 e 18 de marzo de 2011, da Sala Terceira do Tribunal Supremo, ditadas nos recursos contencioso-administrativos números 73/2009, 74/2009, e 77/2009, interpostos contra a disposición adicional oitava, número 1, parágrafo 3º, do Real decreto 485/2009, do 3 de abril, polo que se regula a posta en marcha da subministración de último recurso no sector da enerxía eléctrica, relativo ao tipo de xuro que se aplicará aos importes pendentes do déficit de ingresos nas liquidacións das actividades reguladas do sector eléctrico xerado en 2006.

Na execución das ditas sentenzas pártese do suposto de que non se deben afectar as cesións xa realizadas nin o proceso de titulación do déficit do sector eléctrico a través do mecanismo establecido na disposición adicional vixésimo primeira da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, e desenvolvido no Real decreto 437/2010, do 9 de abril, polo que se desenvolve a regulación do proceso de titulación do déficit do sistema eléctrico.

Deste xeito, establécese na presente norma o euríbor a 3 meses do mes de novembro do ano anterior como tipo de xuro definitivo para os efectos de cálculo do prezo de cesión ao Fondo, e prevese que a diferenza que resulte entre o prezo de cesión ao Fondo e que resultase co tipo de xuro que se recoñece neste real decreto lei, en execución da sentenza do Tribunal Supremo, teña a consideración de custo liquidable do sistema.

Para fixar o tipo de xuro de mercado na presente norma tomouse a referencia do tipo de xuro que se aplica ao déficit *ex ante* correspondente ao desaxuste de ingresos das actividades reguladas recoñecido en 2007, no cal se inclúe un diferencial resultante da poxa realizada o 12 de xuño de 2008. Este tipo correspóndese coa media das cotizacións diarias do euríbor a tres meses de novembro do ano anterior, máis o diferencial que resultou da poxa, 65 puntos básicos.

Por outra banda, habíltase na presente norma o ministro de Industria, Enerxía e Turismo para aplicar criterios de progresividade ás peaxes de acceso que debe aprobar de acordo co disposto no artigo 17 da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico. Na determinación destes criterios terase en conta o consumo medio dos puntos de subministración, sen que se vexan afectados os consumidores vulnerables. Esta medida pretende dar un sinal de prezo enerxético aos consumidores, co fin de que se traduza nunha mellora no aforro enerxético e na eficiencia no consumo, e está en liña coas iniciativas que actualmente desenvolve nesta materia a Comisión Europea, que se concretan nunha proposta de directiva relativa á eficiencia enerxética que se encontra en fase final de tramitación.

Por último, efectúanse unha serie de cambios na regulación do Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE), que foi creado como entidade de dereito público en 1985 e, posteriormente, de acordo co artigo 72 da Lei 50/1998, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, o IDAE adoptou a configuración de entidade pública empresarial das previstas no artigo 43.1.b) da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado.

O actual contexto económico exige unha resposta adecuada e coordinada aos continuos cambios que se producen nos escenarios económicos nacional, europeo e mundial, os cales teñen unha influencia indubidable e directa no sector enerxético. As accións inmediatas que se exigen nestas circunstancias non poden, en moitas ocasións, ser adoptadas de xeito efectivo e rápido a través dunha estrutura departamental, moitas veces pouco flexible. Requírese, polo tanto, un modelo de xestión máis áxil e que se adapte a este novo ámbito económico e enerxético, en coordinación coa actuación do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo.

Por iso, faise preciso dotar o IDAE da condición de medio propio instrumental e servizo técnico da Administración, para os efectos previstos no artigo 24.6 do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, para a realización de cantos traballos lle encomende a Administración xeral do Estado. Ademais, para lograr unha racionalización do sector público clarifícanse os seus fins e as súas funcións, de forma que o IDAE se configure como un organismo de promoción da conservación, diversificación, aforro e eficiencia enerxética, nun momento marcado polos compromisos europeos nesta materia.

IX

As disposicións adicionais conteñen réximes xurídicos especiais, relacionados coas materias obxecto de regulación, así como situacións excepcionais que se apartan da normativa común, como a concesión de beneficios fiscais á candidatura olímpica de Madrid. Igualmente, en materia enerxética acomete o real decreto lei nas súas disposicións adicionais a reforma do Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE).

O contido do real decreto lei complétase con quince disposicións transitorias, que facilitan a aplicación temporal do réxime xurídico previsto pola nova regulación contida no presente real decreto lei; unha disposición derogatoria única onde se inclúen as disposicións legais e regulamentarias derogadas; e quince disposicións derradeiras, que ademais de complementaren o contido do articulado previo, modifican o réxime retributivo dos convenios educativos para niveis de ensino non obrigatorios e o período máximo a partir do cal se aplica a garantía pública dos salarios de tramitación, en liña coas finalidades expostas anteriormente.

Nas medidas que se adoptan no presente real decreto lei concorren as circunstancias de extraordinaria e urxente necesidade que exige o artigo 86 da Constitución española como premisa para recorrer a esta figura do real decreto lei. Como se expuxo, a actual conxuntura económica e a inescusable necesidade de reducir o déficit público para alcanzar a estabilidade orzamentaria fan necesario que as medidas expostas se aproben coa máxima urxencia, con pleno respecto ao marco constitucional e ao establecido pola Unión Europea.

Na súa virtude, facendo uso da autorización contida no artigo 86 da Constitución española, por proposta do vicepresidente do Goberno e ministra da Presidencia e dos ministros de Xustiza; de Defensa, de Facenda e Administracións Públicas; de Fomento, de Educación, Cultura e Deporte; de Emprego e Seguridade Social; de Industria, Enerxía e Turismo; de Economía e Competitividade; e de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 13 de xullo de 2012,

DISPOÑO:

TÍTULO I

Medidas de reordenación e racionalización das administracións públicas

Artigo 1. Réxime de incompatibilidades de pensións indemnizatorias, prestacións compensatorias e percepcións similares.

1. As pensións indemnizatorias, prestacións compensatorias e calquera outra percepción económica prevista con ocasión do cesamento en calquera cargo, posto ou actividade no sector público son incompatibles con calquera retribución con cargo aos orzamentos das administracións públicas, dos entes, organismos e empresas deles dependentes, ou con cargo aos dos órganos constitucionais ou que resulte da aplicación de arancel, así como con calquera retribución que proveña dunha actividade privada, con excepción das previstas no artigo 10 da Lei 5/2006, do 10 de abril, de regulación dos conflitos de intereses dos membros do Goberno e dos altos cargos da Administración xeral do Estado.

Para estes efectos considérase tamén actividade no sector público a desenvolvida polos membros electivos das Cortes Xerais, das asembleas legislativas das comunidades autónomas e das corporacións locais, polos altos cargos e o restante persoal dos órganos constitucionais e de todas as administracións públicas, incluída a Administración de xustiza.

2. As pensións indemnizatorias, prestacións compensatorias e calquera outra percepción económica ao cesamento serán, así mesmo, incompatibles coa percepción da pensión de xubilación ou retiro por dereitos pasivos, ou por calquera réxime de seguridade social público e obrigatorio.

3. Aqueles que cesen nos postos que teñan previstas as pensións indemnizatorias, prestacións compensatorias e calquera outra percepción económica a que se refiren os números 1 e 2, terán un prazo de quince días hábiles, contado desde que conorra a incompatibilidade para comunicaren ante a Oficina de Conflitos de Intereses do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, no caso do sector público estatal, ou ao órgano competente da Administración autonómica ou local, a súa opción entre a súa percepción ou a retribución da actividade pública ou privada que estean a desempeñar ou, de ser o caso, percepción da pensión de xubilación ou retiro. A opción pola retribución pública ou privada ou pola pensión de xubilación ou retiro, que se formalizará por escrito para a súa adecuada constancia, implica a renuncia ás pensións indemnizatorias, prestacións compensatorias e calquera outra percepción económica prevista con ocasión do cesamento.

4. A presente disposición ten carácter básico de acordo co disposto no artigo 149.1.13ª e 156.1 da Constitución española.»

Artigo 2. Paga extraordinaria do mes de decembro de 2012 do persoal do sector público.

1. No ano 2012 o persoal do sector público definido no artigo 22.Un da Lei 2/2012, do 29 de xuño, de orzamentos xerais do Estado, verá reducida as súas retribucións nas contías que corresponda percibir no mes de decembro como consecuencia da supresión tanto da paga extraordinaria como da paga adicional de complemento específico ou pagas adicionais equivalentes do dito mes.

2. Para facer efectivo o disposto no número anterior, adoptaranse as seguintes medidas:

2.1 O persoal funcionario non percibirá no mes de decembro as cantidades a que se refire o artigo 22.Cinco.2 da Lei 2/2012, do 29 de xuño, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2012 en concepto de soldo e trienios.

Tampouco se percibirán as contías correspondentes ao resto dos conceptos retributivos que integran tanto a paga extraordinaria como a paga adicional de

complemento específico ou pagas adicionais equivalentes do mes de decembro; neste caso poderá acordar cada Administración competente que a dita redución se execute de forma rateada entre as nóminas pendentes de percibir no presente exercicio a partir da entrada en vigor deste real decreto lei.

2.2 O persoal laboral non percibirá as cantidades en concepto de gratificación extraordinaria con ocasión das festas de Nadal ou paga extraordinaria ou equivalente do mes de decembro do ano 2012. Esta redución comprenderá a de todos os conceptos retributivos que forman parte da dita paga de acordo cos convenios colectivos que resulten de aplicación.

A aplicación directa desta medida realizarase na nómina do mes de decembro de 2012, sen prexuízo de que se poida alterar a distribución definitiva da redución nos ámbitos correspondentes mediante a negociación colectiva; neste caso poderase acordar que a dita redución se execute de forma rateada entre as nóminas pendentes de percibir no presente exercicio a partir da entrada en vigor deste real decreto lei.

A redución retributiva establecida no número 1 deste artigo será tamén de aplicación ao persoal laboral de alta dirección, ao persoal con contrato mercantil e ao non acollido a convenio colectivo que non teña a consideración de alto cargo.

3. A redución retributiva contida nos números anteriores será de aplicación, así mesmo, ao persoal das fundacións do sector público e dos consorcios participados maioritariamente polas administracións que integran o sector público, así como ao do Banco de España e persoal directivo e resto de persoal das mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social e das súas entidades e centros mancomunados.

4. As cantidades derivadas da supresión da paga extraordinaria e das pagas adicionais de complemento específico ou pagas adicionais equivalentes de acordo co disposto neste artigo destinaranse en exercicios futuros a realizar achegas a plans de pensións ou contratos de seguro colectivo que inclúan a cobertura da continxencia de xubilación, con suxeición ao establecido na Lei orgánica 2/2012, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, e nos termos e co alcance que se determine nas correspondentes leis de orzamentos.

5. Naqueles casos en que non se estableza expresamente no seu réxime retributivo a percepción de pagas extraordinarias ou se perciban máis de dúas ao ano, reducirase unha catorceava parte das retribucións totais anuais, excluídos incentivos ao rendemento. A dita redución ratearase entre as nóminas pendentes de percibir no presente exercicio a partir da entrada en vigor deste real decreto lei.

6. O disposto nos números anteriores non será de aplicación a aqueles empregados públicos cuxas retribucións por xornada completa, excluídos incentivos ao rendemento, non alcancen en cómputo anual 1,5 veces o salario mínimo interprofesional establecido no Real decreto 1888/2011, do 30 de decembro.

7. O presente artigo ten carácter básico e dítase ao abeiro do disposto nos artigos 149.1.13.^a e 156.1 da Constitución.

Artigo 3. Paga extraordinaria e adicional ou equivalente do mes de decembro de 2012 do persoal do sector público estatal.

1. De acordo co disposto no artigo 2 deste real decreto lei, o persoal funcionario, estatutario e os membros das carreiras xudicial e fiscal incluído nos artigos 26, 28, 29, 30, 31 números Un e Dous, 32 e 35 da Lei 2/2012, do 29 de xuño, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2012, non percibirá no mes de decembro de 2012 ningunha contía nin en concepto de paga extraordinaria nin, se é o caso, en concepto de paga adicional de complemento específico ou equivalente.

2. Ao persoal laboral do sector público estatal incluído no artigo 27 da Lei 2/2012 seralle de aplicación o disposto no artigo 2, número 2.2, deste real decreto lei.

3. Para o persoal incluído no artigo 31, número tres da Lei 2/2012, a aplicación do previsto no artigo 2 deste real decreto lei levarase a cabo, de acordo co previsto na Lei

orgánica do poder xudicial, respecto dos conceptos de soldo e trienios, minorando unha catorceava parte da contía anual polos ditos conceptos e rateando a dita minoración entre as mensualidades ordinarias e extraordinarias pendentes de percibir no presente exercicio a partir da entrada en vigor deste real decreto lei.

Tampouco percibirán, no mes de decembro, as contías contidas no anexo XI da Lei 39/2010, do 22 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2011, nin as correspondentes ao citado mes de decembro do punto segundo do Acordo de Consello de Ministros do 8 de maio de 2009, publicado pola Orde 1230/2009, do 18 de maio, do Ministerio da Presidencia.

Ao persoal incluído no artigo 31, número catro, seranlle de aplicación as reducións previstas neste artigo de acordo coa normativa que lle resulte de aplicación.

4. Aos membros do Poder Xudicial e do Ministerio Fiscal a que se refire o número cinco do artigo 31 da Lei 2/2012, en aplicación do disposto no artigo 2 deste real decreto lei, reduciráselles unha catorceava parte das retribucións totais anuais que figuran no citado artigo, incluída a paga correspondente ao mes de decembro recollida no anexo X da Lei 39/2010, do 22 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 2011.

5. A citada minoración ratearase entre as nóminas pendentes de percibir no presente exercicio a partir da entrada en vigor deste real decreto lei.

6. O disposto nos números anteriores non será de aplicación a aqueles empregados públicos cuxas retribucións por xornada completa, excluídos incentivos ao rendemento, non alcancen en cómputo anual 1,5 veces o salario mínimo interprofesional establecido no Real decreto 1888/2011, do 30 de decembro.

Artigo 4. Paga extraordinaria do mes de decembro de 2012 dos altos cargos.

1. Aos altos cargos do Goberno da Nación, dos seus órganos consultivos, dos membros do Consello Xeral do Poder Xudicial, do Tribunal Constitucional e do Tribunal de Contas, cuxas retribucións non prevén expresamente, entre os seus conceptos retributivos, o de paga extraordinaria ou equivalente, reduciráselles unha catorceava parte das retribucións totais anuais que figuran nos artigos 24.Un e 25 da Lei 2/2012, do 29 de abril, de orzamentos xerais do Estado para 2012. A citada minoración ratearase entre as nóminas pendentes de percibir no presente exercicio a partir da entrada en vigor deste real decreto lei.

2. A redución prevista no artigo 2 deste real decreto lei será de aplicación aos secretarios de Estado, subsecretarios, directores xerais e asimilados, así como aos conselleiros permanentes e ao secretario xeral do Consello de Estado nos mesmos termos que ao persoal funcionario ao servizo da Administración xeral do Estado.

Ao persoal incluído no artigo 24.Tres da Lei 2/2012, de orzamentos xerais do Estado para 2012, aplicaráselle igualmente o previsto no artigo 2 deste real decreto lei, e procederase á supresión da paga extraordinaria do mes de decembro ou, de non existir a dita paga extraordinaria, á minoración dunha catorceava parte das súas retribucións anuais totais, e ratearase a citada minoración entre as nóminas pendentes de percibir no presente exercicio a partir da entrada en vigor deste real decreto lei.

3. O disposto neste artigo será tamén de aplicación ao Valedor do Pobo.

Artigo 5. Cotización ao réxime xeral da Seguridade Social.

Para os efectos do cálculo da base de cotización por todas as contingencias dos empregados públicos encadrados no réxime xeral da Seguridade Social cuxas retribucións sexan obxecto do axuste previsto neste real decreto lei, mentres permaneza a súa relación laboral ou de servizo, seguirá sendo de aplicación o disposto no artigo 120. Dezaseis da Lei 2/2012, do 29 de xuño, de orzamentos xerais do Estado para 2012.

Artigo 6. *Aplicación do artigo 31 do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, ao persoal laboral do sector público.*

Durante o ano 2012 suprímese para o persoal laboral do sector público a percepción da gratificación extraordinaria con ocasión das festas de Nadal contida no artigo 31 do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, e sen prexuízo do disposto no artigo 2, número 2.2, deste mesmo real decreto lei.

Artigo 7. *Modificación do artigo 32 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público.*

Engádesse un parágrafo segundo ao artigo 32 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público, coa seguinte redacción:

«Artigo 32. *Negociación colectiva, representación e participación do persoal laboral.*

(....)

2. Garántese o cumprimento dos convenios colectivos e acordos que afecten o persoal laboral, salvo cando excepcionalmente e por causa grave de interese público derivada dunha alteración substancial das circunstancias económicas, os órganos de goberno das administracións públicas suspendan ou modifiquen o cumprimento de convenios colectivos ou acordos xa asinados na medida estritamente necesaria para salvagardar o interese público.

Neste suposto, as administracións públicas deberán informar as organizacións sindicais das causas da suspensión ou modificación.»

Artigo 8. *Modificación dos artigos 48 e 50 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público e medidas sobre días adicionais.*

Un. Modifícase o artigo 48 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público, nos seguintes termos:

«Artigo 48. *Permisos dos funcionarios públicos.*

Os funcionarios públicos terán os seguintes permisos:

a) Por falecemento, accidente ou enfermidade grave dun familiar dentro do primeiro grao de consanguinidade ou afinidade, tres días hábiles cando o suceso se produza na mesma localidade, e cinco días hábiles cando sexa en distinta localidade.

Cando se trate do falecemento, accidente ou enfermidade grave dun familiar dentro do segundo grao de consanguinidade ou afinidade, o permiso será de dous días hábiles cando se produza na mesma localidade e de catro días hábiles cando sexa en distinta localidade.

b) Por traslado de domicilio sen cambio de residencia, un día.

c) Para realizar funcións sindicais ou de representación do persoal, nos termos que se determine.

d) Para concorrer a exames finais e demais probas definitivas de aptitude, durante os días da súa realización.

e) Para a realización de exames prenatais e técnicas de preparación ao parto polas funcionarias embarazadas.

f) Por lactación dun fillo menor de doce meses terá dereito a unha hora de ausencia do traballo, que poderá dividir en dúas fraccións. Este dereito poderase substituír por unha redución da xornada normal en media hora ao inicio e ao final da xornada ou nunha hora ao inicio ou ao final da xornada, coa mesma finalidade.

Este dereito poderá ser exercido indistintamente por un ou outro dos proxenitores, no caso de que ambos os dous traballen.

Igualmente, a funcionaria poderá solicitar a substitución do tempo de lactación por un permiso retribuído que acumule en xornadas completas o tempo correspondente.

Este permiso incrementárase proporcionalmente nos casos de parto múltiple.

g) Por nacemento de fillos prematuros ou que por calquera outra causa deban permanecer hospitalizados a continuación do parto, a funcionaria ou o funcionario terá dereito a ausentarse do traballo durante un máximo de dúas horas diarias percibindo as retribucións íntegras.

Así mesmo, terán dereito a reducir a súa xornada de traballo ata un máximo de dúas horas, coa diminución proporcional das súas retribucións.

h) Por razóns de garda legal, cando o funcionario teña o coidado directo dalgún menor de doce anos, de persoa maior que requira especial dedicación, ou dunha persoa con discapacidade que non desempeñe actividade retribuída, terá dereito á redución da súa xornada de traballo, coa diminución das súas retribucións que corresponda.

Terá o mesmo dereito o funcionario que precise encargarse do coidado directo dun familiar, ata o segundo grao de consanguinidade ou afinidade, que por razóns de idade, accidente ou enfermidade non poida valerse por si mesmo e que non desempeñe actividade retribuída.

i) Por ser preciso atender o coidado dun familiar de primeiro grao, o funcionario terá dereito a solicitar unha redución de ata o cincuenta por cento da xornada laboral, con carácter retribuído, por razóns de enfermidade moi grave e polo prazo máximo dun mes.

Se houber máis dun titular deste dereito polo mesmo feito causante, o tempo de desfrute desta redución poderase ratear entre eles, respectando, en todo caso, o prazo máximo dun mes.

j) Polo tempo indispensable para o cumprimento dun deber inescusable de carácter público ou persoal e por deberes relacionados coa conciliación da vida familiar e laboral.

k) Por asuntos particulares, tres días.

l) Por matrimonio, quince días.»

Dous. Modifícase o artigo 50 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público, que queda redactado do seguinte xeito:

«Artigo 50. *Vacacións dos funcionarios públicos.*

Os funcionarios públicos terán dereito a desfrutar, durante cada ano natural, dunhas vacacións retribuídas de vinte e dous días hábiles, ou dos días que correspondan proporcionalmente se o tempo de servizo durante o ano foi menor.

Para os efectos do previsto neste artigo, non se considerarán como días hábiles os sábados, sen prexuízo das adaptacións que se establezan para os horarios especiais.»

Tres. Desde a entrada en vigor deste real decreto lei quedan suspendidos e sen efecto os acordos, pactos e convenios para o persoal funcionario e laboral, subscritos polas administracións públicas e os seus organismos e entidades, vinculados ou dependentes delas, que non se axusten ao previsto neste artigo, en particular, no relativo ao permiso por asuntos particulares, vacacións e días adicionais aos de libre disposición ou de similar natureza.

Artigo 9. *Prestación económica na situación de incapacidade temporal do persoal ao servizo das administracións públicas, organismos e entidades dependentes e órganos constitucionais.*

1. A prestación económica da situación de incapacidade temporal do persoal ao servizo das administracións públicas e órganos constitucionais rexeráse polo disposto neste artigo.

2. Cada Administración pública, no ámbito das súas respectivas competencias, poderá complementar as prestacións que perciba o persoal funcionario incluído no réxime xeral da Seguridade Social e o persoal laboral ao seu servizo nas situacións de incapacidade temporal, de acordo cos seguintes límites:

1.º Cando a situación de incapacidade temporal derive de continxencias comúns, durante os tres primeiros días poderase recoñecer un complemento retributivo ata alcanzar como máximo o cincuenta por cento das retribucións que se veñan percibindo no mes anterior ao de causarse a incapacidade. Desde o día cuarto ata o vixésimo, ambos os dous inclusive, o complemento que se poida sumar á prestación económica recoñecida pola Seguridade Social deberá ser tal que, en ningún caso, sumadas ambas as dúas cantidades, se supere o setenta e cinco por cento das retribucións que viñesen correspondendo ao dito persoal no mes anterior ao de causarse a incapacidade. A partir do día vixésimo primeiro e ata o nonaxésimo, ambos os dous inclusive, poderase recoñecer a totalidade das retribucións básicas da prestación por fillo a cargo, de ser o caso, e das retribucións complementarias.

2.º Cando a situación de incapacidade temporal derive de continxencias profesionais, a prestación recoñecida pola Seguridade Social poderá ser complementada, desde o primeiro día, ata alcanzar como máximo o cen por cento das retribucións que viñesen correspondendo ao dito persoal no mes anterior ao de causarse a incapacidade.

3. Quen estea adscrito aos réximes especiais de seguridade social do mutualismo administrativo en situación de incapacidade temporal por continxencias comúns, percibirá o cincuenta por cento das retribucións tanto básicas como complementarias, e da prestación por fillo a cargo, se é o caso, desde o primeiro ao terceiro día da situación de incapacidade temporal, tomando como referencia aquelas que percibía no mes inmediato anterior ao de causarse a situación de incapacidade temporal. Desde o cuarto día ao vixésimo, ambos os dous inclusive, percibirán o setenta e cinco por cento das retribucións tanto básicas como complementarias, e da prestación por fillo a cargo, se é o caso. A partir do día vixésimo primeiro e ata o nonaxésimo, ambos os dous inclusive, percibirán a totalidade das retribucións básicas, da prestación por fillo a cargo, de ser o caso, e das retribucións complementarias. Cando a situación de incapacidade temporal derive de continxencias profesionais, a retribución que se percibirá poderá ser complementada, desde o primeiro día, ata alcanzar como máximo o cen por cento das retribucións que viñesen correspondendo ao dito persoal no mes anterior ao de causarse a incapacidade.

A partir do día nonaxésimo primeiro, será de aplicación o subsidio establecido en cada réxime especial de acordo coa súa normativa.

4. Os integrantes da carreira xudicial e fiscal do corpo de secretarios xudiciais, así como os funcionarios dos corpos ao servizo da Administración de xustiza comprendidos na Lei orgánica do poder xudicial, en situación de incapacidade temporal por continxencias comúns, percibirán o cincuenta por cento das retribucións tanto básicas como complementarias, como, se é o caso, a prestación por fillo a cargo, de ser o caso, desde o primeiro ao terceiro día da situación de incapacidade temporal, tomando como referencia aquelas que percibían no mes inmediato anterior ao de causarse a situación de incapacidade temporal. Desde o cuarto día ao vixésimo, ambos os dous inclusive, percibirán o setenta e cinco por cento das retribucións tanto básicas como complementarias, como da prestación por fillo a cargo, se é o caso. A partir do día vixésimo primeiro e ata o nonaxésimo, ambos os dous inclusive, percibirán a totalidade

das retribucións básicas, da prestación por fillo a cargo, de ser o caso, e das retribucións complementarias.

Cando a situación de incapacidade temporal derive de continxencias profesionais, a retribución que se percibirá poderá ser complementada desde o primeiro día, ata alcanzar como máximo as retribucións que viñesen correspondendo ao dito persoal no mes anterior ao de causarse a incapacidade.

A partir do nonaxésimo primeiro día será de aplicación o subsidio establecido no punto 1.B) do artigo 20 do Real decreto legislativo 3/2000, do 23 de xuño.

5. Cada Administración pública poderá determinar, respecto ao seu persoal, os supostos en que con carácter excepcional e debidamente xustificadas se poida establecer un complemento ata alcanzar, como máximo, o cen por cento das retribucións que viñesen disfrutando en cada momento. Para estes efectos, consideraranse en todo caso debidamente xustificadas os supostos de hospitalización e intervención cirúrxica.

En ningún caso os funcionarios adscritos aos réximes especiais da Seguridade Social xestionados polo mutualismo administrativo poderán percibir unha cantidade inferior en situación de incapacidade temporal por continxencias comúns á que corresponda aos funcionarios adscritos ao réxime xeral da Seguridade Social, incluídos, se é o caso, os complementos que lles resulten de aplicación a estes últimos.

6. As referencias a días incluídas neste artigo entenderanse realizadas a días naturais.

7. Así mesmo, suspéndense os acordos, pactos e convenios vixentes que contradigan o disposto neste artigo.

Artigo 10. *Redución de créditos e permisos sindicais.*

1. No ámbito das administracións públicas e organismos, entidades, universidades, fundacións e sociedades dependentes delas, a partir da entrada en vigor deste real decreto lei todos aqueles dereitos sindicais que, baixo ese título específico ou baixo calquera outra denominación, se prevexan nos acordos para persoal funcionario e estatutario e nos convenios colectivos e acordos para o persoal laboral subscritos con representantes ou organizacións sindicais, cuxo contido exceda o establecido no Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, a Lei orgánica 11/1985, do 2 de agosto, de liberdade sindical, e a Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do emprego público, relativos a tempo retribuído para realizar funcións sindicais e de representación, nomeamento de delegados sindicais, así como os relativos a dispensas totais de asistencia ao traballo e demais dereitos sindicais, axustaranse de forma estrita ao establecido nas ditas normas.

A partir da entrada en vigor deste real decreto lei deixarán, polo tanto, de ter validez e de producir efectos todos os pactos, acordos e convenios colectivos que nesta materia se puidesen subscribir e que excedan o dito contido.

Todo iso sen prexuízo dos acordos que, exclusivamente no ámbito das mesas xerais de negociación, se poidan establecer, a partir deste momento, en materia de modificación na obriga ou no réxime de asistencia ao traballo dos representantes sindicais para os efectos de que poidan desenvolver racionalmente o exercicio das súas funcións de representación e negociación ou o adecuado desenvolvemento dos demais dereitos sindicais.

2. O disposto neste artigo será de aplicación o 1 de outubro de 2012.

Artigo 11. *Xubilación forzosa do persoal funcionario incluído no réxime xeral da Seguridade Social.*

1. Con independencia da idade legal de xubilación forzosa establecida no número 3 do artigo 67 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do emprego público, a idade da xubilación forzosa do persoal funcionario incluído no réxime xeral da Seguridade Social será, en todo caso, a que prevexan as normas reguladoras do dito réxime para o

acceso á pensión de xubilación na súa modalidade contributiva sen coeficiente reductor por razón da idade.

Artigo 12. Determinación das unidades electorais na Administración xeral do Estado.

1. En cumprimento do disposto no artigo 39.4 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público, no ámbito da Administración xeral do Estado constituiranse as seguintes xuntas de persoal, segundo as unidades electorais que a continuación se indican:

a) Unha por cada un dos departamentos ministeriais incluídos neles, os seus organismos autónomos, entidades xestoras e servizos comúns da Administración da Seguridade Social e todos os servizos provinciais de Madrid.

b) Unha para cada axencia, ente público ou organismo non incluído na letra anterior, para todos os servizos que teña na provincia de Madrid.

c) Unha en cada provincia e nas cidades de Ceuta e de Melilla, na delegación ou subdelegación de Goberno, na cal se incluírán os organismos autónomos, axencias comprendidas no ámbito de aplicación da Lei 28/2006, do 18 de xullo, as entidades xestoras e servizos comúns da Administración da Seguridade Social e as unidades administrativas e servizos provinciais de todos os departamentos ministeriais nunha mesma provincia, incluídos os funcionarios civís que presten servizos na Administración militar.

d) Unha para cada ente ou organismo público, non incluído na letra anterior, para todos os servizos que teña nunha mesma provincia ou nas cidades de Ceuta e de Melilla.

e) Unha para os funcionarios destinados nas misións diplomáticas en cada país, representacións permanentes, oficinas consulares e institucións e servizos da Administración do Estado no estranxeiro. Cando non se alcance o censo mínimo de 50, os funcionarios votarán nos servizos centrais dos respectivos departamentos ministeriais.

f) Unha en cada provincia para o persoal ao servizo da Administración de xustiza.

2. Nas eleccións a representantes do persoal laboral constituirá un único centro de traballo:

a) A totalidade das unidades ou establecementos de cada departamento ministerial, incluídos neles os correspondentes aos seus organismos autónomos, entidades xestoras e servizos comúns da Administración da Seguridade Social e todos os seus servizos provinciais en Madrid.

b) A totalidade das unidades ou establecementos na provincia de Madrid de cada unha das axencias comprendidas no ámbito de aplicación da Lei 28/2006, organismos ou entes públicos non incluídos na letra anterior.

c) A totalidade das unidades ou establecementos ao servizo da Administración xeral do Estado, os seus organismos autónomos, entidades xestoras, servizos comúns da Administración da Seguridade Social e axencias comprendidas no ámbito de aplicación da Lei 28/2006 que radiquen nunha mesma provincia, ou na cidades de Ceuta e de Melilla.

d) Constituirá, igualmente, un único centro de traballo a totalidade dos establecementos de cada ente ou organismo público non incluído nas letras anteriores, radicados nunha mesma provincia ou nas cidades de Ceuta e de Melilla.

3. O disposto neste artigo producirá efectos ao se producir o vencemento dos mandatos electorais actualmente en vigor.

4. En todo caso, as novas unidades electorais entrarán en vigor a partir do 1 de marzo de 2015, data en que todos os mandatos en vigor ou prorrogados se extinguirán como consecuencia da elección dos novos órganos de representación, elección que se deberá producir no prazo de 10 meses desde a data indicada.

Artigo 13. *Creación do Rexistro de órganos de representación do persoal ao servizo das administracións públicas.*

1. As administracións públicas disporán dun Rexistro de órganos de representación do persoal ao servizo destas e dos seus organismos, axencias, universidades e entidades dependentes, no cal serán obxecto de inscrición ou anotación, polo menos, os actos adoptados no seu ámbito que afecten a creación, modificación ou supresión de órganos de representación do persoal funcionario, estatutario ou laboral, a creación, modificación ou supresión de seccións sindicais, os membros dos ditos órganos e delegados sindicais. Así mesmo, serán obxecto de anotación os créditos horarios, as súas cesións e liberacións sindicais que deriven da aplicación de normas ou pactos que afecten a obriga ou o réxime de asistencia ao traballo. A creación dos ditos rexistros axustarase a normativa vixente en materia de protección de datos de carácter persoal.

2. Créase, no Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, un Rexistro de órganos de representación do persoal ao servizo da Administración xeral do Estado e dos seus organismos, axencias, universidades e entidades dependentes.

3. Serán obxecto de inscrición ou anotación neste rexistro os actos adoptados no ámbito da Administración xeral do Estado que afecten as materias seguintes:

a) Creación, modificación e supresión de órganos de representación do persoal funcionario, estatutario ou laboral: xuntas de persoal, delegados de persoal, comités de empresa e comités de seguridade e saúde.

b) Número e identidade dos membros dos citados órganos, así como as variacións que se produzan respecto destes.

c) Creación, modificación ou supresión de seccións sindicais, así como número e identidade dos correspondentes delegados.

d) Cesións de créditos horarios legal ou convencionalmente establecidos que dean lugar á dispensa total ou parcial de asistencia ao traballo.

e) Liberacións institucionais que deriven, de ser o caso, do disposto en normas, pactos ou convenios e calquera outra modificación na obriga ou no réxime de asistencia ao traballo que poida traer causa do establecido en disposicións legais e convencionais que resulten de aplicación.

4. Os órganos administrativos en cada caso competentes comunicarán ao Rexistro as resolucións que adopten nos seus respectivos ámbitos, en relación coas materias indicadas no punto anterior, no prazo máximo de tres días hábiles contados desde o seguinte ao da súa adopción.

No caso dos delegados sindicais e dos representantes do persoal funcionario ou laboral observarase, respectivamente, o disposto na Lei orgánica 11/1985, do 2 de agosto, de liberdade sindical, e o previsto no Estatuto dos traballadores, no Estatuto básico do empregado público e demais normas que resulten de aplicación. Nos restantes casos as resolucións adoptadas non producirán efectos ata a inscrición no Rexistro.

5. O órgano responsable do Rexistro poderá, motivadamente, rexeitar a inscrición ou anotación dunha resolución cando aprecie posibles vicios de legalidade nela, e poñerá en coñecemento do órgano do cal procedan co fin de que se adopten as medidas necesarias.

6. A xestión do dito rexistro axustarase ao disposto na normativa vixente en materia de protección de datos de carácter persoal.

7. O Ministerio de Facenda e Administracións Públicas poderá adoptar, no ámbito das súas competencias, cantas ordes, instrucións ou disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento e a aplicación do establecido neste precepto.

Artigo 14. *Unidades electorais, créditos horarios e dereitos sindicais en relación co persoal laboral que presta servizos no exterior ao servizo da Administración xeral do Estado e dos seus organismos autónomos.*

1. O establecemento de unidades electorais que afecten o persoal laboral no exterior regularao o Estado dentro do ámbito das súas competencias lexislativas.

Os compoñentes dos órganos de representación que resultaren elixidos contarán cun crédito de horas mensuais retribuídas que, en ningún caso, poderá ser superior á escala aplicable aos representantes do persoal laboral que prestan servizos no territorio nacional.

A regulación doutros dereitos sindicais, permisos ou créditos horarios estableceráase, igualmente e se é o caso, o Estado, no ámbito das súas competencias lexislativas.

2. A partir da entrada en vigor deste real decreto lei establécese unha única circunscrición electoral para o conxunto do persoal laboral que presta servizos no exterior ao servizo da Administración xeral do Estado e dos seus organismos autónomos.

3. Déixanse sen efecto cantos pactos, acordos ou convenios puidesen establecer condicións distintas ás reguladas neste artigo e, en concreto, e no que se opoña a el, o Acordo do 3 de decembro de 2007, da Mesa Xeral de Negociación da Administración Xeral do Estado, sobre condicións de traballo para o persoal laboral que presta servizos no exterior ao servizo da Administración xeral do Estado e dos seus organismos autónomos e, na súa integridade, o Acordo adoptado pola dita mesa o 9 de xuño de 2011 sobre procedemento para a elección de órganos de representación do persoal laboral da Administración xeral do Estado no exterior, así como cantos procedementos se puidesen ter iniciado ou estivesen en curso en execución del.

4. O disposto neste artigo producirá os seus efectos desde o 1 de outubro de 2012.

Artigo 15. *Asignación eficiente e avaliación de efectivos na Administración do Estado.*

No ámbito da Administración do Estado e os organismos e entes de dereito público dependentes ou vinculados a esta, o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas adoptará, no marco do artigo 69.2 do Estatuto básico do empregado público, as medidas e actuacións requiridas para garantir a asignación eficiente e a optimización dos seus recursos humanos. Igualmente, fixaranse sistemas obxectivos que permitan avaliar o desempeño dos empregados.

Para iso, o citado ministerio analizará a distribución do persoal nos distintos ámbitos da Administración do Estado e adoptaranse criterios vinculantes de mobilidade e asignación de postos no dito ámbito, e terá a competencia para acordar, de ser o caso, os cambios de adscrición de postos ou redistribución de efectivos que sexan necesarios para unha asignación máis eficiente e adecuada dos recursos humanos.

Artigo 16. *Suspensión de pactos, acordos e convenios.*

Suspéndense e quedan sen efecto os acordos, pactos e convenios para o persoal do sector público definido no artigo 22 da Lei 2/2012, do 29 de xuño, de orzamentos xerais do Estado, subscritos polas administracións públicas e polos seus organismos e entidades que conteñan cláusulas que se opoñan ao disposto neste título.

TÍTULO II

Medidas en materia de seguridade social e emprego

Artigo 17. *Modificación do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1994, do 20 de xuño.*

O texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1994, do 20 de xuño, queda modificado nos seguintes termos:

Un. O número 1.1 do artigo 27 queda redactado nos seguintes termos:

«1. Transcorrido o prazo regulamentario establecido para o pagamento das cotas á Seguridade Social sen ingreso destas e sen prexuízo das especialidades previstas para os aprazamentos, devindicaranse as seguintes recargas:

1.1 Cando os suxeitos responsables do pagamento presentasen os documentos de cotización dentro do prazo regulamentario, unha recarga do 20 por 100 da débeda, se se aboasen as cotas debidas tras o vencemento do dito prazo».

Dous. Modifícanse os números 2 e 3 e engádesse un novo número 4 ao artigo 109, nos seguintes termos:

2. Non se computarán na base de cotización os seguintes conceptos:

a) As axudas de custo e asignacións para gastos de viaxe, gastos de locomoción, cando correspondan a desprazamentos do traballador fóra do seu centro habitual de traballo para realizar este en lugar distinto, así como os complementos de transporte urbano e de distancia por desprazamento do traballador desde o seu domicilio ao centro de traballo habitual, coa contía e alcance que regulamentariamente se establezan.

b) As indemnizacións por falecemento e as correspondentes a traslados, suspensións e despedimentos.

As indemnizacións por falecemento e as correspondentes a traslados e suspensións estarán exentas de cotización ata a contía máxima prevista en norma sectorial ou convenio colectivo aplicable.

As indemnizacións por despedimento ou cesamento do traballador estarán exentas, na contía establecida con carácter obrigatorio na Lei do Estatuto dos traballadores, na súa normativa de desenvolvemento ou, de ser o caso, na normativa reguladora da execución de sentenzas, sen que se poida considerar como tal a establecida en virtude de convenio, pacto ou contrato.

Cando se extinga o contrato de traballo con anterioridade ao acto de conciliación, estarán exentas as indemnizacións por despedimento que non excedan a que correspondería no caso de que este fose declarado improcedente, e non se trate de extincións de mutuo acordo no marco de plans ou sistemas colectivos de baixas incentivadas.

Sen prexuízo do disposto nos parágrafos anteriores, nos supostos de despedimento ou cesamento como consecuencia de despedimentos colectivos, tramitados de conformidade co disposto no artigo 51 da Lei do Estatuto dos traballadores, ou producidos polas causas previstas na letra c) do artigo 52 da citada lei, sempre que en ambos os dous casos se deban a causas económicas, técnicas, organizativas, de produción ou por forza maior, quedará exenta a parte de indemnización percibida que non supere os límites establecidos con carácter obrigatorio no mencionado estatuto para o despedimento improcedente.

c) As prestacións da Seguridade Social, así como as súas melloras e as asignacións asistenciais concedidas polas empresas, estas dúas últimas nos termos que regulamentariamente se establezan.

d) As horas extraordinarias, salvo para a cotización por accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social.

No desenvolvemento regulamentario das letras a) e c) procurarase a maior homoxeneidade posible co establecido para o efecto en materia de rendementos de traballo persoal polo ordenamento tributario.

3. Sen prexuízo do previsto no número 2, a contía máxima exenta de cotización por todos os conceptos indicados nel non poderá exceder, no seu conxunto, o límite que se determine regulamentariamente.

4. Non obstante o disposto no punto 2.d), o Ministerio de Emprego e Seguridade Social poderá establecer o cómputo das horas extraordinarias, xa sexa

con carácter xeral, xa sexa por sectores laborais en que a prolongación da xornada sexa característica da súa actividade.»

Tres. A letra b) do artigo 207 queda redactada como segue:

«b. Ter cuberto o período mínimo de cotización a que se refire o número 1 do artigo 210 da presente lei, dentro dos seis anos anteriores á situación legal de desemprego ou ao momento en que cesou a obriga de cotizar.

Para o suposto de que no momento da situación legal de desemprego se manteñan un ou varios contratos a tempo parcial, teranse en conta exclusivamente, para os únicos efectos de cumprir o requisito de acceso á prestación, os períodos de cotización nos traballos en que se perdeuse o emprego, de forma temporal ou definitiva, ou se vise reducida a xornada ordinaria de traballo.»

Catro. Os números 2 e 3 do artigo 211 quedan redactados nos termos seguintes:

«2. A contía da prestación determinarase aplicando á base reguladora as seguintes porcentaxes: o 70 por 100 durante os cento oitenta primeiros días e o 50 por 100 a partir do día cento oitenta e un.

3. A contía máxima da prestación por desemprego será do 175 por 100 do indicador público de rendas de efectos múltiples, salvo cando o traballador teña un ou máis fillos ao seu cargo; en tal caso, a contía será, respectivamente, do 200 por 100 ou do 225 por 100 do dito indicador.

A contía mínima da prestación por desemprego será do 107 por 100 ou do 80 por 100 do indicador público en rendas de efectos múltiples, segundo que o traballador teña ou non, respectivamente, fillos ao seu cargo.

En caso de desemprego por perda de emprego a tempo parcial ou a tempo completo, as contías máximas e mínimas da prestación, recollidas nos parágrafos anteriores, determinarase tendo en conta o indicador público de rendas de efectos múltiples calculado en función da media das horas traballadas durante o período dos últimos 180 días a que se refire o número 1 deste artigo, e tal media ponderarase en relación cos días en cada emprego a tempo parcial ou completo durante o dito período.

Para os efectos do previsto neste punto, terase en conta o indicador público de rendas de efectos múltiples mensual vixente no momento do nacemento do dereito, incrementado nunha sexta parte.»

Cinco. A letra a) do número 1 do artigo 212 queda redactada como segue:

«a) Durante o período que corresponda por imposición de sanción por infraccións leves e graves nos termos establecidos na Lei sobre infraccións e sancións na orde social.

Se, finalizado o período a que se refire o parágrafo anterior, o beneficiario de prestacións non se encontra inscrito como demandante de emprego, o restablecemento da prestación requirirá a súa comparecencia previa ante a entidade xestora acreditando a dita inscrición.»

Seis. Inclúese no artigo 212 un novo número 3 (polo que o actual número 3 pasa ao 4), que queda redactado nos seguintes termos:

«3. O incumprimento, por parte dos beneficiarios das prestacións por desemprego da obriga de presentar, nos prazos establecidos, os documentos que lles sexan requiridos, sempre que estes poidan afectar a conservación do dereito ás prestacións, poderá dar lugar a que a entidade xestora adopte as medidas preventivas necesarias, mediante a suspensión preventiva do aboamento das citadas prestacións, ata que os ditos beneficiarios comparezan ante aquela e acrediten que cumpren os requisitos legais establecidos para o mantemento do dereito, que se restablecerá a partir da data da comparecencia.»

Sete. O punto 3 do número 1 e o punto 2 do número 3 do artigo 215 quedan redactados nos termos seguintes:

«1. Serán beneficiarios do subsidio:

3. Os traballadores maiores de cincuenta e cinco anos, mesmo cando non teñan responsabilidades familiares, sempre que se encontren nalgún dos supostos recollidos nos puntos anteriores, cotizasen por desemprego polo menos durante seis anos durante a súa vida laboral e acrediten que, no momento da solicitude, reúnen todos os requisitos, salvo a idade, para accederen a calquera tipo de pensión contributiva de xubilación no sistema da Seguridade Social.

Para obter o subsidio o traballador deberá ter cumprida a idade de cincuenta e cinco anos na data do esgotamento da prestación por desemprego ou do subsidio por desemprego; ou ter cumprida esa idade no momento de reunir os requisitos para acceder a un subsidio dos supostos recollidos nos puntos anteriores ou cumprila durante a súa percepción».

«3. Para os efectos de determinar o requisito de carencia de rendas e, se é o caso, de responsabilidades familiares, a que se refire o número 1 deste artigo:

2. Considerarase como rendas ou ingresos computables calquera ben, dereito ou rendemento derivado do traballo, do capital mobiliario ou inmobiliario, das actividades económicas e os de natureza prestacional, salvo as asignacións da Seguridade Social por fillos a cargo e salvo o importe das cotas destinadas ao financiamento do convenio especial coa Administración da Seguridade Social. Tamén se considerarán rendas as plusvalías ou ganancias patrimoniais, así como os rendementos que se poidan deducir do montante económico do patrimonio, aplicando ao seu valor o 100 por 100 do tipo de xuro legal do diñeiro vixente, coa excepción da vivenda habitualmente ocupada polo traballador e dos bens cuxas rendas fosen computadas, todo iso nos termos que se establezan regulamentariamente.

Non obstante o establecido no parágrafo anterior, o importe correspondente á indemnización legal que en cada caso proceda pola extinción do contrato de traballo non terá a consideración de renda. Iso con independencia de que o seu pagamento se efectúe dunha soa vez ou de forma periódica.

As rendas computaranse polo seu rendemento íntegro ou bruto. O rendemento que procede das actividades empresariais, profesionais, agrícolas, gandeiras ou artísticas computarase pola diferenza entre os ingresos e os gastos necesarios para a súa obtención.

Para acreditar as rendas a entidade xestora poderá exixir ao traballador unha declaración destas e, de ser o caso, a achega de copia das declaracións tributarias presentadas.»

Oito. O número 3 do artigo 216 queda redactado nos termos seguintes:

«3. No suposto previsto no número 1.3 do artigo 215, o subsidio estenderase, como máximo, ata que o traballador alcance a idade que lle permita acceder á pensión contributiva de xubilación en calquera das súas modalidades».

Nove. O número 1 do artigo 217 queda redactado nos seguintes termos:

«1. A contía do subsidio por desemprego será igual ao 80 por 100 do indicador público de rendas de efectos múltiples mensual vixente en cada momento. No caso de desemprego por perda dun traballo a tempo parcial, a dita contía percibirase en proporción ás horas previamente traballadas nos supostos previstos nas letras a) e b) do número 1.1, e nos números 1.2 e 1.3 do artigo 215».

Dez. O artigo 218 queda redactado como segue:

«1. Durante a percepción do subsidio por desemprego para traballadores maiores de cincuenta e cinco anos, a entidade xestora deberá cotizar pola continxencia de xubilación.

2. Nos casos de percepción do subsidio por desemprego cando se trata de traballadores fixos descontínuos:

a) Se son menores de cincuenta e cinco anos e o beneficiario acreditou, para os efectos do recoñecemento do subsidio, un período de ocupación cotizada de cento oitenta ou máis días, a entidade xestora ingresará as cotizacións á Seguridade Social correspondentes á continxencia de xubilación durante un período de sesenta días, a partir da data en que naza o dereito ao subsidio.

b) Se son maiores de cincuenta e cinco anos, a entidade xestora ingresará as cotizacións á Seguridade Social correspondentes á continxencia de xubilación durante toda a percepción do subsidio unha vez cumprida a idade indicada.

3. Para os efectos de determinar a cotización nos supostos indicados nos números 1 e 2 anteriores, tomarase como base de cotización o tope mínimo de cotización vixente en cada momento».

Once. O número 1 do artigo 221 queda redactado nos seguintes termos:

«1. A prestación ou o subsidio por desemprego serán incompatibles co traballo por conta propia, aínda que a súa realización non implique a inclusión obrigatoria nalgún dos réximes da Seguridade Social, ou co traballo por conta allea, agás cando este se realice a tempo parcial, caso en que se deducirá do importe da prestación ou subsidio a parte proporcional ao tempo traballado.

A dedución no importe da prestación ou subsidio a que se refire o parágrafo anterior efectuarase tanto cando o traballador estea a percibir a prestación ou o subsidio por desemprego como consecuencia da perda dun traballo a tempo completo ou parcial e obteña un novo traballo a tempo parcial, como cando realice dous contratos a tempo parcial e perda un deles, ben que, neste suposto, a base reguladora da prestación por desemprego será a media das bases polas cales se cotizase pola dita continxencia en ambos os dous traballos durante os 180 días do período a que se refire o número 1 do artigo 210, e as contías máxima e mínima a que se refire o artigo 211 determinaranse tendo en conta o indicador público de rendas de efectos múltiples en función das horas traballadas en ambos os dous traballos.»

Doce. O artigo 229 queda redactado como segue:

«Sen prexuízo das facultades dos servizos competentes en canto a inspección e control para a sanción das infraccións que se puideren cometer na percepción das prestacións por desemprego, correspóndelle á entidade xestora controlar o cumprimento do establecido neste título e comprobar as situacións de fraude que se poidan cometer.

Para tal fin, a entidade xestora poderá suspender o aboamento das prestacións por desemprego cando se aprecien indicios suficientes de fraude no curso das investigacións realizadas polos órganos competentes en materia de loita contra a fraude.»

Trece. As letras b) e i) do número 1 e o número 2 do artigo 231 quedan redactados nos seguintes termos:

«b) Proporcionar a documentación e información que regulamentariamente se determinen para os efectos do recoñecemento, suspensión, extinción ou restablecemento do dereito ás prestacións e comunicar aos servizos públicos de

emprego autonómicos e ao Servizo Público de Emprego Estatal o domicilio e, de ser o caso, o cambio do domicilio, facilitado para os efectos de notificacións, no momento en que este se produza.

Sen prexuízo do anterior, cando non quede garantida a recepción das comunicacións no domicilio facilitado polo solicitante ou beneficiario das prestacións, este estará obrigado a proporcionar aos servizos públicos de emprego autonómicos e ao Servizo Público de Emprego Estatal os datos que precisen para que a comunicación se poida realizar por medios electrónicos.»

«i) Buscar activamente emprego e participar en accións de mellora da ocupabilidade que determinen os servizos públicos de emprego competentes, se é o caso, dentro dun itinerario de inserción.

Os beneficiarios de prestacións acreditarán ante ao Servizo Público de Emprego Estatal e os servizos públicos de emprego autonómicos, cando sexan requiridos para iso, as actuacións que efectuaron dirixidas á busca activa de emprego, á súa reinserción laboral ou á mellora da súa ocupabilidade. Esta acreditación efectuarase na forma en que estes organismos determinen no marco da mutua colaboración. A non acreditación terá a consideración de incumprimento do compromiso de actividade.

Sen prexuízo de acreditar a busca activa de emprego, a participación nas accións de mellora da ocupabilidade que se correspondan coa súa profesión habitual ou as súas aptitudes formativas segundo o determinado no itinerario de inserción será voluntaria para os beneficiarios de prestacións contributivas durante os trinta primeiros días de percepción, e a non participación nelas non suporá efectos sancionadores».

«2. Para os efectos previstos neste título, entenderase por compromiso de actividade que adquira o solicitante ou beneficiario das prestacións de buscar activamente emprego aceptar unha colocación adecuada e participar en accións específicas de motivación, información, orientación, formación, reconversión ou inserción profesional para incrementar a súa ocupabilidade, así como de cumprir as restantes obrigas previstas neste artigo.

O Servizo Público de Emprego Estatal e os servizos públicos de emprego autonómicos requirirán os beneficiarios de prestacións por desemprego para que acrediten ante eles, na forma que determinen no marco da colaboración mutua, a realización de actuacións dirixidas á súa reinserción laboral ou á mellora da súa ocupabilidade. A non acreditación terá a consideración de incumprimento do compromiso de actividade.

Para a aplicación do establecido nos parágrafos anteriores, o Servizo Público de Emprego competente terá en conta a condición de vítima de violencia de xénero, para os efectos de moderar, en caso necesario, o cumprimento das obrigas que deriven do compromiso suscrito».

Artigo 18. *Modificación da Lei 56/2003, do 16 de decembro, de emprego.*

O número 4 do artigo 27 da Lei 56/2003, do 16 de decembro, de emprego, modifícase do seguinte modo:

«4. Os beneficiarios de prestacións e subsidios por desemprego inscritos nos servizos públicos de emprego, unha vez que subscribisen o compromiso de actividade, deberán participar nas políticas activas de emprego que se determinen no itinerario de inserción, sen prexuízo do disposto no último parágrafo do artigo 231.1 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social. As administracións públicas competentes verificarán o cumprimento das obrigas derivadas da inscrición como demandantes de emprego e da subscripción do compromiso de actividade dos beneficiarios de prestacións e subsidios por desemprego, e deberán comunicar os incumprimentos das ditas obrigas ao Servizo Público de Emprego Estatal no momento en que se produzan ou coñezan. A dita comunicación poderase

realizar por medios electrónicos e será documento suficiente para que o Servizo Público de Emprego Estatal inicie o procedemento sancionador que corresponda.»

Artigo 19. *Modificación do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo.*

Modifícase nos seguintes termos o artigo 33 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo:

Un. O número 1 queda redactado nos seguintes termos:

«1. O Fondo de Garantía Salarial, organismo autónomo adscrito ao Ministerio de Emprego e Seguridade Social, con personalidade xurídica e capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins, aboaralles aos traballadores o importe dos salarios pendentes de pagamento por causa de insolvencia ou concurso do empresario.

Para os anteriores efectos, considerarase salario a cantidade recoñecida como tal en acto de conciliación ou en resolución xudicial por todos os conceptos a que se refire o artigo 26.1, así como os salarios de tramitación nos supostos en que legalmente procedan, sen que poida aboar o Fondo, por un ou outro concepto, conxunta ou separadamente, un importe superior á cantidade resultante de multiplicar o dobre do salario mínimo interprofesional diario, incluíndo a parte proporcional das pagas extraordinarias, polo número de días de salario pendente de pagamento, cun máximo de cento vinte días.»

Dous. O número 2 queda redactado nos seguintes termos:

«2. O Fondo de Garantía Salarial, nos casos do número anterior, aboará indemnizacións recoñecidas como consecuencia de sentenza, auto, acto de conciliación xudicial ou resolución administrativa a favor dos traballadores por causa de despedimento ou extinción dos contratos conforme os artigos 50, 51 e 52 desta lei, e de extinción de contratos conforme o artigo 64 da Lei 22/2003, do 9 de xullo, concursal, así como as indemnizacións por extinción de contratos temporais ou de duración determinada nos casos que legalmente procedan. En todos os casos co límite máximo dunha anualidade, sen que o salario diario, base do cálculo, poida exceder o dobre do salario mínimo interprofesional, incluíndo a parte proporcional das pagas extraordinarias.

O importe da indemnización, para os únicos efectos de aboamento polo Fondo de Garantía Salarial para os casos de despedimento ou extinción dos contratos conforme o artigo 50 desta lei, calcularase sobre a base de trinta días por ano de servizo, co límite fixado no parágrafo anterior.»

Tres. A regra segunda do número 3 queda redactada nos seguintes termos:

«Segunda. As indemnizacións que se deberán aboar a cargo do Fogasa, con independencia do que se poida pactar no proceso concursal, calcularanse sobre a base de vinte días por ano de servizo, co límite máximo dunha anualidade, sen que o salario diario, base do cálculo, poida exceder o dobre do salario mínimo interprofesional, incluíndo a parte proporcional das pagas extraordinarias.»

Artigo 20. *Modificación do texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, aprobado polo Real decreto legislativo 5/2000, do 4 de agosto.*

O texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, aprobado polo Real decreto legislativo 5/2000, do 4 de agosto, queda redactado do seguinte modo:

Un. A letra a) do número 1 do artigo 17 queda redactada nos seguintes termos:

«1. Leves.

a) Non comparecer, logo de requirimento, ante os servizos públicos de emprego ou as axencias de colocación cando desenvolvan actividades no ámbito

da colaboración con aqueles e así se recolla no convenio de colaboración, ou non renovar a demanda de emprego na forma e nas datas que se determinen no documento de renovación da demanda, salvo causa xustificada.

As citacións ou comunicacións efectuadas polo Servizo Público de Emprego Estatal e os servizos públicos de emprego autonómicos por medios electrónicos para o cumprimento do compromiso de actividade entenderanse válidas, para os efectos de notificación, sempre que os solicitantes ou beneficiarios das prestacións por desemprego expresasen previamente o seu consentimento»

Dous. Engádese un novo parágrafo á letra a) do número 3 do artigo 24 coa seguinte redacción:

«As citacións ou comunicacións efectuadas polo Servizo Público de Emprego Estatal e os servizos públicos de emprego autonómicos por medios electrónicos para o cumprimento do compromiso de actividade entenderanse válidas, para os efectos de notificación, sempre que os solicitantes ou beneficiarios das prestacións por desemprego expresasen previamente o seu consentimento».

Tres. Engádese unha nova letra d) ao número 3 do artigo 24 coa seguinte redacción:

«d) Non lles facilitar, ao Servizo Público de Emprego Estatal e aos servizos públicos de emprego autonómicos, a información necesaria para garantir a recepción de notificacións e comunicacións.»

Catro. Engádese unha nova letra e) ao número 1 do artigo 47, que queda redactada nos seguintes termos:

«e) Para estes efectos, terán a consideración de beneficiarios de prestacións por desemprego os traballadores desempregados durante o prazo de solicitude das prórrogas do subsidio por desemprego establecido no artigo 219.4 da Lei xeral da seguridade social, así como durante a suspensión preventiva ou definitiva da prestación ou subsidio por desemprego como consecuencia dun procedemento sancionador ou do establecido no artigo 212.3. da dita lei.»

Artigo 21. *Modifícase o Real decreto 1369/2006, do 24 de novembro, polo que se regula o programa de renda activa de inserción para desempregados con especiais necesidades económicas e dificultade para encontrar emprego.*

O Real decreto 1369/2006, do 24 de novembro, polo que se regula o programa de renda activa de inserción para desempregados con especiais necesidades económicas e dificultade para encontrar emprego, modifícase nos termos seguintes:

Un. Engádense dous parágrafos á letra b) do número 1 do artigo 2, que quedan redactados nos termos seguintes:

«Durante a inscrición como demandante de emprego a que se refire o parágrafo anterior deberase buscar activamente emprego, sen ter rexeitado oferta de emprego adecuada nin se ter negado a participar, salvo causa xustificada, en accións de promoción, formación ou reconversión profesionais ou outras para incrementar a ocupabilidade. A saída ao estranxeiro, por calquera motivo ou duración, interrompe a inscrición como demandante de emprego para estes efectos.

Nos supostos en que se interrompa a demanda de emprego, exixírase un período de 12 meses ininterrompido desde a nova inscrición».

Dous. A letra c) do número 1 do artigo 2 queda redactada nos termos seguintes:

«c) Ter extinguido a prestación por desemprego de nivel contributivo e/ou o subsidio por desemprego de nivel asistencial establecidos no título terceiro do texto

refundido da Lei xeral da seguridade social, salvo cando a extinción se produza por imposición de sanción, e non ter dereito á protección pola dita continxencia.

Este requisito non se exixirá nos supostos previstos nas letras b) e c) do número 2 deste artigo».

TÍTULO III

Medidas de racionalización do sistema de dependencia

Artigo 22. *Modificación da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia.*

A Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, queda modificada nos seguintes termos:

Un. Modifícase o número 4 do artigo 4, que queda redactado da seguinte forma:

«4. As persoas en situación de dependencia e, de ser o caso, os seus familiares ou os que os representen, así como os centros de asistencia, estarán obrigados a subministrar toda a información e datos que lles sexan requiridos polas administracións competentes para a valoración do seu grao de dependencia, a comunicar todo tipo de axudas personalizadas que reciban, a aplicar as prestacións económicas ás finalidades para as cales foron outorgadas e a calquera outra obriga prevista na lexislación vixente».

Dous. Modifícanse a rúbrica e o número 1, suprímese o último inciso do número 2 e engádesse un novo número 3 no artigo 8, coa seguinte redacción:

«Artigo 8. *Consello Territorial de Servizos Sociais e do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia.*

1. Créase o Consello Territorial de Servizos Sociais e do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia como instrumento de cooperación para a articulación dos servizos sociais e a promoción da autonomía e atención ás persoas en situación de dependencia.

Este consello estará adscrito ao Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, a través da Secretaría de Estado de Servizos Sociais e Igualdade, e estará constituído pola persoa titular do dito ministerio, que exercerá a súa presidencia, e polos conselleiros competentes en materia de servizos sociais e de dependencia de cada unha das comunidades autónomas; a vicepresidencia recaerá nun deles. Adicionalmente, cando a materia dos asuntos que se vai tratar así o requira, poderanse incorporar ao Consello outros representantes da Administración xeral do Estado ou das comunidades autónomas, como asesores especialistas, con voz pero sen voto. Na composición do Consello Territorial terán maioría os representantes das comunidades autónomas.

3. Así mesmo, corresponde ao Consello Territorial conseguir a máxima coherencia na determinación e aplicación das diversas políticas sociais exercidas pola Administración xeral do Estado e as comunidades autónomas mediante o intercambio de puntos de vista e o exame en común dos problemas que poidan xurdir e das accións proxectadas para afrontalos e resolvelos.»

Tres. Modifícase o número 1 do artigo 9, que queda redactado da seguinte forma:

«1. O Goberno, oído o Consello Territorial de Servizos Sociais e do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia, determinará o nivel mínimo de protección garantido para cada un dos beneficiarios do Sistema, segundo o grao da súa dependencia, como condición básica de garantía do dereito á promoción da autonomía persoal e atención á situación de dependencia. A asignación do nivel

mínimo entre as comunidades autónomas realizárase considerando o número de beneficiarios, o grao de dependencia e a prestación recoñecida.»

Catro. Modifícase o número 6 do artigo 14, que terá a seguinte redacción:

«6. A prioridade no acceso aos servizos virá determinada polo grao de dependencia e, a igual grao, pola capacidade económica do solicitante. Ata que a rede de servizos estea totalmente implantada, as persoas en situación de dependencia que non poidan acceder aos servizos por aplicación do réxime de prioridade sinalado terán dereito á prestación económica vinculada ao servizo prevista no artigo 17 desta lei.»

Cinco. Modifícase o número 1 do artigo 17, que terá a seguinte redacción:

«1. A prestación económica, que terá carácter periódico, recoñecerase, nos termos que se estableza, unicamente cando non sexa posible o acceso a un servizo público ou concertado de atención e coidado, en función do grao de dependencia e da capacidade económica do beneficiario, de acordo co previsto no convenio suscrito entre a Administración xeral do Estado e a correspondente comunidade autónoma.»

Seis. Modifícase o número 2 do artigo 18, que queda redactado da seguinte forma:

«2. Logo de acordo do Consello Territorial de Servizos Sociais e do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia estableceranse as condicións de acceso a esta prestación, en función do grao recoñecido á persoa en situación de dependencia e da súa capacidade económica.»

Sete. Modifícase o artigo 19, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 19. *Prestación económica de asistencia persoal.*

A prestación económica de asistencia persoal ten como finalidade a promoción da autonomía das persoas en situación de dependencia, en calquera dos seus graos. O seu obxectivo é contribuír á contratación dunha asistencia persoal, durante un número de horas, que facilite ao beneficiario o acceso á educación e ao traballo, así como unha vida máis autónoma no exercicio das actividades básicas da vida diaria. Logo de acordo do Consello Territorial de Servizos Sociais e do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia estableceranse as condicións específicas de acceso a esta prestación.»

Oito. Modifícase o artigo 23, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 23. *Servizo de axuda a domicilio.*

O servizo de axuda a domicilio constitúeo o conxunto de actuacións levadas a cabo no domicilio das persoas en situación de dependencia co fin de atender as súas necesidades da vida diaria, prestadas por entidades ou empresas, acreditadas para esta función, e poderán ser os seguintes:

- a) Servizos relacionados coa atención persoal na realización das actividades da vida diaria.
- b) Servizos relacionados coa atención das necesidades domésticas ou do fogar: limpeza, lavado, cociña ou outros. Estes servizos só se poderán prestar conxuntamente cos sinalados no punto anterior.»

Nove. Introduce unha sección 4ª no capítulo II do título I co seguinte contido:

«SECCIÓN 4.^a Incompatibilidade das prestacións

Artigo 25 bis. *Réxime de incompatibilidade das prestacións.*

1. As prestacións económicas serán incompatibles entre si e cos servizos do catálogo establecidos no artigo 15, salvo cos servizos de prevención das situacións de dependencia, de promoción da autonomía persoal e de teleasistencia.

2. Os servizos serán incompatibles entre si, coa excepción do servizo de teleasistencia, que será compatible co servizo de prevención das situacións de dependencia, de promoción da autonomía persoal, de axuda a domicilio e de centro de día e de noite.

Non obstante o anterior, as administracións públicas competentes poderán establecer a compatibilidade entre prestacións para apoio, cuidados e atención que faciliten a permanencia no domicilio á persoa en situación de dependencia, de tal forma que a suma destas prestacións non sexa superior, no seu conxunto, ás intensidades máximas recoñecidas ao seu grao de dependencia. Para os efectos da asignación do nivel mínimo establecido no artigo 9, estas prestacións terán a consideración dunha única prestación.»

Dez. Suprímese o número 2 do artigo 26 e, en consecuencia, o número 3 renumérase como número 2, que terá a seguinte redacción:

«2. Os intervalos para a determinación dos graos estableceranse no baremo a que se refire o artigo seguinte».

Once. Modifícanse os números 1, 2 e 3 do artigo 27, que terán a seguinte redacción:

«1. As comunidades autónomas determinarán os órganos de valoración da situación de dependencia, que emitirán un ditame sobre o grao de dependencia con especificación dos cuidados que a persoa poida requirir. O Consello Territorial de Servizos Sociais e do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia deberá acordar uns criterios comúns de composición e actuación dos órganos de valoración das comunidades autónomas que, en todo caso, terán carácter público.

2. Os graos de dependencia, para os efectos da súa valoración, determinaranse mediante a aplicación do baremo que se acorde no Consello Territorial de Servizos Sociais e do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia para a súa posterior aprobación polo Goberno mediante real decreto. O dito baremo terá entre os seus referentes a Clasificación internacional do funcionamento, a discapacidade e a saúde (CIF), adoptada pola Organización Mundial da Saúde. Non será posible determinar o grao de dependencia mediante outros procedementos distintos aos establecidos por este baremo.

3. O baremo establecerá os criterios obxectivos de valoración do grao de autonomía da persoa, da súa capacidade para realizar as distintas actividades da vida diaria, os intervalos de puntuación para cada un dos graos de dependencia e o protocolo cos procedementos e técnicas que se deberán seguir para a valoración das aptitudes observadas, de ser o caso.»

Doce. Modifica o número 3 do artigo 28, que terá a seguinte redacción:

«3. A resolución a que se refire o número anterior determinará os servizos ou prestacións que corresponden ao solicitante segundo o grao de dependencia.»

Trece. Modifícase o número 1 do artigo 29, que terá a seguinte redacción:

«1. No marco do procedemento de recoñecemento da situación de dependencia e as prestacións correspondentes, os servizos sociais correspondentes do sistema público establecerán un programa individual de atención en que se determinarán as modalidades de intervención máis adecuadas ás súas necesidades de entre os

servizos e prestacións económicas previstos na resolución para o seu grao, coa participación, logo de consulta e, de ser o caso, elección entre as alternativas propostas por parte do beneficiario e, de ser o caso, da súa familia ou entidades tutelares que o representen.

Non obstante o establecido no parágrafo anterior, a determinación da prestación económica por coidados no ámbito familiar corresponderá á Administración competente, por proposta dos servizos sociais».

Catorce. Modifícanse a rúbrica e o número 1 do artigo 30, que quedan redactados da seguinte maneira:

«Artigo 30. *Revisión do grao de dependencia e da prestación recoñecida.*

1. O grao de dependencia será revisable, por instancia do interesado, dos seus representantes ou de oficio polas administracións públicas competentes, por algunha das seguintes causas:

- a) Melloría ou empeoramento da situación de dependencia.
- b) Erro de diagnóstico ou na aplicación do correspondente baremo.»

Quince. Modifícase o número 3 do artigo 38, que queda redactado nos seguintes termos:

«3. A través da dita rede de comunicacións intercambiarase información sobre as infraestruturas do sistema, a situación, grao de dependencia e prestación recoñecida aos beneficiarios, así como calquera outra derivada das necesidades de información no Sistema para a autonomía e atención á dependencia.»

Dezaseis. Modifícase a disposición adicional novena, que queda redactada nos seguintes termos:

«Disposición adicional novena. *Efectividade do recoñecemento das situacións vixentes de grande invalidez e de necesidade de axuda de terceira persoa.*

Os que teñan recoñecida a pensión de grande invalidez ou a necesidade de asistencia de terceira persoa segundo o Real decreto 1971/1999, do 23 de decembro, de procedemento para o recoñecemento, declaración e cualificación do grao de minusvalidez, terán recoñecido o requisito de encontrarse en situación de dependencia no grao que se dispoña no desenvolvemento regulamentario desta lei.»

Dezasete. Modifícanse os números 1 e 3 da disposición derradeira primeira, que quedan redactados nos seguintes termos:

«1. A efectividade do dereito ás prestacións de dependencia incluídas na presente lei exercerase progresivamente, de modo gradual, e realizarase de acordo co seguinte calendario a partir do 1 de xaneiro de 2007:

O primeiro ano a aqueles que sexan valorados no grao III de gran dependencia, niveis 1 e 2.

No segundo e terceiro ano a aqueles que sexan valorados no grao II de dependencia severa, nivel 2.

No terceiro e cuarto ano a aqueles que sexan valorados no grao II de dependencia severa, nivel 1.

O quinto ano, que finaliza o 31 de decembro de 2011, a aqueles que sexan valorados no grao I de dependencia moderada, nivel 2, e se lles recoñecese a concreta prestación.

A partir do 1 de xullo de 2015, ao resto dos que foron valorados no grao I de dependencia moderada, nivel 2.

A partir do 1 de xullo de 2015, a aqueles que fosen valorados no grao I, nivel 1, ou sexa valorado no grao I de dependencia moderada.»

«3. O dereito de acceso ás prestacións derivadas do recoñecemento da situación de dependencia xerarase desde a data da resolución de recoñecemento das prestacións ou, de ser o caso, desde o transcurso do prazo de seis meses desde a presentación da solicitude sen se ter ditado e notificado resolución expresa de recoñecemento da prestación, salvo cando se trate das prestacións económicas previstas no artigo 18, que quedarán suxeitas a un prazo suspensivo máximo de dous anos contado, segundo proceda, desde as datas indicadas anteriormente, prazo que se interromperá no momento en que o interesado empece a percibir a dita prestación.»

TÍTULO IV

Medidas fiscais

Artigo 23. *Modificación da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido.*

Con efectos desde o 1 de setembro de 2012 introdúcense as seguintes modificacións na Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido:

Un. Modifícase o punto 1.º do número dous do artigo 8, que queda redactado da seguinte forma:

«1.º As execucións de obra que teñan por obxecto a construción ou rehabilitación dunha edificación, no sentido do artigo 6 desta lei, cando o empresario que execute a obra proporcione unha parte dos materiais utilizados, sempre que o custo destes exceda o 40 por 100 da base impositiva.»

Dous. Modifícase o número un do artigo 90, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 90. *Tipo impositivo xeral.*

Un. O imposto exixirase ao tipo do 21 por cento, salvo o disposto no artigo seguinte.»

Tres. Modifícase o artigo 91, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 91. *Tipos impositivos reducidos.*

Un. Aplicarase o tipo do 10 por cento ás operacións seguintes:

1. As entregas, adquisicións intracomunitarias ou importacións dos bens que se indican a continuación:

1.º As substancias ou produtos, calquera que sexa a súa orixe, que, polas súas características, aplicacións, compoñentes, preparación e estado de conservación sexan susceptibles de se utilizaren habitual e idoneamente para a nutrición humana ou animal, de acordo co establecido no Código alimentario e coas disposicións ditadas para o seu desenvolvemento, agás as bebidas alcohólicas.

Enténdese por bebida alcohólica todo líquido apto para o consumo humano por inxestión que conteña alcohol etílico.

Para os efectos deste número, non terán a consideración de alimento o tabaco nin as substancias non aptas para o consumo humano ou animal no mesmo estado en que fosen obxecto de entrega, adquisición intracomunitaria ou importación.

2.º Os animais, vexetais e os demais produtos susceptibles de se utilizaren habitual e idoneamente para a obtención dos produtos a que se refire o número anterior, directamente ou mesturados con outros de orixe distinta.

Compréndense neste número os animais destinados á súa engorda antes de seren utilizados no consumo humano ou animal, e os animais reprodutores destes ou daqueles outros a que se refire o parágrafo anterior.

3.º Os seguintes bens cando, polas súas características obxectivas, envasamento, presentación e estado de conservación, sexan susceptibles de ser utilizados directa, habitual e idoneamente na realización de actividades agrícolas, forestais ou gandeiras: sementes e materiais de orixe exclusivamente animal ou vexetal susceptibles de orixinaren a reprodución de animais ou vexetais; fertilizantes, residuos orgánicos, correctores e emendas, herbicidas, praguicidas de uso fitosanitario ou gandeiro; os plásticos para cultivos en acolchado, en túnel ou en invernadoiro e as bolsas de papel para a protección das froitas antes da súa recolección.

4.º As augas aptas para a alimentación humana ou animal ou para a rega, mesmo en estado sólido.

5.º Os medicamentos para uso animal, así como as substancias medicinais susceptibles de se utilizaren habitual e idoneamente na súa obtención.

6.º Os aparellos e complementos, incluídas as lentes graduadas e as lentes de contacto que, polas súas características obxectivas, sexan susceptibles de destinarse esencial ou principalmente a suplir as deficiencias físicas do home ou dos animais, incluídas as limitativas da súa mobilidade e comunicación.

Os produtos sanitarios, material, equipamentos ou instrumental que, obxectivamente considerados, soamente se poidan utilizar para previr, diagnosticar, tratar, aliviar ou curar enfermidades ou doenzas do home ou dos animais.

Non se inclúen neste número os cosméticos nin os produtos de hixiene persoal, con excepción de compresas, tampóns e protexeslips.

7.º Os edificios ou partes deles aptos para a súa utilización como vivendas, incluídas as prazas de garaxe, cun máximo de dúas unidades, e anexos situados neles que se transmitan conxuntamente.

No relativo a esta lei non terán a consideración de anexos a vivendas os locais de negocio, aínda que se transmitan conxuntamente cos edificios ou parte deles destinados a vivendas.

Non se considerarán edificios aptos para a súa utilización como vivendas as edificacións destinadas á súa demolición a que se refire o artigo 20, número un, punto 22.º, parte A), letra c) desta lei.

8.º As sementes, bulbos, gallos e outros produtos de orixe exclusivamente vexetal susceptibles de se utilizaren na obtención de flores e plantas vivas.

2. As prestacións de servizos seguintes:

1.º Os transportes de viaxeiros e as súas equipaxes.

2.º Os servizos de hostalaría, acampamento e balneario, os de restaurantes e, en xeral, a subministración de comidas e bebidas para consumir no acto, mesmo se se confeccionan logo de encargo do destinatario.

Exceptúanse do disposto no parágrafo anterior os servizos mixtos de hostalaría, espectáculos, discotecas, salas de festa, grelladas ou outros análogos.

3.º As efectuadas en favor de titulares de explotacións agrícolas, forestais ou gandeiras, necesarias para o desenvolvemento destas, que se indican a continuación: plantación, sementeira, enxertado, fertilización, cultivo e recolección; embalaxe e acondicionamento dos produtos, incluídos o seu secado, limpeza, descascado, torado, ensilaxe, almacenamento e desinfección dos produtos; cría, garda e engorda de animais; nivelación, explanación ou disposición en socalcos de terras de cultivo; asistencia técnica; a eliminación de plantas e animais daniños e a

fumigación de plantacións e terreos; drenaxe; corta, entresaca, estelado e descortizado de árbores e limpeza de bosques; e servizos veterinarios.

O disposto no parágrafo anterior non será aplicable en ningún caso ás cesións de uso ou desfrute ou arrendamento de bens.

Igualmente, aplicarase este tipo impositivo ás prestacións de servizos realizadas polas cooperativas agrarias aos seus socios como consecuencia da súa actividade cooperativizada e en cumprimento do seu obxecto social, incluída a utilización polos socios da maquinaria en común.

4.º Os servizos de limpeza de vías públicas, parques e xardíns públicos.

5.º Os servizos de recolla, almacenamento, transporte, valorización ou eliminación de residuos, limpeza de redes de sumidoiros públicas e desratización destes e a recolla ou o tratamento das augas residuais.

Compréndense no parágrafo anterior os servizos de cesión, instalación e mantemento de recipientes normalizados utilizados na recolla de residuos.

Inclúense tamén neste número os servizos de recolla ou tratamento de verteduras en augas interiores ou marítimas.

6.º A entrada a bibliotecas, arquivos e centros de documentación e museos, galerías de arte e pinacotecas.

7.º As prestacións de servizos a que se refire o punto 8º do número un do artigo 20 desta lei cando non estean exentas de acordo co dito precepto nin lles resulte de aplicación o tipo impositivo establecido no punto 3º do número Dous.2 deste artigo.

8.º Os espectáculos deportivos de carácter afeccionado.

9.º As exposicións e feiras de carácter comercial.

10.º As execucións de obra de renovación e reparación realizadas en edificios ou partes deles destinados a vivendas, cando se cumpran os seguintes requisitos:

a) Que o destinatario sexa persoa física, non actúe como empresario ou profesional e utilice a vivenda a que se refiren as obras para o seu uso particular.

Non obstante o disposto no parágrafo anterior, tamén se comprenderán neste número as citadas execucións de obra cando o seu destinatario sexa unha comunidade de propietarios.

b) Que a construción ou rehabilitación da vivenda a que se refiren as obras conclúese polo menos dous anos antes do inicio destas últimas.

c) Que a persoa que realice as obras non proporcione materiais para a súa execución ou, no caso de que os achegue, o seu custo non exceda o 40 por cento da base imponible da operación.

11.º Os arrendamentos con opción de compra de edificios ou partes deles destinados exclusivamente a vivendas, incluídas as prazas de garaxe, cun máximo de dúas unidades, e anexos situados neles que se arrenden conxuntamente.

12.º A cesión dos dereitos de aproveitamento por quenda de edificios, conxuntos inmobiliarios ou sectores deles arquitectonicamente diferenciados cando o inmovible teña, polo menos, dez aloxamentos, de acordo co establecido na normativa reguladora destes servizos.

3. As seguintes operacións:

1.º As execucións de obras, con ou sen achega de materiais, consecuencia de contratos directamente formalizados entre o promotor e o contratista que teñan por obxecto a construción ou rehabilitación de edificacións ou partes delas destinadas principalmente a vivendas, incluídos os locais, anexos, garaxes, instalacións e servizos complementarios situados neles.

Consideraranse destinadas principalmente a vivendas as edificacións en que polo menos o 50 por cento da superficie construída se destine á dita utilización.

2.º As vendas con instalación de armarios de cociña e de baño e de armarios encaixados para as edificacións a que se refire o punto 1º anterior, que sexan

realizadas como consecuencia de contratos directamente formalizados co promotor da construción ou rehabilitación das ditas edificacións.

3.º As execucións de obra, con ou sen achega de materiais, consecuencia de contratos directamente formalizados entre as comunidades de propietarios das edificacións ou partes delas a que se refire o punto 1º anterior e o contratista, que teñan por obxecto a construción de garaxes complementarios das ditas edificacións, sempre que estas execucións de obra se realicen en terreos ou locais que sexan elementos comúns das ditas comunidades e o número de prazas de garaxe que se vai adxudicar a cada un dos propietarios non exceda as dúas unidades.

Dous. Aplicarase o tipo do 4 por cento ás operacións seguintes:

1. As entregas, adquisicións intracomunitarias ou importacións dos bens que se indican a continuación:

1.º Os seguintes produtos:

a) O pan común, así como a masa de pan común conxelada e o pan común conxelado destinados exclusivamente á elaboración do pan común.

b) As fariñas panificables.

c) Os seguintes tipos de leite producido por calquera especie animal: natural, certificado, pasteurizado, concentrado, desnatado, esterilizado, UHT, evaporado e en po.

d) Os queixos.

e) Os ovos.

f) As froitas, verduras, hortalizas, legumes, tubérculos e cereais, que teñan a condición de produtos naturais de acordo co Código alimentario e coas disposicións ditadas para o seu desenvolvemento.

2.º Os libros, xornais e revistas que non conteñan única ou fundamentalmente publicidade, así como os elementos complementarios que se entreguen conxuntamente con estes bens mediante prezo único.

Comprenderanse neste número as execucións de obra que teñan como resultado inmediato a obtención dun libro, xornal ou revista en prego ou en continuo, dun fotólito dos ditos bens ou que consistan na súa encadernación.

Para estes efectos terán a consideración de elementos complementarios as fitas magnetofónicas, discos, videocasetes e outros soportes sonoros ou videomagnéticos similares que constitúan unha unidade funcional co libro, xornal ou revista, perfeccionando ou completando o seu contido e que se vendan con eles, coas seguintes excepcións:

a) Os discos e fitas magnetofónicas que conteñan exclusivamente obras musicais e cuxo valor de mercado sexa superior ao do libro, xornal ou revista con que se entreguen conxuntamente.

b) Os videocasetes e outros soportes sonoros ou videomagnéticos similares que conteñan películas cinematográficas, programas ou series de televisión de ficción ou musicais e cuxo valor de mercado sexa superior ao do libro, xornal ou revista con que se entregue conxuntamente.

c) Os produtos informáticos gravados por calquera medio nos soportes indicados nas letras anteriores, cando conteñan principalmente programas ou aplicacións que se comercialicen de forma independente no mercado.

Entenderase que os libros, xornais e revistas conteñen fundamentalmente publicidade cando máis do 75 por cento dos ingresos que proporcionen ao seu editor se obteñan por este concepto.

Consideraranse comprendidos neste número os álbums, partituras, mapas e cadernos de debuxo, agás os artigos e aparellos electrónicos.

3.º Os medicamentos para uso humano, así como as substancias medicinais, formas galénicas e produtos intermedios, susceptibles de se utilizaren habitual e idoneamente na súa obtención.

4.º Os vehículos para persoas con mobilidade reducida a que se refire o número 20 do anexo I do Real decreto legislativo 339/1990, do 2 de marzo, polo que se aproba o texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade viaria, na redacción dada polo anexo II A do Real decreto 2822/1998, do 23 de decembro, polo que se aproba o Regulamento xeral de vehículos, e as cadeiras de rodas para uso exclusivo de persoas con minusvalidez.

Os vehículos destinados a ser utilizados como autotaxis ou autoturismos especiais para o transporte de persoas con minusvalidez en cadeira de rodas, ben directamente ou logo da súa adaptación, así como os vehículos de motor que, logo de adaptación ou non, deban transportar habitualmente persoas con minusvalidez en cadeira de rodas ou con mobilidade reducida, con independencia de quen sexa o seu condutor.

A aplicación do tipo impositivo reducido aos vehículos comprendidos no parágrafo anterior requirirá o recoñecemento previo do dereito do adquirente, que deberá xustificar o destino do vehículo.

Para os efectos desta lei, consideraranse persoas con minusvalidez aquelas cun grao de minusvalidez igual ou superior ao 33 por cento. O grao de minusvalidez deberase acreditar mediante certificación ou resolución expedida polo Instituto de Migracións e Servizos Sociais ou órgano competente da comunidade autónoma.

5.º As próteses, ortoses e implantes internos para persoas con minusvalidez.

6.º As vivendas cualificadas administrativamente como de protección oficial de réxime especial ou de promoción pública, cando as entregas as efectúen os seus promotores, incluídos os garaxes e anexos situados no mesmo edificio que se transmitan conxuntamente. Para estes efectos, o número de prazas de garaxe non poderá exceder as dúas unidades.

As vivendas que sexan adquiridas polas entidades que apliquen o réxime especial previsto no capítulo III do título VII do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto legislativo 4/2004, do 5 de marzo, sempre que ás rendas derivadas do seu posterior arrendamento lles sexa aplicable a bonificación establecida no número 1 do artigo 54 da citada lei. Para estes efectos, a entidade adquirente comunicará esta circunstancia ao suxeito pasivo con anterioridade á devindicación da operación na forma que se determine regulamentariamente.

2. As prestacións de servizos seguintes:

1.º Os servizos de reparación dos vehículos e das cadeiras de rodas comprendidos no parágrafo primeiro do punto 4.º do número Dous.1 deste artigo e os servizos de adaptación dos autotaxis e autoturismos para persoas con minusvalidez e dos vehículos de motor a que se refire o parágrafo segundo do mesmo precepto, independentemente de quen sexa o seu condutor.

2.º Os arrendamentos con opción de compra de edificios ou partes deles destinados exclusivamente a vivendas cualificadas administrativamente como de protección oficial de réxime especial ou de promoción pública, incluídas as prazas de garaxe, cun máximo de dúas unidades, e anexos situados neles que se arrenden conxuntamente.

3.º Os servizos de teleasistencia, axuda a domicilio, centro de día e de noite e atención residencial, a que se refiren as letras b), c), d) e e) do número 1 do artigo 15 da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, sempre que se presten en prazas concertadas en centros ou residencias ou mediante prezos derivados dun concurso administrativo adxudicado ás empresas prestadoras, ou como consecuencia dunha prestación económica vinculada a tales servizos que cubra

máis do 75 por cento do seu prezo, en aplicación, en ambos os dous casos, do disposto na dita lei.

O disposto neste punto 3.º non se aplicará aos servizos que resulten exentos por aplicación do punto 8.º do número un do artigo 20 desta lei.

Tres. O disposto nos números Un.1 e Dous.1 deste artigo será tamén aplicable ás execucións de obra que sexan prestacións de servizos, de acordo co previsto no artigo 11 desta lei, e teñan como resultado inmediato a obtención dalgún dos bens a cuxa entrega resulte aplicable un dos tipos reducidos previstos nos ditos preceptos.

O contido do parágrafo anterior non será de aplicación ás execucións de obra que teñan por obxecto a construción ou rehabilitación de vivendas de protección oficial de réxime especial ou de promoción pública a que se refire o número Un.3 deste artigo.»

Catro. Modifícase o número cinco do artigo 130, que queda redactado da seguinte forma:

«Cinco. A compensación a tanto global a que se refire o número tres deste artigo será a cantidade resultante de aplicar, ao prezo de venda dos produtos ou dos servizos indicados no dito punto, a porcentaxe que proceda de entre as que se indican a continuación:

1.º O 12 por 100, nas entregas de produtos naturais obtidos en explotacións agrícolas ou forestais e nos servizos de carácter accesorio das ditas explotacións.

2.º O 10,5 por 100, nas entregas de produtos naturais obtidos en explotacións gandeiras ou pesqueiras e nos servizos de carácter accesorio das ditas explotacións.

Para a determinación dos referidos prezos, non se computarán os tributos indirectos que graven as citadas operacións, nin os gastos accesorios ou complementarios a estas cargados separadamente ao adquirente, tales como comisións, embalaxes, portes, transportes, seguros, financeiros ou outros.

Nas operacións realizadas sen contraprestación monetaria, as referidas porcentaxes aplicaranse sobre o valor de mercado dos produtos entregados ou dos servizos prestados.

A porcentaxe aplicable en cada operación será a vixente no momento en que naza o dereito a percibir a compensación.»

Cinco. Modifícase o número un do artigo 135, que queda redactado da seguinte forma:

« Un. Os suxeitos pasivos revendedores de bens usados ou de bens mobles que teñan a consideración de obxectos de arte, antigüidades ou obxectos de colección aplicarán o réxime especial regulado neste capítulo ás seguintes entregas de bens:

1.º Entregas de bens usados, obxectos de arte, antigüidades e obxectos de colección adquiridos polo revendedor a:

- a) Unha persoa que non teña a condición de empresario ou profesional.
- b) Un empresario ou profesional que se beneficie do réxime de franquía do imposto no Estado membro de inicio da expedición ou transporte do ben, sempre que o dito ben teña para o referido empresario ou profesional a consideración de ben de investimento.
- c) Un empresario ou profesional en virtude dunha entrega exenta do imposto, por aplicación do disposto no artigo 20, número un, puntos 24º ou 25º desta lei.
- d) Outro suxeito pasivo revendedor que aplicase á súa entrega o réxime especial dos bens usados, obxectos de arte, antigüidades e obxectos de colección.

2.º Entregas de obxectos de arte, antigüidades ou obxectos de colección que fosen importados polo propio suxeito pasivo revendedor.

3.º Entregas de obxectos de arte adquiridos a empresarios ou profesionais que sexan autores ou habentes dereito deles.»

Seis. Modifícase o artigo 161, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 161. *Tipos.*

Os tipos da recarga de equivalencia serán os seguintes:

1.º Con carácter xeral, o 5,2 por cento.

2.º Para as entregas de bens ás cales resulte aplicable o tipo impositivo establecido no artigo 91, número un desta lei, o 1,4 por cento.

3.º Para as entregas de bens a que sexa aplicable o tipo impositivo previsto no artigo 91, número dous desta lei, o 0,50 por cento.

4.º Para as entregas de bens obxecto do imposto especial sobre os elaborados do tabaco, o 1,75 por cento.»

Sete. Engádesse unha disposición transitoria décimo primeira, que queda redactada da seguinte forma:

«Disposición transitoria décimo primeira. *Réxime especial dos bens usados, obxectos de arte, antigüidades e obxectos de colección.*

Os suxeitos pasivos revendedores de bens usados ou de bens mobles, a que se refire o artigo 136.Un.5.º desta lei, poderán aplicar o réxime especial dos bens usados, obxectos de arte, antigüidades e obxectos de colección ás entregas de obxectos de arte, adquiridos a empresarios ou profesionais, distintos dos revendedores a que se refire o artigo 136 da lei, cando á dita adquisición tivese sido de aplicación un tipo reducido do imposto.»

Artigo 24. *Modificación da Lei 38/1992, do 28 de decembro, de impostos especiais.*

Con efectos desde a entrada en vigor deste real decreto lei modifícase o artigo 60 da Lei 38/1992, do 28 de decembro, de impostos especiais, aínda que o disposto na súa epígrafe 2 resultará de aplicación desde o 1 de setembro de 2012, que queda redactada da seguinte forma:

«Artigo 60. *Tipos impositivos.*

O imposto exixirase conforme a seguinte tarifa:

Epígrafe 1. Xarutos e xarutiños: agás nos casos en que resulte aplicable o parágrafo seguinte, os xarutos e xarutiños estarán gravados ao tipo do 15,8 por 100.

Os xarutos e xarutiños estarán gravados ao tipo único de 32 euros por cada 1.000 unidades cando a cota que resultaría da aplicación do tipo porcentual anterior sexa inferior á contía do tipo único.

Epígrafe 2. Cigarros: agás nos casos en que resulte aplicable o parágrafo seguinte, os cigarros estarán gravados simultaneamente aos seguintes tipos impositivos:

a) Tipo proporcional: 53,1 por 100.

b) Tipo específico: 19,1 euros por cada 1.000 cigarros.

Os cigarros estarán gravados ao tipo único de 119,1 euros por cada 1.000 cigarros cando a suma das cotas que resultarían da aplicación dos tipos das letras a) e b) anteriores sexa inferior á contía do tipo único.

Epígrafe 3. Picadura para lear: agás nos casos en que resulte aplicable o parágrafo seguinte, a picadura para lear estará gravada simultaneamente aos seguintes tipos impositivos:

- a) Tipo proporcional: 41,5 por 100.
- b) Tipo específico: 8 euros por quilogramo.

A picadura para lear estará gravada ao tipo único de 80 euros por quilogramo cando a suma das cotas que resultarían da aplicación dos tipos das letras a) e b) anteriores sexa inferior á contía do tipo único.

Epígrafe 4. Os demais elaborados do tabaco: 28,4 por 100.»

Artigo 25. *Modificación da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial das leis dos impostos sobre sociedades, sobre a renda de non-residentes e sobre o patrimonio.*

Primeiro. Con efectos desde a entrada en vigor deste real decreto lei suprímese a letra c) da disposición transitoria décimo terceira da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial das leis dos impostos sobre sociedades, sobre a renda de non-residentes e sobre o patrimonio.

Segundo. Con efectos desde o 1 de setembro de 2012 introdúcese as seguintes modificacións na Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial das leis dos impostos sobre sociedades, sobre a renda de non-residentes e sobre o patrimonio:

Un. Modifícase o número 3 do artigo 101, que queda redactado da seguinte forma:

«3. A porcentaxe de retención e ingreso á conta sobre os rendementos do traballo derivados de impartir cursos, conferencias, coloquios, seminarios e similares, ou derivados da elaboración de obras literarias, artísticas ou científicas, sempre que se ceda o dereito á súa explotación, será do 19 por cento. Esta porcentaxe reducirase á metade cando se trate de rendementos do traballo obtidos en Ceuta e Melilla que teñan dereito á dedución na cota prevista no artigo 68.4 desta lei.»

Dous. Modifícase a letra a) do número 5 do artigo 101, que queda redactada da seguinte forma:

«a) O 19 por cento, no caso dos rendementos de actividades profesionais establecidos en vía regulamentaria.

Non obstante, aplicarase a porcentaxe do 9 por cento sobre os rendementos de actividades profesionais que se establezan regulamentariamente.

Estas porcentaxes reduciranse á metade cando os rendementos teñan dereito á dedución na cota prevista no artigo 68.4 desta lei.»

Tres. Engádese unha disposición transitoria vixésimo terceira, que queda redactada da seguinte forma:

«Disposición transitoria vixésimo terceira. *Tipo de retención aplicable aos rendementos de actividades profesionais e a determinados rendementos do traballo en 2012 e 2013.*

A porcentaxe de retención ou ingreso á conta aplicable aos rendementos previstos no número 3 e na letra a) do número 5, ambos os dous do artigo 101 desta lei, satisfeitos ou aboados ata o 31 de agosto de 2012, será a prevista no dito artigo, na súa redacción vixente en 1 de xaneiro de 2012.

A porcentaxe de retención ou ingreso á conta aplicable aos ditos rendementos que se satisfagan ou aboen a partir do 1 de setembro de 2012 será a prevista no primeiro parágrafo do número 4 da disposición adicional trixésimo quinta desta lei,

salvo no suposto en que resulte de aplicación a porcentaxe do 9 por cento prevista no segundo parágrafo da letra a) do número 5 do artigo 101 desta lei.»

Artigo 26. Modificacións relativas ao imposto sobre sociedades.

Primeiro. Con efectos para os períodos impositivos que se inicien dentro dos anos 2012 e 2013, introdúcese as seguintes modificacións no réxime legal do imposto sobre sociedades:

Un. Modifícase o número dous do punto primeiro do artigo 9 do Real decreto lei 9/2011, do 19 de agosto, de medidas para a mellora da calidade e cohesión do sistema nacional de saúde, de contribución á consolidación fiscal e de elevación do importe máximo dos avais do Estado para 2011, que queda redactado da seguinte forma:

«Dous. Para os suxeitos pasivos cuxo volume de operacións, calculado conforme o disposto no artigo 121 da Lei 37/1992, superase a cantidade de 6.010.121,04 euros durante os doce meses anteriores á data en que se inicien os períodos impositivos dentro do ano 2012 ou 2013, na compensación de bases impositivas negativas a que se refire o artigo 25 do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, teranse en consideración as seguintes especialidades:

-A compensación de bases impositivas negativas está limitada ao 50 por cento da base impositiva previa á dita compensación, cando neses doce meses o importe neto da cifra de negocios sexa polo menos vinte millóns de euros pero inferior a sesenta millóns de euros.

-A compensación de bases impositivas negativas está limitada ao 25 por cento da base impositiva previa á dita compensación, cando neses doce meses o importe neto da cifra de negocios sexa polo menos sesenta millóns de euros.

O previsto neste número non será de aplicación aos pagamentos fraccionados cuxo prazo de declaración vencese no momento da entrada en vigor deste real decreto lei.»

Dous. Modifícase o número un do punto primeiro do artigo 1 do Real decreto lei 12/2012, do 30 de marzo, polo que se introducen diversas medidas tributarias e administrativas dirixidas á redución do déficit público, que queda redactado da seguinte forma:

«Un. A dedución correspondente ao fondo de comercio a que se refire o número 6 do artigo 12 do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto legislativo 4/2004, do 5 de marzo, que se deduza da base impositiva nos períodos impositivos iniciados dentro do ano 2012 ou 2013, está suxeita ao límite anual máximo da centésima parte do seu importe.

O disposto no parágrafo anterior non será de aplicación aos contribuíntes do imposto sobre a renda das persoas físicas que cumpran os requisitos establecidos no número 1 do artigo 108 do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades.».

Tres. A dedución correspondente ao inmovilizado intanxible con vida útil indefinida a que se refire o número 7 do artigo 12 do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, que se deduza da base impositiva nos períodos impositivos iniciados dentro do ano 2012 ou 2013, está suxeita ao límite anual máximo da cincuentava parte do seu importe.

O disposto no parágrafo anterior non será de aplicación aos contribuíntes do imposto sobre a renda das persoas físicas que cumpran os requisitos establecidos no número 1 do artigo 108 do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades.

O previsto neste número non será de aplicación aos pagamentos fraccionados cuxo prazo de declaración vencese no momento da entrada en vigor deste real decreto lei.

Segundo. Con efectos para os pagamentos fraccionados cuxos prazos de declaración se inicien a partir da entrada en vigor deste real decreto lei, correspondentes a períodos impositivos iniciados dentro dos anos 2012 e 2013, introdúcese as seguintes modificacións no réxime legal do imposto sobre sociedades:

Un. Na determinación dos pagamentos fraccionados que se realicen na modalidade prevista no número 3 do artigo 45 do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, integrárase na base imponible do período respecto do cal se calcula o correspondente pagamento fraccionado o 25 por cento do importe dos dividendos e as rendas devindicadas nel, aos cales resulte de aplicación o artigo 21 da dita lei.

Dous. Modifícase o número un do punto primeiro do artigo 9 do Real decreto lei 9/2011, do 19 de agosto, de medidas para a mellora da calidade e cohesión do Sistema nacional de saúde, de contribución á consolidación fiscal, e de elevación do importe máximo dos avais do Estado para 2011, que queda redactado da seguinte forma:

«Un. A porcentaxe a que se refire o número 4 do artigo 45 do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, para a modalidade prevista no número 3 do dito artigo, será:

a) Tratándose de suxeitos pasivos cuxo volume de operacións, calculado conforme o disposto no artigo 121 da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido, non superase a cantidade de 6.010.121,04 euros durante os doce meses anteriores á data en que se inicien os períodos impositivos dentro do ano 2012 ou 2013, segundo corresponda, o resultado de multiplicar por cinco sétimos o tipo de gravame arredondado por defecto.

b) Tratándose de suxeitos pasivos cuxo volume de operacións, calculado conforme o disposto no artigo 121 da Lei 37/1992, superase a cantidade de 6.010.121,04 euros durante os doce meses anteriores á data en que se inicien os períodos impositivos dentro do ano 2012 ou 2013:

– O resultado de multiplicar por cinco sétimos o tipo de gravame arredondado por defecto, cando neses doce meses o importe neto da cifra de negocios sexa inferior a dez millóns de euros.

– O resultado de multiplicar por quince vinteavos o tipo de gravame arredondado por exceso, cando neses doce meses o importe neto da cifra de negocios sexa polo menos dez millóns de euros pero inferior a vinte millóns de euros.

– O resultado de multiplicar por dezasete vinteavos o tipo de gravame arredondado por exceso, cando neses doce meses o importe neto da cifra de negocios sexa polo menos vinte millóns de euros pero inferior a sesenta millóns de euros.

– O resultado de multiplicar por dezanove vinteavos o tipo de gravame arredondado por exceso, cando neses doce meses o importe neto da cifra de negocios sexa polo menos sesenta millóns de euros.

Estarán obrigados á modalidade a que se refire o número 3 do artigo 45 do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, os suxeitos pasivos cuxo volume de operacións, calculado conforme o disposto no artigo 121 da Lei 37/1992, superase a cantidade de 6.010.121,04 euros durante os doce meses anteriores á data en que se inicien os períodos impositivos dentro do ano 2012 ou 2013.»

Tres. Modifícase o número catro do punto primeiro do artigo 1 do Real decreto lei 12/2012, do 30 de marzo, polo que se introducen diversas medidas tributarias e administrativas dirixidas á redución do déficit público, que queda redactado da seguinte forma:

«Catro. A cantidade que se deberá ingresar, correspondente aos pagamentos fraccionados establecidos no número 3 do artigo 45 do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, para os suxeitos pasivos cuxo importe neto da cifra de negocios nos doce meses anteriores á data en que se inicien os períodos

impositivos dentro do ano 2012 ao 2013 sexa polo menos vinte millóns de euros, non poderá ser inferior, en ningún caso, ao 12 por cento do resultado positivo da conta de perdas e ganancias do exercicio dos tres, nove ou once primeiros meses de cada ano natural ou, para suxeitos pasivos cuxo período impositivo non coincida co ano natural, do exercicio transcorrido desde o inicio do período impositivo ata o día anterior ao inicio de cada período de ingreso do pagamento fraccionado, determinado de acordo co Código de comercio e demais normativa contable de desenvolvemento, minorado exclusivamente nos pagamentos fraccionados realizados con anterioridade, correspondentes ao mesmo período impositivo.

Non obstante, a porcentaxe establecida no parágrafo anterior será do 6 por cento para aquelas entidades alí referidas, en que polo menos o 85 por cento dos ingresos dos tres, nove ou once primeiros meses de cada ano natural ou, para suxeitos pasivos cuxo período impositivo non coincida co ano natural, do exercicio transcorrido desde o inicio do período impositivo ata o día anterior ao inicio de cada período de ingreso do pagamento fraccionado, correspondan a rendas ás cales resulten de aplicación as exencións previstas nos artigos 21 e 22 ou a dedución prevista no artigo 30.2, do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades.»

Terceiro. Con efectos para os períodos impositivos iniciados a partir do 1 de xaneiro de 2012, modifícase o número 5 e engádesse un novo número 6 no artigo 20 do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto legislativo 4/2004, do 5 de marzo, que quedan redactados da seguinte forma:

«5. Se o período impositivo da entidade tiver unha duración inferior ao ano, o importe previsto no parágrafo cuarto do número 1 deste artigo será o resultado de multiplicar 1 millón de euros pola proporción existente entre a duración do período impositivo respecto do ano.

6. A limitación prevista neste artigo non resultará de aplicación:

a) Ás entidades de crédito e aseguradoras. Non obstante, no caso de entidades de crédito ou aseguradoras que tributen no réxime de consolidación fiscal conxuntamente con outras entidades que non teñan esta consideración, o límite establecido neste artigo calcularase tendo en conta o beneficio operativo e os gastos financeiros netos destas últimas entidades.

Para estes efectos, recibirán o tratamento das entidades de crédito aquelas entidades cuxos dereitos de voto correspondan, directa ou indirectamente, integramente a aquelas, e cuxa única actividade consista na emisión e colocación no mercado de instrumentos financeiros para reforzar o capital regulatorio e o financiamento de tales entidades.

b) No período impositivo en que se produza a extinción da entidade, salvo que esta sexa consecuencia dunha operación de reestruturación acollida ao réxime especial establecido no capítulo VIII do título VII desta lei, ou ben se realice dentro dun grupo fiscal e a entidade extinguida teña gastos financeiros pendentes de deducir no momento da súa integración nel.»

Cuarto. Con efectos a partir da entrada en vigor deste real decreto lei, engádesse a disposición adicional décimo sétima do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto legislativo 4/2004, do 5 de marzo, que queda redactada da seguinte forma:

«Disposición adicional décimo sétima. *Gravame especial sobre dividendos e rendas de fonte estranxeira derivadas da transmisión de valores representativos dos fondos propios de entidades non residentes en territorio español non incluídos na disposición adicional décimo quinta desta lei.*

1. Os dividendos ou participacións en beneficios de entidades non residentes en territorio español que cumpran o requisito establecido na letra a) do número 1

do artigo 21 desta lei e non lles resulte de aplicación a disposición adicional décimo quinta desta lei, que se devindiquen ata o 30 de novembro de 2012, poderán non integrarse na base imponible deste imposto, mediante a opción do suxeito pasivo pola suxeición a este a través dun gravame especial.

A base imponible do gravame especial estará constituída polo importe íntegro dos dividendos ou participacións en beneficios devindicados, sen que resulte fiscalmente deducible a perda por deterioración do valor da participación que poida derivar da distribución dos beneficios que sexan obxecto deste gravame especial.

2. As rendas derivadas da transmisión de valores representativos dos fondos propios de entidades non residentes en territorio español que cumpran o requisito establecido na letra a) do número 1 do artigo 21 desta lei o día en que se produza a transmisión e non lles resulte de aplicación a disposición adicional décimo quinta desta lei, cuxa transmisión se realice ata 30 de novembro de 2012, poderán non integrarse na base imponible deste imposto, mediante a opción do suxeito pasivo pola suxeición a este a través do gravame especial previsto no punto anterior.

Neste caso, a base imponible estará constituída pola renda obtida na transmisión, así como a reversión de calquera corrección de valor sobre a participación transmitida, que tivese a consideración de fiscalmente deducible durante o tempo de tenza da participación.

Non obstante, este gravame especial non resultará de aplicación respecto da transmisión de valores representativos dos fondos propios de entidades non residentes en territorio español a que se refire a letra a) do número 2 do artigo 21 desta lei.

3. O tipo de gravame especial será do 10 por cento.

Non obstante, no caso de transmisión de valores representativos dos fondos propios de entidades non residentes en territorio español, a parte de base imponible que se corresponda con calquera corrección de valor que tivese a consideración de fiscalmente deducible durante o tempo de tenza da participación, tributará ao tipo de gravame que corresponda ao suxeito pasivo.

Os dividendos ou participacións en beneficios, así como as rendas derivadas da transmisión de valores representativos dos fondos propios de entidades non residentes en territorio español, suxeitos a este gravame especial, non xerarán dereito á aplicación da dedución por dobre imposición internacional prevista nos artigos 31 e 32 desta lei.

4. O gasto contable correspondente a este gravame especial non será fiscalmente deducible da base imponible do imposto sobre sociedades.

5. No suposto de dividendos ou participacións en beneficios de entidades non residentes en territorio español, o gravame especial devindicarase o día do acordo de distribución de beneficios pola xunta xeral de accionistas, ou órgano equivalente.

No caso de transmisión de valores representativos dos fondos propios de entidades non residentes en territorio español, o gravame especial devindicarase o día en que se produza esta.

6. O gravame especial deberase autoliquidar e ingresar no prazo dos 25 días seguintes á data de devindicación. O modelo de declaración deste gravame especial será o aprobado pola Orde HAP/1181/2012, do 31 de maio, pola que se aproba o modelo 250, Gravame especial sobre dividendos e rendas de fonte estranxeira derivadas da transmisión de valores representativos dos fondos propios de entidades non residentes en territorio español, que será obxecto de adaptación para os efectos previstos nesta disposición.»

TÍTULO V

Medidas de liberalización comercial e de fomento da internacionalización empresarial

Artigo 27. *Modificación da Lei 1/2004, do 21 de decembro, de horarios comerciais.*

A Lei 1/2004, do 21 de decembro, de horarios comerciais, queda modificada como segue:

Un. O número 1 do artigo 3 queda redactado do seguinte modo:

«1. O horario global en que os comercios poderán desenvolver a súa actividade durante o conxunto de días laborables da semana non poderá ser restrinxido polas comunidades autónomas a menos de 90 horas.»

Dous. O artigo 4 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 4. *Domingos e festivos.*

1. O número mínimo de domingos e días festivos en que os comercios poderán permanecer abertos ao público será de dezaseis.

2. As comunidades autónomas poderán modificar o dito número en atención ás súas necesidades comerciais, incrementándoo ou reducíndoo, sen que en ningún caso se poida limitar por debaixo de dez o número mínimo de domingos e festivos de apertura autorizada.

3. Cada comerciante determinará libremente o horario correspondente a cada domingo ou día festivo en que exerza a súa actividade.

4. A determinación dos domingos ou días festivos en que poderán permanecer abertos ao público os comercios, co mínimo anual antes sinalado, corresponderá a cada comunidade autónoma para o seu respectivo ámbito territorial.

5. Para a determinación dos domingos e festivos de apertura a que se refiren os números 1 e 2, as comunidades autónomas deberán atender de forma prioritaria ao atractivo comercial dos días para os consumidores, de acordo cos seguintes criterios:

a) A apertura en polo menos un día festivo cando se produza a coincidencia de dous ou máis días festivos continuados.

b) A apertura nos domingos e festivos correspondentes aos períodos de rebaixas.

c) A apertura nos domingos e festivos de maior afluencia turística na comunidade autónoma.

d) A apertura nos domingos ou festivos da campaña de Nadal.»

Tres. O artigo 5 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 5. *Establecementos con réxime especial de horarios.*

1. Os establecementos dedicados principalmente á venda de pastelería e repostería, pan, pratos preparados, prensa, combustibles e carburantes, florarías e plantas e as denominadas tendas de conveniencia, así como as instaladas en puntos fronteirizos, en estacións e medios de transporte terrestre, marítimo e aéreo e en zonas de grande afluencia turística, terán plena liberdade para determinar os días e as horas en que permanecerán abertos ao público en todo o territorio nacional.

2. Tamén terán plena liberdade para determinar os días e as horas en que permanecerán abertos ao público en todo o territorio nacional os establecementos de venda de reducida dimensión distintos dos anteriores, que dispoñan dunha superficie útil para a exposición e venda ao público inferior a 300 metros cadrados,

excluídos os pertencentes a empresas ou grupos de distribución que non teñan a consideración de pequena e mediana empresa segundo a lexislación vixente.

3. Entenderase por tendas de conveniencia aquelas que, cunha superficie útil para a exposición e venda ao público non superior a 500 metros cadrados, permanezan abertas ao público polo menos dezoito horas ao día e distribúan a súa oferta, en forma similar, entre libros, xornais e revistas, artigos de alimentación, discos, vídeos, xoguetes, regalos e artigos varios.

4. Para os efectos do establecido no número 1, as comunidades autónomas, por proposta dos concellos correspondentes, determinarán as zonas de grande afluencia turística para o seu respectivo ámbito territorial. Consideraranse zonas de grande afluencia turística aquelas áreas coincidentes coa totalidade do municipio ou parte deste en que concorran algunha das seguintes circunstancias:

a) Existencia dunha concentración suficiente, cuantitativa ou cualitativamente, de prazas en aloxamentos e establecementos turísticos ou ben no número de segundas residencias respecto ás que constitúen residencia habitual.

b) Que fose declarado patrimonio da humanidade ou no cal se localice un ben inmovible de interese cultural integrado no patrimonio histórico-artístico.

c) Que limiten ou constitúan áreas de influencia de zonas fronteirizas.

d) Celebración de grandes eventos deportivos ou culturais de carácter nacional ou internacional.

e) Proximidade a áreas portuarias en que operen cruceiros turísticos e rexistren unha afluencia significativa de visitantes.

f) Que constitúan áreas cuxo principal atractivo sexa o turismo de compras.

g) Cando concorran circunstancias especiais que así o xustifiquen.

5. En todo caso, nos municipios con máis de 200.000 habitantes que rexistrasen máis de 1.000.000 de pernoitas no ano inmediatamente anterior ou que contén con portos en que operen cruceiros turísticos que recibisen no ano inmediato anterior máis de 400.000 pasaxeiros, declararase, polo menos, unha zona de grande afluencia turística aplicando os criterios previstos no número anterior.

6. As oficinas de farmacia, así como os estancos, rexeranse pola súa normativa específica. No seu defecto, aplicaranse as disposicións desta lei.

7. Dentro dos límites marcados pola presente lei, as comunidades autónomas poderán regular especificamente os horarios comerciais dos establecementos dedicados exclusivamente á venda de produtos culturais, así como os que presten servizos desta natureza.»

Catro. A disposición adicional primeira queda redactada do seguinte modo:

«Disposición adicional primeira. *Réxime de liberdade de horarios.*

En caso de que as comunidades autónomas decidan non facer uso da opción que lles confire o número 1 do artigo 3, entenderase que os comerciantes dispoñen de plena liberdade para determinar as horas de apertura dos seus establecementos.»

Cinco. A disposición adicional segunda queda redactada do seguinte modo:

«Disposición adicional segunda. *Liberdade de elección de domingos e festivos.*

Artigo 28. *Modificación da Lei 7/1996, do 15 de xaneiro, de ordenación do comercio retalista.*

A Lei 7/1996, do 15 de xaneiro, de ordenación do comercio retalista, queda modificada como segue:

Un. Engádesse un número 4 ao artigo 18 coa seguinte redacción:

«4. As actividades de promoción de vendas poderanse simultanear nun mesmo establecemento comercial, agás nos supostos de venda en liquidación, sempre e cando exista a debida separación entre elas e se respecten os deberes de información.»

Dous. Engádesse un número 3 ao artigo 20 coa seguinte redacción:

«Artigo 20. *Constancia da redución de prezos.*

«3. En ningún caso, a utilización das actividades de promoción de vendas poderá condicionarse á existencia dunha redución porcentual mínima ou máxima.»

Tres. O artigo 25 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 25. *Tempada de rebaixas.*

1. As vendas en rebaixas poderán ter lugar nos períodos estacionais de maior interese comercial segundo o criterio de cada comerciante.

2. A duración de cada período de rebaixas será decidida libremente por cada comerciante.»

Catro. O número 1 do artigo 26 queda redactado do seguinte modo:

«1. Os artigos obxecto da venda en rebaixas deberán ter estado incluídos con anterioridade na oferta habitual de vendas.»

Cinco. O artigo 27 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 27. *Concepto.*

1. Considéranse vendas en promoción ou en oferta aquelas non consideradas especificamente noutro dos capítulos deste título, que se realicen por prezo inferior ou en condicións máis favorables que as habituais, co fin de potenciar a venda de certos produtos ou o desenvolvemento dun ou varios comercios ou establecementos.

2. Os artigos que se vaian comerciar como produtos en promoción poderán adquirirse con este exclusivo fin, non poderán estar deteriorados nin tampouco ser de peor calidade que os mesmos produtos que vaian ser obxecto de futura oferta ordinaria a prezo normal.

3. Será de aplicación ás vendas de promoción o disposto nos artigos 33 e 34 da presente lei.»

Seis. O artigo 28 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 28. *Concepto.*

1. Considérase venda de saldos a de produtos cuxo valor de mercado apareza manifestamente diminuído por mor da súa deterioración, dano, desuso ou obsolescencia, sen que un produto teña esta consideración só polo feito de ser un excedente de produción ou de tempada.

2. Non cabe cualificar como venda de saldos a daqueles produtos cuxa venda baixo tal réxime implique risco ou engano para o comprador, nin a daqueles produtos que non se venden realmente por prezo inferior ao habitual.»

Sete. O artigo 31 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 31. *Duración e reiteración.*

1. A duración máxima da venda en liquidación será dun ano.

2. Non procederá efectuar unha nova liquidación no mesmo establecemento de produtos similares á anterior no curso dos tres anos seguintes, agás cando esta última teña lugar en execución de decisión xudicial ou administrativa, por cesación total da actividade ou por causa de forza maior.»

Artigo 29. *Modificación da Lei 10/1970, do 4 de xullo, pola que se modifica o réxime do seguro de crédito á exportación.*

A Lei 10/1970, do 4 de xullo, pola que se modifica o réxime do seguro de crédito á exportación, queda modificada como segue:

Un. O artigo segundo queda redactado do seguinte modo:

«Artigo segundo.

A sociedade poderá, en nome e por conta propia, operar en calquera ramo do seguro directo distinto ao de vida axustándose aos requisitos exixidos no texto refundido da Lei de ordenación e supervisión dos seguros privados, aprobado polo Real decreto legislativo 6/2004, do 29 de outubro.

As operacións de aliñación do capital da sociedade titularidade da Administración xeral do Estado executaranse conforme o previsto na Lei 33/2003, do 3 de novembro, do patrimonio das administracións públicas, e demais normas que poidan resultar de aplicación.

Corresponde á Administración xeral do Estado garantir o control público da actividade da conta do Estado cuxa xestión ten encomendada a compañía, para o cal o Goberno, mediante real decreto adoptado por proposta do Ministerio de Economía e Competitividade, establecerá os mecanismos de control da dita actividade.»

Dous. A disposición adicional primeira queda redactada do seguinte modo:

«Disposición adicional primeira. *Outorgamento de garantías por conta do Estado.*

1. CESCE poderá garantir, por conta do Estado, ata o límite máximo que estableza a lei de orzamentos xerais do Estado de cada ano, as obrigas económicas derivadas de garantías prestadas por terceiros, préstamos, créditos á exportación ou emisións de instrumentos financeiros, destinados a facilitar o financiamento de operacións de comercio exterior e internacionalización da empresa española. Ademais, poderá garantir, coas mesmas limitacións, as obrigas económicas derivadas de instrumentos financeiros, incluídos os resultantes de operacións de titulización, cuxa emisión se encontre avalada por créditos ou préstamos á exportación de bens e servizos españois asegurados por CESCE.

Para os efectos do previsto no parágrafo anterior, CESCE poderá outorgar fianzas, garantías a primeira demanda e calquera outro compromiso de pagamento ou resarcimento que resulte exixible en caso de incumprimento das obrigas obxecto de garantía e que aprobe a Comisión Executiva de Riscos Políticos por conta do Estado do Consello de Administración de CESCE.

2. Todas e cada unha das operacións que pretendan ser garantidas conforme o establecido no número anterior deberán previamente ser aprobadas pola Comisión de Riscos Políticos por conta do Estado de CESCE.

3. O Estado responderá das obrigas asumidas por CESCE por conta daquel, para o cal as leis de orzamentos xerais do Estado incluírán os créditos necesarios para facer fronte á cobertura dos riscos e gastos que se contraían por conta do Estado, sempre e cando os dereitos cobrados e as reservas que, se é o caso, se constitúan resultaren insuficientes.»

Artigo 30. *Modificación da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores.*

Engádesse unha nova letra l) ao artigo 2.1:

«l) As cédulas de internacionalización.»

Artigo 31. *Modificación da Lei 44/2002, do 22 de novembro, de medidas de reforma do sistema financeiro.*

A Lei 44/2002, do 22 de novembro, queda modificada como segue:

Un. Engádesse un novo parágrafo ao final do punto primeiro do artigo 13 coa seguinte redacción:

«No momento da emisión das cédulas territoriais, daqueles préstamos e créditos que poidan igualmente garantir as emisións de cédulas de internacionalización en virtude do artigo 13 bis, punto primeiro, letra a), deberá elixirse cales garantirán a dita emisión.

Estes préstamos e créditos non poderán garantir ambos os dous tipos de cédulas simultaneamente. Tampouco poderán, unha vez asignados como garantía á emisión de cédulas territoriais, deixar de garantir as ditas cédulas para converterse en garantía de cédulas de internacionalización.»

Dous. Engádesse un novo punto oitavo ao artigo 13 coa seguinte redacción:

«Oitavo. A entidade emisora das cédulas territoriais levará un rexistro contable especial dos préstamos e créditos que serven de garantía ás emisións de cédulas territoriais. As contas anuais da entidade emisora recollerán, na forma que regulamentariamente se determine, os datos esenciais do dito rexistro.»

Tres. Engádesse un novo artigo 13 bis coa seguinte redacción:

«Artigo 13 bis. *Cédulas de internacionalización.*

Primeiro. As entidades de crédito poderán realizar emisións de valores de renda fixa coa denominación exclusiva de «Cédulas de internacionalización», cuxo capital e xuros estarán especialmente garantidos por:

a) Os préstamos e créditos vinculados ao financiamento de contratos de exportación de bens e servizos españois ou á internacionalización das empresas residentes en España, concedidos a ou garantidos por administracións centrais, bancos centrais, administracións rexionais, autoridades locais, entidades do sector público, ou bancos multilaterais de desenvolvemento, e organizacións internacionais, e que sexan de alta calidade crediticia.

No momento da emisión das cédulas de internacionalización, dos préstamos e créditos do tipo referido nesta letra que igualmente poidan garantir cédulas territoriais en virtude do disposto no punto primeiro do artigo 13, deberá elixirse cales garantirán a dita emisión.

Estes préstamos e créditos non poderán garantir ambos os dous tipos de cédulas simultaneamente. Tampouco poderán, unha vez asignados como garantía á emisión de cédulas de internacionalización, deixar de garantir as ditas cédulas para converterse en garantía de cédulas territoriais.

b) Os préstamos e créditos vinculados ao financiamento de contratos de exportación de bens e servizos españois ou á internacionalización das empresas residentes en España, concedidos a debedores que sexan empresas non financeiras ou entidades financeiras, e que sexan de alta calidade crediticia.

c) Os préstamos e créditos vinculados ao financiamento de contratos de exportación de bens e servizos españois ou á internacionalización das empresas residentes en España que gocen de cobertura de risco de crédito mediante seguro

ou garantía, por conta do Estado, emitida por CESCE, de acordo co establecido, respectivamente, no artigo 1 e na disposición adicional primeira da Lei 10/1970, do 4 de xullo, pola que se modifica o réxime do seguro de crédito á exportación. De igual modo, tamén se admitirán os préstamos e créditos deste tipo se as ditas coberturas ou garantías se emitisen, en réxime mancomunado, con outro ou outros Estados, e que sexan de alta calidade crediticia, a través da súa correspondente axencia de crédito á exportación ou organismo de análoga natureza e se tratase de financiamento destinado a contratos con participación de múltiples provedores residentes en diferentes xurisdicións.

d) Os activos de substitución recollidos no punto segundo e os fluxos económicos xerados polos instrumentos financeiros derivados vinculados a cada emisión e, en particular os que sirvan de cobertura ao risco de tipo de cambio, nas condicións que regulamentariamente se determinen.

e) Os préstamos e créditos vinculados ao financiamento de contratos de exportación de bens e servizos de calquera nacionalidade que gocen de cobertura de risco de crédito mediante seguro ou garantía por conta de Estados de alta calidade crediticia, emitidos polas súas respectivas axencias de crédito á exportación ou organismos de análoga natureza.

O ministro de Economía e Competitividade especificará as características que os activos a que se refiren as letras a) a e) deste punto deberán presentar para seren considerados de alta calidade crediticia. En todo caso, a súa ponderación por risco, para os efectos do cumprimento cos requisitos de recursos propios por risco de crédito establecidos na normativa de solvencia, deberá ser como máximo do 50 por cento.

Segundo. As cédulas de internacionalización poderán estar sustentadas ata un límite do 5 por cento do principal emitido polos activos de substitución seguintes:

a) valores de renda fixa representados mediante anotacións en conta emitidos polo Estado, outros Estados membros da Unión Europea ou o Instituto de Crédito Oficial,

b) cédulas hipotecarias admitidas a cotización nun mercado secundario oficial, ou nun mercado regulado, sempre que as ditas cédulas non estean garantidas por ningún préstamo ou crédito con garantía hipotecaria concedido polo propio emisor das cédulas de internacionalización nin por outras entidades do seu grupo,

c) bonos hipotecarios admitidos a cotización nun mercado secundario oficial, ou nun mercado regulado, cunha alta calidade crediticia nos termos previstos no punto primeiro, sempre que os ditos valores non estean garantidos por ningún préstamo ou crédito con garantía hipotecaria concedido pola propia entidade emisora das cédulas de internacionalización, nin por outras entidades do seu grupo,

d) valores emitidos por fondos de titulación hipotecaria ou por fondos de titulación de activos admitidos a cotización nun mercado secundario oficial, ou nun mercado regulado, cunha alta calidade crediticia nos termos previstos no punto primeiro, sempre que os ditos valores non estean garantidos por ningún préstamo ou crédito concedido pola propia entidade emisora das cédulas de internacionalización, nin por outras entidades do seu grupo,

e) cédulas territoriais admitidas a cotización nun mercado secundario oficial, ou nun mercado regulado, sempre que as ditas cédulas non estean garantidas por ningún préstamo ou crédito concedido pola propia entidade emisora das cédulas de internacionalización, nin por outras entidades do seu grupo,

f) cédulas de internacionalización admitidas a cotización nun mercado secundario oficial, ou nun mercado regulado, sempre que as ditas cédulas non estean garantidas por ningún préstamo ou crédito concedido pola propia entidade

emisora das cédulas de internacionalización, nin por outras entidades do seu grupo,

g) outros valores de renda fixa admitidos a cotización nun mercado secundario oficial, ou nun mercado regulado, cunha alta calidade crediticia nos termos previstos no punto primeiro, sempre que os ditos valores non fosen emitidos pola propia entidade emisora das cédulas de internacionalización, nin por outras entidades do seu grupo,

h) outros activos de baixo risco e alta liquidez que se determinen regulamentariamente.

Terceiro. As cédulas de internacionalización non deberán ser obxecto de inscrición no Rexistro Mercantil nin lles serán de aplicación as regras contidas no título XI do texto refundido da Lei de sociedades de capital, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2010, do 2 de xullo, nin as previstas na Lei 211/1964, do 24 de decembro, sobre regulación da emisión de obrigas por sociedades que non adoptasen a forma de sociedades anónimas, asociacións ou outras persoas xurídicas, e a constitución do sindicato de obrigacionistas.

Cuarto. O importe total das cédulas emitidas por unha entidade de crédito non poderá ser superior ao 70 por cento do importe dos préstamos e créditos non amortizados mencionados no punto primeiro, e nos termos alí previstos.

Non obstante, se excede o dito límite deberá recuperalo nun prazo non superior a tres meses, aumentando a súa carteira de préstamos ou créditos anteriormente referidos, adquirindo as súas propias cédulas no mercado ou mediante a amortización de cédulas polo importe necesario para restablecer o equilibrio e, mentres tanto, deberá cubrir a diferenza mediante un depósito de efectivo ou de fondos públicos no Banco de España, ou afectando ao pagamento das cédulas novos activos de substitución dos recollidos no punto segundo, sempre que se cumpra o límite establecido no dito punto.

Quinto. Os tedores das cédulas terán dereito preferente sobre os activos a que se refire o punto primeiro deste artigo para o cobramento dos dereitos derivados do título que teñan sobre os ditos valores, nos termos do artigo 1.922 do Código civil.

O mencionado título terá o carácter de executivo nos termos previstos na Lei de axuízamento civil.

Sexto. As cédulas emitidas por unha entidade de crédito, pendentes de amortización, terán o mesmo trato que as cédulas hipotecarias, para os efectos do artigo 38, número 2, letra c), do Real decreto 1309/2005, do 4 de novembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 35/2003, do 4 de novembro, de institucións de investimento colectivo, e se adapta o réxime tributario das institucións de investimento colectivo.

Sétimo. As cédulas de internacionalización emitidas poderán ser admitidas a negociación nos mercados de valores, de conformidade co previsto na Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, e adquiridas polas entidades, caso en que estarán representadas mediante anotacións en conta.

Oitavo. En caso de concurso, os tedores de cédulas de internacionalización gozarán do privilexio especial establecido no punto 1.º do número 1 do artigo 90 da Lei concursal.

Sen prexuízo do anterior, atenderanse durante o concurso, de acordo co previsto no punto 7.º do número 2 do artigo 84 da Lei concursal, e como créditos contra a masa, os pagamentos que correspondan por amortización de capital e xuros das cédulas de internacionalización emitidas e pendentes de amortización na data de solicitude do concurso ata o importe dos ingresos percibidos polo concursado dos préstamos que avalen as cédulas.

Noveno. A entidade emisora das cédulas de internacionalización levará un rexistro contable especial dos préstamos e créditos que serven de garantía ás emisións de cédulas de internacionalización e, de existiren, dos activos de

substitución inmovilizados para darlles cobertura, así como dos instrumentos financeiros derivados vinculados a cada emisión. As contas anuais da entidade emisora recollerán, na forma que regulamentariamente se determine, os datos esenciais do dito rexistro.»

Artigo 32. Modificación do Real decreto lei 4/2011, do 8 de abril, de medidas urxentes de impulso á internacionalización mediante a creación da entidade pública empresarial Instituto Español de Comercio Exterior (Icex).

O Real decreto lei 4/2011, do 8 de abril, de medidas urxentes de impulso á internacionalización mediante a creación da entidade pública empresarial Instituto Español de Comercio Exterior (Icex), queda modificado como segue:

Un. O título queda redactado do seguinte modo:

«Real decreto lei 4/2011, do 8 de abril, de medidas urxentes de impulso á internacionalización mediante a creación da entidade pública empresarial Icex España Exportación e Investmentos (Icex).»

Dous. O número 1 do artigo 1 queda redactado do seguinte modo:

«1. Créase a entidade pública empresarial Icex España Exportación e Investmentos (en diante, Icex), de conformidade co previsto nos artigos 43.1.b e 61.1 da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado, como transformación da actual entidade de dereito público Instituto Español de Comercio Exterior creada mediante o Real decreto lei 6/1982, do 2 de abril, e queda adscrita ao Ministerio de Economía e Competitividade a través da Secretaría de Estado de Comercio.»

Tres. O número 1 do artigo 3 queda redactado do seguinte modo:

«1. Constitúen os fins do Icex executar as accións que, no marco da política económica do Goberno, teñan como obxectivo promover as exportacións, o apoio á internacionalización da empresa española e a mellora da súa competitividade, así como a atracción e promoción de investimentos exteriores en España. As actividades desenvolvidas polo Icex considéranse de interese xeral.»

TÍTULO VI

Medidas en materia de infraestructuras, transporte e vivenda

Artigo 33. Modificación do Real decreto lei 13/2010, do 3 de decembro, de actuacións no ámbito fiscal, laboral e liberalizadoras para fomentar o investimento e a creación de emprego.

Modifícase o artigo 13 do Real decreto lei 13/2010, do 3 de decembro, de actuacións no ámbito fiscal, laboral e liberalizadoras para fomentar o investimento e a creación de emprego, que queda redactado nos seguintes termos:

«1. Nos aeroportos atribuídos á xestión e explotación de «Aena Aeropuertos, S.A.» garantírase a participación das comunidades e cidades autónomas e das corporacións locais, e as organizacións empresariais e sociais representativas.

2. Para os efectos previstos no punto anterior, «Aena Aeropuertos, S.A.» constituirá en cada comunidade e cidade autónoma un comité de coordinación aeroportuaria.

3. O Goberno establecerá a composición e o réxime de funcionamento dos comités de coordinación aeroportuaria, cuxos membros representarán as administracións públicas, o Consello de Cámaras e as organizacións económicas e

sociais representativas na respectiva comunidade ou cidade autónoma. En todo caso, a súa composición deberá considerar a participación de:

- a) Un representante do Ministerio de Fomento, que exercerá a Presidencia do Comité de Coordinación Aeroportuaria.
- b) Dous representantes da respectiva comunidade ou cidade autónoma.
- c) Tres representantes de «Aena Aeropuertos, S.A.».
- d) Tres representantes das corporacións locais, designados por proposta da asociación de municipios e provincias de ámbito autonómico.
- e) Un representante do Consello de Cámaras da comunidade ou cidade autónoma.
- f) Un representante das organizacións económicas e sociais representativas na respectiva comunidade ou cidade autónoma, designados por esta.

O Comité de Coordinación Aeroportuaria da respectiva comunidade ou cidade autónoma, que se reunirá polo menos dúas veces ao ano e sempre que o soliciten a maioría absoluta dos seus membros. Regulamentariamente poderase constituír unha comisión de coordinación por cada aeroporto en función do tráfico de pasaxeiros anuais, nos termos que regulamentariamente se establezan.

O director do aeroporto será membro de pleno dereito da comisión de coordinación do respectivo aeroporto.

4. Son funcións do comité de coordinación aeroportuaria da respectiva comunidade ou cidade autónoma:

a) Velar pola adecuada calidade dos servizos aeroportuarios e a actividade dos aeroportos, propondo aquelas actuacións que se consideren necesarias para impulsar o desenvolvemento da actividade aeroportuaria.

b) Colaborar con Aena Aeropuertos, S.A. e, se é o caso, coas administracións públicas competentes, na definición da estratexia que se deberá desenvolver con relación aos aeroportos da respectiva comunidade ou cidade autónoma, en particular, no ámbito comercial, tomando en consideración o seu contexto territorial e competitivo.

c) Coñecer as propostas de «Aena Aeropuertos, S.A.» en materia de servidumes aeronáuticas e acústicas.

d) Colaborar con «Aena Aeropuertos, S.A.» en materia de definición das liñas estratéxicas dos aeroportos, en particular emitindo informe sobre os plans directores dos respectivos aeroportos, antes de seren sometidos á súa aprobación por parte do Ministerio de Fomento.

e) Coñecer o procedemento de consultas desenvolvido por «Aena Aeropuertos, S.A.» en materia de tarifas aeroportuarias, conforme o disposto na Lei 21/2003, para a súa modificación, en relación cos aeroportos da respectiva comunidade ou cidade autónoma.

f) Canalizar as actuacións relacionadas coa promoción do transporte aéreo, no ámbito das súas competencias.

g) Promover as accións que sexan necesarias para o fortalecemento da conectividade aérea mediante o establecemento e a promoción de novas rutas aéreas, internacionais e nacionais.

h) Recadar os datos e información sobre calquera aspecto da xestión aeroportuaria que sexa necesario para poder cumprir as demais funcións que se lle atribúen neste punto.

i) Desenvolver cantas funcións se consideren convenientes para incrementar o transporte de pasaxeiros e a carga aérea, así como calquera outra que lle atribúan as disposicións adoptadas en materia de aeroportos de interese xeral.»

Artigo 34. *Modificación da Lei 21/2003, do 7 de xullo, de seguridade aérea.*

Modifícase o artigo 92 da Lei 21/2003, do 7 de xullo, de seguridade aérea, que pasará a ter a seguinte redacción:

«Artigo 92. *Proposta de actualización das contías.*

1. A proposta de actualización das contías das tarifas unitarias correspondentes ás prestacións patrimoniais de carácter público definidas neste capítulo realizarase anualmente, no inicio de cada ano natural, na porcentaxe que resulte da aplicación da seguinte fórmula:

$$\text{Incremento máximo} = \left(\frac{\text{Ingresos regulados requiridos por pasaxeiro ano } n}{\text{Ingresos regulados previstos por pasaxeiro ano } n-1} - 1 \right) \times 100$$

Para tal efecto enténdese por:

- Ingresos regulados requiridos ou previstos por pasaxeiro = ingresos regulados requiridos ou previstos/nº de pasaxeiros.
- Ingresos regulados requiridos: ingresos procedentes das prestacións a que se refire o artigo 68.2, que resultarían necesarios para a recuperación dos custos previstos para o ano n.
- Ingresos regulados previstos: ingresos procedentes das prestacións a que se refire o artigo 68.2, establecidos no PAP do ano n-1.
- Ingresos regulados requiridos: calcularanse, para o ano n, por aplicación da seguinte fórmula:

Ingresos regulados requiridos = gastos de explotación + custo de capital + axuste por déficit

2. A definición de cada unha das epígrafes compoñentes da fórmula é a seguinte:

a) Gastos de explotación: corresponde á suma das epígrafes seguintes que figuren no orzamento de explotación do PAP:

- 1.º Aproveisionamentos.
- 2.º Gastos de persoal.
- 3.º Outros gastos de explotación.
- 4.º Amortización do inmovilizado.
- 5.º Deterioración e resultado por alleamentos de inmovilizado.
- 6.º Subvencións concedidas e transferencias realizadas pola entidade.
- 7.º Deterioración do Fondo de Comercio de Consolidación.

b) Custo de capital: corresponde á cantidade resultante de aplicar o custo medio ponderado do capital antes de impostos (CMPCAI, en diante), ao valor medio dos activos netos durante o ano n, calculado como a semisuma dos valores dos activos netos ao final dos anos n-1 e n que figuren no PAP.

Os dous compoñentes esenciais CMPCAI e activos netos descríbense a continuación:

1.º CMPCAI (en %): resultado de utilizar a seguinte fórmula:

$$CMPC_{AI} = \frac{CMPC_{DI}}{(1 - T)}$$

onde CMPCDI é o custo medio ponderado do capital nominal despois de impostos:

$$CMPC_{DI} = \frac{EK_e + DK_d(1 - T)}{E + D}$$

Fórmula en que:

D = importe da débeda, tanto bancaria como non bancaria, media do ano n.

E = tomarase o valor contable dos recursos propios (patrimonio neto que figure no balance previsional do ano n do PAP).

Kd = custo da débeda antes de impostos, calculado como os gastos financeiros divididos entre o importe D anterior.

T = tipo impositivo do imposto sobre beneficios (en %) aplicable ao ano n para o cal se está a calcular a revisión das tarifas.

Ke = custo dos recursos propios, calculado de acordo coa seguinte fórmula:

$$K_e = R_F + \beta_L PM$$

Onde:

i) RF: taxa libre de risco. Tomarase a media da taxa interna de rendemento do bono do Estado español a 10 anos dos últimos 12 meses dispoñibles no momento de elaboración da proposta.

ii) PM: prima de risco do mercado (en %). É a rendibilidade incremental que un investidor exige ás accións por riba da renda fixa sen risco. Tomarase o valor fixo do 4,21%.

iii) β_L : beta recursos propios ou beta apancado. Calcúlase a partir do beta dos activos e do nivel de endebedamento, mediante a fórmula:

$$\beta_L = \beta_u + \frac{D(1-T)}{E} (\beta_u)$$

Onde:

β_u : beta dos activos. Reflicte o risco do negocio, sen ter en conta o risco financeiro derivado dun maior endebedamento. Para o negocio aeroportuario, tomouse para este parámetro o valor de 0,7, media das estimacións efectuadas para o negocio aeroportuario por un panel de consultores, banca de investimento e fondos de investimento en infraestruturas.

2.º Activos netos. É a suma da débeda e dos recursos propios, é dicir:

$$\text{Activos netos} = D + E$$

Fórmula en que se tomarán D e E os valores definidos con anterioridade.

Para a concreción dos anteriores compoñentes da fórmula teranse en conta exclusivamente os gastos de explotación, os activos netos, as débedas e os recursos propios, vinculados aos campos de voo e ás áreas terminais que orixinan as prestacións patrimoniais de carácter público a que se refire o artigo 68 da Lei 1/2011.

Non obstante, co obxecto de suavizar o incremento de tarifas, establécese que a partir do ano 2014 e durante un período de cinco anos, para a obtención dos ingresos regulados requiridos, se sumarán ao resultado que deite a fórmula descrita os gastos de explotación xerados polas actividades relacionadas cos prezos privados das áreas terminais e se deducirán, así mesmo, os ingresos correspondentes aos prezos privados derivados das ditas áreas terminais, afectados ambos os dous polo coeficiente corrector K, que a continuación se detalla en función do ano de aplicación:

Coeficiente corrector K

2014	2015	2016	2017	2018
80%	60%	40%	20%	0%

A dita porcentaxe, ademais de se aplicar aos gastos de explotación mencionados anteriormente, terase en conta para o cálculo do custo de capital aplicándose aos activos netos, débedas e recursos propios vinculados aos ingresos por prezos privados derivados da explotación das áreas terminais. Para os efectos da súa aplicación, os ingresos, gastos, investimentos e demais partidas, xerados por actividades de expansión e desenvolvemento internacional, son considerados e reciben o mesmo tratamento que os provenientes das actividades comerciais fóra de terminal.

c) Axuste por déficit. Se nos exercicios 2013, 2014 e 2015 o resultado da aplicación desta fórmula conduce a un incremento superior á porcentaxe que represente o IPC interanual, incrementado en 5 puntos, o incremento máximo que se aplicará será este, e poderase, durante os tres próximos exercicios, recuperar o posible déficit producido.

3. Co fin de garantir a eficiencia económica na xestión dos aeroportos, «Aena Aeropuertos, S.A.», directamente ou por proposta das súas sociedades filiais, poderá propor para cada aeroporto:

a) Coeficientes correctores.

b) Bonificacións por incremento de pasaxeiros, frecuencias ou rutas nas prestacións patrimoniais públicas reguladas no capítulo II. A aplicación de tales bonificacións, en todo caso, deberá estar baseada en criterios transparentes e obxectivos e ser compatible coas normas sobre competencia.

4. O ministro de Fomento desenvolverá, mediante orde, logo de Acordo da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos, os criterios xerais que deben seguir as propostas de coeficientes correctores e bonificacións previstas no número anterior, tendo en conta os seguintes principios:

a) Garantir a eficiencia económica na xestión dos aeroportos.

b) Máxima contribución posible de cada aeroporto á competitividade da súa área de influencia económica, limitando subas de contías que poidan ter un prexuízo grave sobre determinados tráfico, particularmente aqueles altamente dependentes do aeroporto.

c) Autosuficiencia económica de cada aeroporto, tendo en conta tanto a súa evolución pasada coma as súas previsións económico-financeiras a medio e longo prazo.

d) Garantir a competencia efectiva entre aeroportos sobre a base da eficiencia e calidade dos servizos prestados ao menor custo posible, de forma que as contías das prestacións incorporen a estrutura de custos de cada aeroporto.

Tanto os coeficientes correctores como as bonificacións propostas se integrarán na fórmula prevista nos números anteriores, e non se aceptarán aquelas propostas de coeficientes correctores ou bonificacións que non garantan a nivel global a porcentaxe que resulte dela.

Os coeficientes correctores, que poderán oscilar entre o 1.30 e o 0.70, e as bonificacións, que non superarán o 10 por cento, aplicaranse ás contías unitarias das prestacións patrimoniais de carácter público definidas nos artigos anteriores. Os coeficientes correctores definitivos para cada aeroporto e as bonificacións que, se é o caso, procedan, estableceranse con carácter anual na Lei de orzamentos xerais do Estado.»

Artigo 35. *Plan estatal de vivenda e rehabilitación 2009-2012.*

A partir da entrada en vigor deste real decreto lei quedan suprimidas as axudas de subsidiación de préstamos contidas no Real decreto 2066/2008, do 12 de decembro, polo que se regula o Plan estatal de vivenda e rehabilitación 2009-2012. Así mesmo, non se

recoñecerán aquelas solicitudes que estean en tramitación e que non fosen obxecto de concesión por parte da comunidade autónoma.

Artigo 36. *Renda básica de emancipación.*

1. A partir da entrada en vigor deste real decreto lei, a contía mensual da axuda para facilitar o pagamento dos gastos relacionados co alugamento da vivenda habitual, prevista no artigo 3.1.a) do Real decreto 1472/2007, polo que se regula a renda básica de emancipación, nos termos previstos no Real decreto lei 20/2011, do 30 de decembro, de medidas urxentes en materia orzamentaria, tributaria e financeira para a corrección do déficit público, será de 147 euros.

Así mesmo, os beneficiarios cuxa resolución se extingue por algunha das causas establecidas legalmente non poderán restablecer o dereito acreditando o cumprimento actual dos requisitos requiridos para o seu recoñecemento, aínda que non tivesen esgotado anteriormente o período máximo previsto. De igual maneira, non terán dereito ao cobramento da axuda aquelas solicitudes que, téndose presentado con anterioridade ao 31 de decembro de 2011, non obtivesen resolución favorable ou non fose comunicada ao Ministerio de Fomento con anterioridade á entrada en vigor deste real decreto lei.

2. A percepción da axuda para facilitar o pagamento dos gastos relacionados co alugamento da vivenda habitual será incompatible con outras axudas ou subvencións establecidas para os inquilinos na normativa autonómica.

TÍTULO VII

Medidas para a supresión de desaxustes entre os custos e ingresos no sector eléctrico

Artigo 37. *Establecemento de medidas nos sistemas eléctricos insulares e extrapeninsulares.*

1. Os custos fixos e variables das centrais de xeración en réxime ordinario nos sistemas eléctricos insulares e extrapeninsulares, resultantes da aplicación das revisións que se establezan nas disposicións que desenvolvan o Real decreto lei 13/2012, do 30 de marzo, polo que se traspoñen directivas en materia de mercados interiores de electricidade e gas e en materia de comunicacións electrónicas, e polo que se adoptan medidas para a corrección das desviacións por desaxustes entre os custos e ingresos dos sectores eléctrico e gasista, serán de aplicación para a retribución dos custos de xeración recoñecidos aos xeradores en réxime ordinario nos ditos sistemas desde o 1 de xaneiro de 2012.

2. Adicionalmente ás revisións do modelo retributivo que se aproben nas citadas disposicións que modifiquen o cálculo de custos fixos e variables das centrais de xeración en réxime ordinario dos sistemas eléctricos insulares e extrapeninsulares, establécense as seguintes medidas que se aplicarán desde o 1 de xaneiro de 2012:

a) Elimínase a retribución dos gastos de natureza recorrente a que fai referencia o número 3 do artigo 5 da Orde ITC/914/2006, do 30 de marzo, pola que se establece o método de cálculo da retribución de garantía de potencia para as instalacións de xeración en réxime ordinario dos sistemas eléctricos insulares e extrapeninsulares.

b) Revisase a taxa financeira de retribución para o cálculo da retribución financeira do investimento de cada grupo a que fai referencia o número 2 do artigo 5 da Orde ITC/914/2006, do 30 de marzo, que se corresponderá co valor dos bonos do Estado a dez anos máis 200 puntos básicos.

c) Redúcense nun 10 por cento os valores unitarios da anualidade en concepto de operación e mantemento fixos a que fai referencia o número 3 do artigo 5 da Orde ITC/914/2006, do 30 de marzo, actualizados mediante Resolución do 7 de marzo de 2011, da Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas, pola que se publica o valor unitario de

garantía de potencia anual GPOTn(i) correspondente ás instalacións de xeración en réxime ordinario dos sistemas eléctricos insulares e extrapeninsulares para o ano 2011.

Habílitase o Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo para revisar tanto a taxa financeira de retribución como os valores unitarios da anualidade en concepto de operación e mantemento fixos a que se fai referencia neste artigo.

Artigo 38. *Modificación da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico.*

Modifícase a Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, nos seguintes termos:

Un. Modifícase o número 4 do artigo 17, que pasa a ter a seguinte redacción:

«4. No caso de que as actividades ou instalacións destinadas á subministración eléctrica sexan gravadas, directa ou indirectamente, con tributos propios das comunidades autónomas ou recargas sobre tributos estatais, á peaxe de acceso incluíráselle un suplemento territorial que cubrirá a totalidade do sobrecusto provocado por ese tributo ou recarga e que deberá ser aboado polos consumidores situados no ámbito territorial da respectiva comunidade autónoma.

No caso de que os tributos impostos sexan de carácter local e non veñan determinados por normativa estatal, á peaxe de acceso poderáselle incluír un suplemento territorial que cubra a totalidade do sobrecusto provocado.»

Dous. Modifícase o número 5 do artigo 18 nos seguintes termos:

«5. En caso de que as actividades ou instalacións destinadas á subministración eléctrica fosen gravadas, directa ou indirectamente, con tributos propios das comunidades autónomas ou recargas sobre tributos estatais, á tarifa de último recurso incluíráselle un suplemento territorial que cubrirá a totalidade do sobrecusto provocado por ese tributo ou recarga e que deberá ser aboado polos consumidores situados no ámbito territorial da respectiva comunidade autónoma.

No caso de que os tributos impostos sexan de carácter local e non veñan determinados por normativa estatal, á tarifa de último recurso poderáselle incluír un suplemento territorial que cubra a totalidade do sobrecusto provocado.»

Artigo 39. *Modificación da retribución da actividade de transporte.*

1. Establécese como criterio para a actividade de transporte que a retribución en concepto de investimento se fará para aqueles activos en servizo non amortizados tomando como base para a súa retribución financeira o seu valor neto.

2. En aplicación do disposto no número 1, modifícase a retribución correspondente ao ano 2012 para a actividade de transporte que percibirán as empresas de acordo co recollido na seguinte táboa:

Retribución transporte	Miles de euros
Red Eléctrica de España, S.A.....	1.294.173
Unión Fenosa Distribución, S.A.....	36.992
Total peninsular.....	1.331.164
Red Eléctrica de España, S.A. (extrapeninsular).....	146.288
Total extrapeninsular.....	146.288
Total.....	1.477.452

Artigo 40. *Modificación do Real decreto 485/2009, do 3 de abril, polo que se regula a posta en marcha da subministración de último recurso no sector da enerxía eléctrica.*

A disposición adicional oitava.1 do Real decreto 485/2009, do 3 de abril, polo que se regula a posta en marcha da subministración de último recurso no sector da enerxía eléctrica, queda redactada nos seguintes termos:

«1. Recoñécese a existencia dun déficit de ingresos nas liquidacións das actividades reguladas do sector eléctrico xerado en 2006, incluíndo a minoración da retribución para 2006 da actividade de produción de enerxía eléctrica no importe equivalente ao valor dos dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro asignados gratuitamente, que ascende a un valor, en 31 de decembro de 2006, de 2.279.940.066,63 euros.

Esta contía recuperárase a través da tarifa eléctrica durante un período de quince anos contado desde o 1 de xaneiro de 2007. O importe pendente de pagamento devindicará xuros de actualización cada ano desde o 31 de decembro de 2006.

O importe dos xuros será anual, aplicando o euríbor a tres meses da media das cotizacións do mes de novembro do ano anterior máis un diferencial de 65 puntos básicos ao importe por recuperar en 31 de decembro de cada ano.»

Artigo 41. *Modificación do Real decreto 437/2010, do 9 de abril, polo que se desenvolve a regulación do proceso de titulización do déficit do sistema eléctrico.*

O artigo 2.2 a) do Real decreto 437/2010, do 9 de abril, polo que se desenvolve a regulación do proceso de titulización do déficit do sistema eléctrico, queda redactado nos seguintes termos:

«a) Dereitos de cobramento peninsular 2006: o tipo de xuro é o euríbor a tres meses da media das cotizacións do mes de novembro do ano anterior á data da actualización.»

Artigo 42. *Tipo de xuro definitivo que se aplicará para os efectos de cálculo do prezo de cesión ao Fondo de Titulización do Déficit do Sistema Eléctrico.*

1. O tipo de xuro definitivo que se aplicará para os efectos de cálculo do prezo de cesión ao Fondo de Titulización do Déficit do Sistema Eléctrico dos dereitos de cobramento correspondentes aos «dereitos de cobramento peninsular 2006» é o euríbor a tres meses da media das cotizacións do mes de novembro do ano anterior á data da actualización, de acordo co disposto no artigo 2.2 a) do Real decreto 437/2010, do 9 de abril.

2. Non obstante o anterior, a diferenza existente entre o citado prezo de cesión ao Fondo de Titulización do Déficit do Sistema Eléctrico e o que resultase de aplicar o tipo de xuro establecido na disposición adicional oitava do Real decreto 485/2009, do 3 de abril, terá a consideración de custo liquidable do sistema para os efectos do previsto no Real decreto 2017/1997, do 26 de decembro, polo que se organiza e regula o procedemento de liquidación dos custos de transporte, distribución e comercialización a tarifa, dos custos permanentes do sistema e dos custos de diversificación e seguridade de abastecemento.

Disposición adicional primeira. *Medidas en relación cos traballadores das empresas de servizos contratadas pola Administración.*

Os entes, organismos e entidades que forman parte do sector público de acordo co artigo 3.1 do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, ditarán, nos seus respectivos ámbitos de competencias, as instrucións pertinentes para a correcta execución dos servizos externos

que tivesen contratados, de maneira que quede clarificada a relación entre os xestores da Administración e o persoal da empresa contratada, evitando, en todo caso, actos que se puideren considerar como determinantes para o recoñecemento dunha relación laboral, sen prexuízo das facultades que a lexislación de contratos do sector público recoñece ao órgano de contratación para a execución dos contratos. Para tal fin, os citados entes, organismos e entidades ditarán, antes do 31 de decembro de 2012, as instrucións pertinentes para evitar actuacións que se poidan considerar como determinantes para o recoñecemento dunha relación laboral.

No suposto de que, en virtude de sentenza xudicial, os traballadores das empresas se convertan en persoal laboral da Administración, o salario que percibirán será o que corresponda á súa clasificación profesional de acordo co convenio colectivo aplicable ao persoal laboral da Administración, e será necesario informe favorable dos órganos competentes para facer cumprir as exixencias das leis orzamentarias.

Disposición adicional segunda. Suspensións ou modificacións de convenios colectivos, pactos e acordos que afecten o persoal laboral por alteración substancial das circunstancias económicas.

Para os efectos do previsto nos artigos 32 e 38.10 do Estatuto básico do empregado público, entenderase que concorre causa grave de interese público derivada da alteración substancial das circunstancias económicas cando as administracións públicas deban adoptar medidas ou plans de axuste, de reequilibrio das contas públicas ou de carácter económico-financieiro para asegurar a estabilidade orzamentaria ou a corrección do déficit público.

Disposición adicional terceira. Obrigas de remisión de información en materia de persoal.

En aplicación do principio de transparencia previsto na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, as comunidades autónomas e entidades locais remitirán ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas información relativa aos gastos de persoal, con mención aos órganos de dependencia, retribucións, clases de persoal, dotacións ou cadros de persoal, entre outra información.

O Ministerio de Facenda e Administracións Públicas determinará regulamentariamente a forma, contido, desagregación e periodicidade en que a dita información debe ser remitida.

O disposto na presente disposición adicional ten carácter básico e dítase ao abeiro do disposto nos artigos 149.1.13ª e 156.1 da Constitución.

Disposición adicional cuarta. Aplicación do título I do presente real decreto lei aos poderes públicos.

De acordo co previsto no artigo 1.1 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, segundo o cal os principios reitores establecidos nela vinculan todos os poderes públicos e, en aplicación, en particular, do principio de transparencia regulado no seu artigo 6, os órganos constitucionais ou estatutarios aos cales non lles resulten de aplicación directa as medidas establecidas no presente real decreto lei en atención á súa autonomía, remitirán información sobre as iniciativas emprendidas, se é o caso, por eles para o cumprimento das medidas de racionalización previstas no título I deste real decreto lei, tanto para os membros dos citados órganos como para o persoal que preste os seus servizos neles.

Disposición adicional quinta. *Posibilidade de que os funcionarios da Administración xeral do Estado pertencentes aos subgrupos A1 e A2 soliciten a redución, por petición propia, do complemento específico.*

1. Os funcionarios da Administración xeral do Estado pertencentes aos subgrupos A1 e A2, incluídos no ámbito de aplicación do Real decreto 598/1985, do 30 de abril, poderán solicitar, ante os órganos e unidades de persoal con competencias en materia de persoal dos departamentos, organismos autónomos e entidades xestoras da Seguridade Social en que estean destinados, a redución do importe do complemento específico correspondente ao posto que desempeñan co obxecto de adecualo á porcentaxe a que se refire o artigo 16.4 da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas.

2. Exclúense desta posibilidade os funcionarios que ocupen postos en gabinetes de membros do Goberno e altos cargos da Administración xeral do Estado, os que desempeñen postos que teñan asignado complemento de destino de nivel 30 e 29.

Disposición adicional sexta. *Adecuación para os membros das Forzas Armadas e da Garda Civil.*

1. As disposicións de carácter xeral que, para os membros das Forzas Armadas e da Garda Civil, regulan as materias contidas no título I deberán entenderse modificadas nos termos establecidos nesta disposición legal.

2. Os membros das Forzas Armadas e da Garda Civil a que se refire o artigo 21 do texto refundido da Lei sobre Seguridade Social das Forzas Armadas, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2000, do 9 de xuño, que padezan insuficiencia temporal de condicións psicofísicas para o servizo, percibirán o cincuenta por cento das retribucións tanto básicas como complementarias, como da prestación por fillo a cargo, se é o caso, desde o primeiro ao terceiro día da insuficiencia, tomando como referencia aquelas que percibían no mes inmediato anterior ao de causarse a dita insuficiencia. Desde o cuarto ao vixésimo día, ambos os dous inclusive, percibirán o setenta e cinco por cento das retribucións tanto básicas como complementarias, como da prestación por fillo a cargo, se é o caso. A partir do vixésimo primeiro día percibirán a totalidade das retribucións básicas, da prestación por fillo a cargo, de ser o caso, e das retribucións complementarias.

Se a insuficiencia se produciu en acto de servizo ou como consecuencia dunha hospitalización ou intervención cirúrxica, a retribución que se percibirá poderá ser complementada, desde o primeiro día, ata alcanzar como máximo o 100% das retribucións que viñesen correspondendo ao dito persoal no mes anterior ao de se causar a insuficiencia.

Disposición adicional sétima. *Prestacións económicas para coidados no ámbito familiar e apoio a coidadores non profesionais previstas no artigo 18 da Lei 39/2006, do 14 de decembro, recoñecidas e non percibidas.*

1. Desde a data de entrada en vigor deste real decreto lei, as prestacións económicas para coidados no ámbito familiar e apoio a coidadores non profesionais previstas no artigo 18 da Lei 39/2006, do 14 de decembro, deixarán de producir efectos retroactivos para aquelas persoas que na dita data non comezasen a percibir aínda as prestacións económicas recoñecidas ao seu favor, as cales conservarán, en todo caso, o dereito a percibir as contías que, en concepto de efectos retroactivos, fosen xa devindicadas ata o dito momento.

2. A partir da data de entrada en vigor deste real decreto lei, as prestacións económicas para coidados no ámbito familiar e apoio a coidadores non profesionais previstas no artigo 18 da Lei 39/2006, do 14 de decembro, recoñecidas a favor das persoas mencionadas no punto anterior quedarán suxeitas a un prazo suspensivo máximo de dous anos contado desde a data da resolución de recoñecemento da prestación ou, de ser o caso, desde o transcurso do prazo de seis meses desde a presentación da

solicitude sen se ter ditado e notificado resolución expresa de recoñecemento da prestación, prazo que se interromperá no momento en que o interesado empece a percibir a dita prestación.

Disposición adicional oitava. *Réxime dos convenios especiais no sistema da Seguridade Social dos cuidadores non profesionais das persoas en situación de dependencia.*

1. A partir da data de entrada en vigor deste real decreto lei, o convenio especial regulado no Real decreto 615/2007, do 11 de maio, polo que se regula a Seguridade Social dos cuidadores das persoas en situación de dependencia, terá, para os cuidadores non profesionais, carácter voluntario e poderá ser suscrito entre o cuidador non profesional e a Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

2. As cotizacións á Seguridade Social polo convenio especial indicado no número anterior serán por conta, exclusivamente, do suscriptor deste.

3. Estes convenios especiais producirán efectos desde a data da solicitude de suscripción do convenio especial.

Disposición adicional novena. *Constitución do Consello Territorial de Servizos Sociais e do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia.*

1. No prazo máximo de seis meses desde a entrada en vigor deste real decreto lei deberase constituír o Consello Territorial de Servizos Sociais e do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia regulado no artigo 8 da Lei 39/2006, do 14 de decembro.

O Consello Territorial de Servizos Sociais e do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia, unha vez constituído, aprobará as súas normas de funcionamento interno.

2. Queda suprimida a Conferencia Sectorial de Asuntos Sociais.

Disposición adicional décima. *Referencias á denominación de determinados órganos.*

1. As referencias que na Lei 39/2006, do 14 de decembro, se realizan ao Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais e ao seu titular entenderanse realizadas ao Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade e ao seu titular. Así mesmo, as referencias ao titular da Secretaría de Estado de Servizos Sociais, Familias e Discapacidade entenderanse realizadas ao titular da Secretaría de Estado de Servizos Sociais e Igualdade.

2. As referencias contidas na lexislación vixente ao Consello Territorial do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia e á Conferencia Sectorial de Asuntos Sociais entenderanse realizadas ao Consello Territorial de Servizos Sociais e do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia.

Disposición adicional décimo primeira. *Declaración de zonas de grande afluencia turística nos municipios que reunisen en 2011 os requisitos do artigo 5.5 da Lei 1/2004, do 21 de decembro, de horarios comerciais, na redacción dada por este real decreto lei.*

1. No prazo de seis meses desde a entrada en vigor deste real decreto lei, as comunidades autónomas declararán polo menos unha zona de grande afluencia turística nos municipios con máis de 200.000 habitantes que rexistrasen máis de 1.000.000 de pernoitas no ano 2011 ou que conten con portos en que operen cruceiros turísticos que recibisen en 2011 máis de 400.000 pasaxeiros. A declaración de zonas de grande afluencia turística farase tendo en conta os criterios establecidos no artigo 5.4 da Lei 1/2004, do 21 de decembro.

2. Para os efectos do establecido no número anterior, os municipios de máis de 200.000 habitantes, de elevada ocupación hoteleira ou elevado número de pasaxeiros en cruceiros turísticos, recóllense no anexo.

Disposición adicional décimo segunda. *Fins e funcións do Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía.*

O Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE) exercerá, ademais das funcións previstas na disposición adicional vixésimo primeira.tres da Lei 46/1985, do 27 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 1986, as seguintes:

- a) Apoiar o desenvolvemento das tecnoloxías orientadas á descarbonización da xeración eléctrica.
- b) Prestar asistencia técnica e económica ao Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo, cando expresamente se lle requira, nos procedementos administrativos, xudiciais ou arbitrals en que sexa parte a Administración xeral do Estado.
- c) Desenvolver as funcións de medio propio instrumental e servizo técnico da Administración xeral do Estado, e dos organismos e entidades dependentes dela, para os traballos que se lle encomenden.
- d) Calquera outra función que se lle atribúa legal ou regulamentariamente.

Disposición adicional décimo terceira. *Réxime de contratación do IDAE.*

1. O réxime de contratación do IDAE será o previsto no Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público.

2. O IDAE, nos termos que prevexan os seus estatutos, terá a consideración de medio propio instrumental e servizo técnico da Administración para os efectos previstos no artigo 24.6 do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, para a realización de cantos traballos lle encomenden a Administración xeral do Estado e os organismos e entidades dependentes dela, que teñan a consideración de poder adxudicador, en todo o relacionado cos seus fins e funcións, e está obrigado a realizar os traballos que lle encomenden de acordo coas instrucións fixadas polo encomendante.

Disposición adicional décimo cuarta. *Progresividade nas peaxes de acceso ás redes.*

Habíltese o ministro de Industria, Enerxía e Turismo para establecer criterios de progresividade de aplicación ás peaxes de acceso que debe aprobar de acordo co disposto no artigo 17 da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico.

Na determinación destes criterios terase en conta o consumo medio dos puntos de subministración, sen que se vexan afectados os consumidores vulnerables.

Disposición adicional décimo quinta. *Suplementos territoriais de aplicación a peaxes de acceso e tarifa de último recurso.*

Habíltese o ministro de Industria, Enerxía e Turismo para determinar, logo de Acordo da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos, os concretos tributos e recargas que serán considerados para os efectos da aplicación do suplemento territorial ás peaxes de acceso e tarifas de último recurso, de acordo co establecido nos artigos 17 e 18 da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, así como os mecanismos necesarios para a súa xestión e liquidación.

Disposición adicional décimo sexta. *Aplicación da disposición adicional sexta da Lei 2/2012, do 29 de xuño, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2012.*

Para os efectos da aplicación da disposición adicional sexta da Lei 2/2012, do 29 de xuño, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2012, a consideración das porcentaxes de cesión a favor das entidades locais incluídas no modelo de cesión de impostos estatais, citados nos números un e tres da dita disposición, para os efectos de calcular a liquidación definitiva correspondente ao ano 2010, deberanse entender de aplicación

exclusiva para determinar a cesión do imposto sobre a renda das persoas físicas. Polo que se refire á citada liquidación da cesión dos impostos indirectos, serán de aplicación as porcentaxes de cesión establecidas nos artigos 93, 94, 95, 101, 102 e 103 da Lei 26/2009, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2010.»

Disposición adicional décimo sétima. *Beneficios fiscais aplicables á «Candidatura de Madrid 2020».*

Un. A «Candidatura de Madrid 2020» terá a consideración de acontecemento de excepcional interese público para os efectos do disposto no artigo 27 da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado.

Dous. A duración do programa de apoio a este acontecemento abranguerá os exercicios 2012 e 2013.

Tres. A certificación da adecuación dos gastos realizados aos obxectivos e plans do programa efectuarase de conformidade co disposto na citada Lei 49/2002.

Catro. As actuacións que cómpre realizar serán as que aseguren o adecuado desenvolvemento do acontecemento. O desenvolvemento e a concreción en plans e programas de actividades específicas realizaraos o órgano competente de conformidade co disposto na citada Lei 49/2002.

Cinco. Os beneficios fiscais deste programa serán os máximos establecidos no artigo 27.3 da citada Lei 49/2002.

Disposición adicional décimo oitava. *Incapacidade temporal na Administración do Estado.*

Ao persoal funcionario e laboral da Administración xeral do Estado e dos organismos e entidades dela dependentes acollidos ao réxime xeral da Seguridade Social recoñeceránselle os seguintes complementos nos supostos de incapacidade temporal:

1.^a Cando a situación de incapacidade temporal derive de continxencias comúns, ata o terceiro día recoñeceránselle un complemento retributivo do cincuenta por cento das retribucións que se viñesen percibindo no mes anterior ao de se causar a incapacidade. Desde o día cuarto ata o vixésimo, ambos os dous inclusive, recoñecerase un complemento que, sumado á prestación económica recoñecida pola Seguridade Social, sexa equivalente ao setenta e cinco por cento das retribucións que viñesen correspondendo ao dito persoal no mes anterior ao de se causar a incapacidade. A partir do vixésimo primeiro día, inclusive, recoñeceránselle unha prestación equivalente ao cen por cento das retribucións que se viñesen percibindo no mes anterior ao de se causar a incapacidade.

A Administración do Estado determinará, respecto ao seu persoal, os supostos en que, con carácter excepcional e debidamente xustificado, o complemento alcance o cen por cento das retribucións que viñesen disfrutando en cada momento. Para estes efectos, consideraranse en todo caso debidamente xustificadas os supostos de hospitalización e intervención cirúrxica.

2.^a Cando a situación de incapacidade temporal derive de continxencias profesionais, a prestación recoñecida pola Seguridade Social será complementada, durante todo o seu período de duración, ata o cen por cento das retribucións que viñese percibindo o dito persoal no mes anterior ao de se causar a incapacidade.

3.^a A presente disposición producirá efectos nos procesos de incapacidade temporal que teñan inicio unha vez transcorridos tres meses desde a entrada en vigor desta norma.

Disposición transitoria primeira.

O disposto neste real decreto lei sobre vacacións e días de asuntos particulares, días adicionais aos días de libre disposición ou de similar natureza, non impedirá que o persoal

funcionario, estatutario e laboral goce dos días correspondentes ao ano 2012, conforme a normativa vixente, ata a entrada en vigor deste real decreto lei.

Igualmente, o disposto neste real decreto lei non será de aplicación aos empregados públicos que, no momento da súa entrada en vigor, se encontren na situación de incapacidade temporal.

Disposición transitoria segunda.

Todos aqueles que, no momento da entrada en vigor da presente lei, estean a percibir algunha das pensións indemnizatorias, prestacións compensatorias e calquera outra percepción económica a que se refire o artigo 1, ou teñan recoñecida normativamente tal posibilidade, terán un prazo de quince días hábiles, contados desde a data de publicación desta lei no «Boletín Oficial del Estado», para comunicar aos órganos a que se refire o punto do artigo 1 a súa opción entre a percepción daquela ou a retribución da actividade pública ou privada que estean a desempeñar ou, de ser o caso, percepción da pensión de xubilación ou retiro. Unha vez recibida a dita comunicación, a Oficina de Conflictos de Intereses ou o órgano competente da Administración autonómica ou local remitiraa ao centro pagador para que no caso de que o interesado opte por percibir as retribucións correspondentes ao posto público ou privado que vaia desempeñar ou, se é o caso, percepción da pensión de xubilación ou retiro, deixe de aboarlle as citadas pensións indemnizatorias, prestacións compensatorias e calquera outra percepción económica. Na falta de opción no prazo sinalado, entenderase que o interesado renuncia a percibir as pensións indemnizatorias, prestacións compensatorias e calquera outra percepción económica a que se refire o artigo 1, e opta por percibir a retribución correspondente ao cargo ou actividade que exerza na actualidade ou, de ser o caso, a pensión de xubilación ou retiro.

Disposición transitoria terceira.

A derogación do número 4 do artigo 214 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social prevista neste real decreto lei será de aplicación ás prestacións por desemprego cuxo nacemento do dereito derive de situacións legais de desemprego producidas a partir da entrada en vigor desta norma.

Disposición transitoria cuarta.

Sen prexuízo da derogación do número 1.4 do artigo 215 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social prevista neste real decreto lei, o dito número manterá a súa aplicación para os desempregados maiores de corenta e cinco anos que tivesen esgotado a prestación por desemprego de nivel contributivo de setecentos vinte días antes da entrada en vigor deste real decreto lei.

Disposición transitoria quinta.

Os traballadores que, por aplicación do artigo 218 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, teñan fixada como base de cotización, durante a percepción do subsidio por desemprego, o 125 por cento do tope mínimo de cotización vixente en cada momento, pasarán a ter como base de cotización o 100 por cento dese tope mínimo a partir do día primeiro do mes seguinte ao da entrada en vigor deste real decreto lei.

Disposición transitoria sexta. *Supresión do dereito á aplicación de bonificacións.*

1. a) Queda suprimido o dereito das empresas á aplicación de bonificacións por contratación, mantemento do emprego ou fomento do autoemprego, nas cotas á Seguridade Social e, se é o caso, cotas de recadación conxunta, que se estean a aplicar no momento da entrada en vigor deste real decreto lei, en virtude de calquera norma, en vigor ou derogada, en que fosen establecidas.

b) O disposto no parágrafo anterior será de aplicación ás bonificacións nas cotas devindicadas a partir do mes seguinte ao da entrada en vigor deste real decreto lei.

2. Non será de aplicación o previsto no número 1 ás bonificacións recollidas nas seguintes disposicións:

a) Real decreto lei 3/2012, do 10 de febreiro, de medidas urxentes para a reforma do mercado laboral.

b) Lei 3/2012, do 6 de xullo, de medidas urxentes para a reforma do mercado laboral.

c) Os números 2, 3, 4, 4 bis, 5 e 6 do artigo 2 da Lei 43/2006, do 29 de decembro, para a mellora do crecemento e do emprego.

d) Real decreto lei 18/2011, do 18 de novembro, polo que se regulan as bonificacións de cotas á Seguridade Social dos contratos de traballo subscritos con persoas con discapacidade pola Organización Nacional de Cegos Españóis (ONCE) e se establecen medidas de seguridade social para as persoas traballadoras afectadas pola crise da bacteria «E.coli».

e) Artigo 21.3 da Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero.

f) Real decreto lei 11/1998, do 4 de setembro, polo que se regulan as bonificacións de cotas á Seguridade Social dos contratos de interinidade que se subscriban con persoas desempregadas para substituír traballadores durante os períodos de descanso por maternidade, adopción e acollemento.

g) Disposición adicional novena da Lei 45/2002, do 12 de decembro, de medidas urxentes para a reforma do sistema de protección por desemprego e mellora da ocupabilidade.

h) Disposición adicional trixésimo quinta do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño.

i) Disposición adicional décimo primeira da Lei 45/2002, do 12 de decembro, de medidas urxentes para a reforma do sistema de protección por desemprego e mellora da ocupabilidade.

j) A disposición adicional segunda da Lei 12/2001, do 9 de xullo, de medidas urxentes de reforma do mercado de traballo para o incremento do emprego e a mellora da súa calidade.

k) Artigo 9 da Lei 40/2003, do 18 de novembro, de protección ás familias numerosas.

l) A disposición adicional trixésima do Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral da seguridade social.

Disposición transitoria sétima. *Salarios de tramitación.*

A reforma do réxime dos salarios de tramitación contida neste real decreto lei será de aplicación aos expedientes de reclamación ao Estado de salarios de tramitación en que non se ditase sentenza firme de despedimento na data de entrada en vigor do presente real decreto lei.

Disposición transitoria oitava. *Grao e nivel de dependencia dos beneficiarios recoñecidos con anterioridade á entrada en vigor deste real decreto lei.*

Os que, con anterioridade á entrada en vigor deste real decreto lei, teñan recoñecido un grao e nivel de dependencia non precisarán dun novo recoñecemento da súa situación de dependencia para os efectos da clasificación por graos establecida neste real decreto lei.

Non obstante, en caso de revisión do grao e nivel de dependencia que teñan recoñecido, a valoración resultante adaptarase á nova estrutura de graos recollida no artigo 26 da Lei 39/2006, do 14 de decembro.

Disposición transitoria novena. *Solicitudes de recoñecemento da situación de dependencia pendentes de resolución no momento da entrada en vigor deste real decreto lei.*

No caso daquelas persoas que presentasen unha solicitude de recoñecemento da situación de dependencia con anterioridade á entrada en vigor deste real decreto lei que se encontre pendente de resolución nesa data, o dereito de acceso ás prestacións económicas para coidados no ámbito familiar e apoio a coidadores non profesionais previstas no artigo 18 da Lei 39/2006, do 14 de decembro, derivadas do recoñecemento da dita situación, estarán suxeitas a un prazo suspensivo máximo de dous anos contado desde a data da resolución de recoñecemento das prestacións ou, de ser o caso, desde o transcurso do prazo de seis meses desde a presentación da solicitude sen se ter ditado e notificado resolución expresa de recoñecemento da prestación, prazo que se interromperá no momento en que o interesado empece a percibir a dita prestación.

Disposición transitoria décima. *Contías máximas das prestacións económicas por coidados no ámbito familiar, de asistencia persoal e da prestación vinculada ao servizo.*

1. Mentres non se estableza regulamentariamente, para os beneficiarios que no momento da entrada en vigor deste real decreto lei teñan recoñecido grao e nivel de dependencia, as prestacións económicas manteranse nas contías máximas vixentes na dita data, agás para a prestación económica por coidados no ámbito familiar, que serán as seguintes:

Grao e nivel	Prestación económica por coidados no ámbito familiar
Grao III, gran dependencia, nivel 2.....	442,59 €
Grao II, gran dependencia, nivel 1.....	354,43 €
Grao II, dependencia severa, nivel 2.....	286,66 €
Grao II, dependencia severa, nivel 1.....	255,77 €
Grao II, dependencia moderada, nivel 2.....	153,00 €

2. Mentres non se estableza regulamentariamente, aos solicitantes de recoñecemento da situación de dependencia con anterioridade á entrada en vigor deste real decreto lei respecto dos cales exista resolución administrativa de recoñecemento de grao e/ou de recoñecemento de prestacións, así como aos novos solicitantes, seranlles de aplicación as seguintes contías máximas:

Grao	Prestación económica vinculada ao servizo	Prestación económica de asistencia persoal	Prestación económica por coidados no ámbito familiar
Grao III.....	715,07 €	715,07 €	387,64€
Grao II.....	426,12 €	426,12 €	268,79 €
Grao I.....	300,00 €	300,00 €	153,00 €

3. Estas contías terán efectividade a partir do día primeiro do mes seguinte á entrada en vigor deste real decreto lei.

Disposición transitoria décimo primeira. *Achega da Administración xeral do Estado para o financiamento do nivel mínimo de protección.*

1. Mentres non se estableza regulamentariamente, as contías da asignación ás comunidades autónomas do nivel mínimo de protección previsto no artigo 9 da Lei

39/2006, do 14 de decembro, para os beneficiarios que teñan resolución de grao e nivel de dependencia recoñecido no momento da entrada en vigor deste real decreto lei, serán as seguintes:

Grao e nivel	Mínimo de protección
Grao III, gran dependencia, nivel 2.....	231,28 €
Grao II, gran dependencia, nivel 1.....	157,26 €
Grao II, dependencia severa, nivel 2.....	89,38 €
Grao II, dependencia severa, nivel 1.....	61,34 €
Grao II, dependencia moderada, nivel 2.....	52,06 €

2. Mentres non se estableza regulamentariamente, as contías da asignación ás comunidades autónomas do nivel mínimo de protección previsto no artigo 9 da Lei 39/2006, do 14 de decembro, para os beneficiarios que non teñan resolución de recoñecemento da situación de dependencia no momento da entrada en vigor deste real decreto lei, serán as seguintes:

Grao	Mínimo de protección
Grao III gran dependencia.....	177,86 €
Grao II dependencia severa.....	82,84 €
Grao I dependencia moderada.....	44,33 €

3. Estas contías terán efectividade a partir do día primeiro do mes seguinte á entrada en vigor deste real decreto lei.

Disposición transitoria décimo segunda. *Intensidade de protección dos servizos do catálogo.*

1. Mentres non se desenvolva regulamentariamente, nos procedementos iniciados con anterioridade á entrada en vigor deste real decreto lei nos cales non se ditase resolución administrativa de recoñecemento de prestacións, así como nos procedementos iniciados con posterioridade á dita data, as intensidades de protección dos servizos establecidas para cada grao de dependencia serán as seguintes:

- Grao III. Gran dependencia: entre 46 e 70 horas mensuais.
- Grao II. Dependencia severa: entre 21 e 45 horas mensuais.
- Grao I. Dependencia moderada: máximo 20 horas mensuais.

2. Nos procedementos en que se ditase resolución de recoñecemento de prestacións con anterioridade á entrada en vigor deste real decreto lei, as administracións competentes poderán realizar as adaptacións necesarias para adecualos ao establecido no parágrafo anterior.

Disposición transitoria décimo terceira. *Convenios especiais no sistema da Seguridade Social dos coidadores non profesionais das persoas en situación de dependencia existentes na data de entrada en vigor deste real decreto lei.*

Os convenios especiais no sistema da Seguridade Social dos coidadores non profesionais das persoas en situación de dependencia previstos no Real decreto 615/2007, do 11 de maio, polo que se regula a seguridade social dos coidadores das persoas en situación de dependencia, existentes na data de entrada en vigor deste real decreto lei, extinguíranse o día 31 de agosto de 2012, salvo que o subscritor solicite expresamente o seu mantemento con anterioridade ao día 1 de novembro de 2012, caso en que se entenderá subsistente o dito convenio desde o día 1 de setembro de 2012.

Neste último caso, desde o día 1 de setembro ata o 31 de decembro de 2012 a cotización á Seguridade Social terá unha redución do 10% no total da cota que cómpre aboar, e será por conta da Administración xeral do Estado o 5% do total da cota e o 85% restante por conta do coidador non profesional.

A partir do día 1 de xaneiro de 2013, o convenio especial será por conta exclusivamente do coidador non profesional.

Disposición transitoria décimo cuarta. *Vixencia transitoria dos calendarios de 2012.*

Continuarán vixentes, ata o 31 de decembro de 2012, os calendarios de domingos e festivos, xa aprobados, en que os comercios poderán permanecer abertos ao público.

Así mesmo, os calendarios que regulen o período estival de rebaixas de 2012 manterán a súa vixencia durante o período establecido neles.

Disposición transitoria décimo quinta.

As previsións contidas no artigo 10 relativas ás prestacións económicas na situación de incapacidade temporal do persoal ao servizo das administracións públicas acollido ao réxime xeral da Seguridade Social serán desenvolvidas por cada Administración pública no prazo de tres meses desde a publicación deste real decreto lei, prazo a partir do cal producirá efectos en todo caso.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

1. Quedan derogadas as seguintes disposicións legais e regulamentarias:

a) O número 2 do artigo 2 do Real decreto 1202/2010, do 24 de setembro, polo que se establecen os prazos de revisión das peaxes de acceso ás redes de transporte e distribución de enerxía eléctrica.

b) Derrógase o artigo 8 do Real decreto lei 6/1999, do 16 de abril, de medidas urxentes de liberalización e incremento da competencia, e a súa normativa de desenvolvemento,

2. Derróganse as seguintes disposicións en materia de emprego e seguridade social:

a) O número 3.3 da disposición transitoria quinta da Lei 45/2002, do 12 de decembro, de medidas urxentes para a reforma do sistema de protección por desemprego e mellora da ocupabilidade.

b) Artigo 4.1 da Lei 43/2006, do 29 de decembro, para a mellora do crecemento e do emprego.

c) Disposición adicional sesaxésimo quinta da Lei 30/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2006.

d) Disposición adicional segunda do Real decreto 63/2006, do 27 de xaneiro, polo que se aproba o Estatuto do persoal investigador en formación.

e) Disposición adicional vixésima da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial das leis dos impostos sobre sociedades, sobre a renda de non-residentes e sobre o patrimonio.

f) Real decreto 278/2007, do 23 de febreiro, sobre bonificacións na cotización á Seguridade Social respecto do persoal investigador.

g) As referencias ás bonificacións previstas no Real decreto 1432/2003, do 21 de novembro, polo que se regula a emisión por parte do Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía de informes motivados relativos ao cumprimento de requisitos científicos e tecnolóxicos, para os efectos da aplicación e interpretación de deducións fiscais por actividades de investigación e desenvolvemento e innovación tecnolóxica.

3. Quedan derogadas expresamente as seguintes disposicións:

a) O número 1.4 do artigo 215 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1994, do 20 de xuño, así como as restantes disposicións desa lei que se refiran ao subsidio especial establecido no dito número.

b) O número 4 do artigo 214 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1994, do 20 de xuño.

4. Igualmente, quedan derogados:

a) O número 2 do artigo 68 da Lei de funcionarios civís do Estado de 1964, aprobada polo Decreto 315/1964, do 7 de febreiro, na redacción dada polo artigo 51 da Lei 53/202, do 30 de decembro.

b) Os números 1 e 2 do artigo 7 da Lei 9/1987, do 12 de xuño, de regulación dos órganos de representación, de determinación das condicións de traballo e participación dos funcionarios públicos.

c) A letra d do número 1 do artigo 67, o segundo parágrafo do número 2 do artigo 67 e o número 4 do artigo 67 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público.

d) A disposición adicional sexta da Lei 26/2009, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 2010.

5. Derróganse o artigo 21.1.a) do Real decreto lexislativo 4/2000, do 23 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre seguridade social dos funcionarios civís do Estado; a disposición adicional sexta da Lei 26/2009, do 26 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2010; o artigo 20.1.a) do Real decreto lexislativo 1/2000, do 9 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre Seguridade Social das Forzas Armadas, e o artigo 20.1.A do Real decreto lexislativo 3/2000, do 23 de xuño, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes sobre o réxime especial da seguridade social do persoal ao servizo da Administración de xustiza.

6. Así mesmo, quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido neste real decreto lei.

Disposición derradeira primeira. Modificación do Real decreto lei 8/2010, do 20 de maio, polo que se adoptan medidas extraordinarias para a redución do déficit público.

Modifícase a disposición adicional sexta do Real decreto lei 8/2010, do 20 de maio, polo que se adoptan medidas extraordinarias para a redución do déficit público, que quedará redactada como segue:

«Disposición adicional sexta. *Aprazamento e periodificación do aboamento dos efectos retroactivos das prestacións económicas previstas na Lei 39/2006, do 14 de decembro.*

As contías en concepto de efectos retroactivos das prestacións económicas previstas no artigo 18 da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, para os casos en que estes se xerasen desde a data da solicitude, poderán ser aprazadas e o seu aboamento periodificado en pagamentos anuais de igual contía, nun prazo máximo de oito anos desde a data da resolución firme de recoñecemento expreso da prestación, se así o acordaren as administracións competentes. O aprazamento deberá ser notificado á persoa beneficiaria da prestación e á Administración xeral do Estado para os efectos de que esta regularice o seu pagamento á comunidade autónoma no que respecta ao nivel mínimo.»

Disposición derradeira segunda. Revisión dos limiares para os efectos da declaración das zonas de grande afluencia turística.

O Goberno poderá revisar, por razóns de política económica, os limiares establecidos no artigo 5.5 da Lei 1/2004, do 21 de decembro, de horarios comerciais, na redacción

dada por este real decreto lei, para a declaración da relación de municipios en que se deben declarar zonas de grande afluencia turística para efectos de aperturas comerciais.

Disposición derradeira terceira. *Adaptación dos calendarios comerciais das comunidades autónomas.*

Desde a entrada en vigor deste real decreto lei, as comunidades autónomas porán en marcha os procedementos necesarios para adaptar os calendarios de domingos e festivos en que os comercios poderán permanecer abertos ao público, a partir de 2013, de acordo co disposto no artigo 4 da Lei 1/2004, do 21 de decembro, de horarios comerciais, na redacción dada por este real decreto lei.

Disposición derradeira cuarta. *Títulos competenciais.*

O título I deste real decreto lei ten carácter básico en virtude dos artigos 149.1.13, 149.1.18.^a e 156.1 da Constitución española, que lle atribúen ao Estado a competencia para ditar as bases do réxime xurídico das administracións públicas.

O previsto no título II deste real decreto lei dítase ao abeiro dos artigos 149.1.7.^o, 13.^o, 17.^o e 18.^o e 156 da Constitución española.

O título III dítase ao abeiro do artigo 149.1.1.^a da Constitución.

O título IV deste real decreto lei dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.14.^a da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de facenda xeral.

O título V dítase ao abeiro do artigo 149.1.13^a da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia sobre as bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

Os artigos 33 e 34, en virtude do disposto no artigo 149.1. 13^a e 20^a da Constitución, que lle atribúen ao Estado a competencia sobre as bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica e sobre aeroportos de interese xeral, control do espazo aéreo, tránsito e transporte aéreo.

Os artigos 35 e 36, en virtude do disposto no artigo 149.1 13 da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

O título VII deste real decreto lei ten carácter básico ao se ditar ao abeiro das competencias que lle corresponden ao Estado no artigo 149.1.13^a e 25^a da Constitución española, que lle atribúen ao Estado a competencia exclusiva para determinar as bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica e as bases do réxime mineiro e enerxético, respectivamente.

Disposición derradeira quinta. *Habilitación normativa e desenvolvemento regulamentario.*

1. Autorízase o Goberno para que, no ámbito das súas competencias, dite as disposicións regulamentarias necesarias para o desenvolvemento e aplicación deste real decreto lei.

2. Así mesmo, autorízanse os respectivos ministros para que, no ámbito das súas competencias, diten as disposicións regulamentarias e as medidas que sexan precisas para o desenvolvemento e execución do establecido neste real decreto lei.

3. As administracións públicas competentes promoverán as disposicións normativas que resulten necesarias para dar cumprimento ao disposto neste real decreto lei.

Disposición derradeira sexta. *Aplicación do disposto nos artigos 2 e 3.3 deste real decreto lei.*

Habílítase o Goberno para que, por proposta do ministro de Facenda e Administracións Públicas, proceda a adaptar a aplicación do previsto nos artigos 1 e 2.2 deste real decreto

lei respecto das pagas extraordinarias ao que dispoña a modificación da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial.

Disposición derradeira sétima. *Modificación de disposicións regulamentarias.*

As determinacións incluídas en normas regulamentarias que son obxecto de modificación por este real decreto lei poderán ser modificadas no futuro por normas do rango regulamentario correspondente á norma en que figuran.

Disposición derradeira oitava. *Dereitos sindicais no ámbito do sector público.*

As fundacións, sociedades mercantís e o resto de entidades que conforman o sector público deberán efectuar unha adecuada xestión, no marco da lexislación vixente, das materias relacionadas coa creación, modificación ou supresión de órganos de representación, seccións e delegados sindicais, especialmente no que afecta os créditos horarios, cesións destes créditos e liberacións que deriven da aplicación de normas ou pactos que afecten a obriga ou o réxime de asistencia ao traballo. Todo isto con respecto aos dereitos sindicais e de representación recoñecidos na lexislación vixente.

No marco das normas vixentes en materia de transparencia, as entidades mencionadas no parágrafo anterior deberán informar o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas ou organismo autonómico competente en relación con estas materias, sen prexuízo da protección de datos de carácter persoal.

Disposición derradeira novena. *Modificación da Lei 2/2012, do 29 de abril, de orzamentos xerais do Estado para 2012.*

Dáse nova redacción ao artigo 18 da Lei 2/2012, do 29 de abril, de orzamentos xerais do Estado para 2012, que queda redactado nos seguintes termos:

«Ao abeiro do disposto na disposición adicional primeira da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, autorízanse os custos de persoal docente (funcionario e contratado) e do persoal de administración e servizos (funcionario e laboral fixo) da Universidade Nacional de Educación a Distancia (UNED) para o ano 2012 e polos importes consignados a continuación, sen incluír trienios nin seguridade social:

Persoal docente (funcionario e contratado) Miles de euros	Persoal non docente (funcionario e laboral fixo) Miles de euros
52.106,23	25.426,66

Disposición derradeira décima. *Modificación da Lei 2/2012, do 29 de xuño, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2012.*

Un. Modifícase o número seis do artigo 17 da Lei 2/2012, do 29 de xuño, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2012, que queda redactado nos seguintes termos:

«Seis. As cantidades máximas que se percibirán dos alumnos en concepto de financiamento complementario á proveniente dos fondos públicos que se asignen ao réxime de concertos singulares, subscritos para ensinanzas de niveis non obrigatorios, e en concepto exclusivo de ensino regulado, son as que se establecen a continuación:

a) Ciclos formativos de grao superior: entre 18 e 36 euros alumno/mes durante dez meses, no período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2012.

b) Bacharelato: entre 18 e 36 euros alumno/mes durante dez meses, no período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2012.

O financiamento obtido polos centros, consecuencia do cobramento aos alumnos destas cantidades, terá o carácter de complementario ao aboado directamente pola Administración para o financiamento dos «outros gastos».

Os centros que no ano 2011 estivesen autorizados para percibir cotas superiores ás sinaladas poderán mantelas para o exercicio 2012.

A cantidade aboada pola Administración non poderá ser inferior á resultante de minorar en 3.606,08 euros o importe correspondente ao compoñente de «outros gastos» dos módulos económicos establecidos no anexo IV da presente lei, e as administracións educativas competentes poderán establecer a regulación necesaria ao respecto.»

Dous. Os anexos IV e V da Lei 2/2012, do 29 de xuño, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2012, quedan redactados da seguinte forma:

«ANEXO IV

Módulos económicos de distribución de fondos públicos para sostemento de centros concertados

Conforme o disposto no artigo 17 desta lei, os importes anuais e a desagregación dos módulos económicos por unidade escolar nos centros concertados dos distintos niveis e modalidades educativas quedan establecidos, con efectos do 1 de xaneiro e ata o 31 de decembro de 2012, da seguinte forma:

	Euros
EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA	
Salarios de persoal docente, incluídas cargas sociais.....	26.243,73
Gastos variables.....	3.571,98
Outros gastos.....	5.768,81
IMPORTE TOTAL ANUAL.....	35.584,52
EDUCACIÓN ESPECIAL (*) (niveis obrigatorios e gratuítos)	
I. Educación básica/primaria	
Salarios de persoal docente, incluídas cargas sociais.....	26.243,73
Gastos variables.....	3.571,98
Outros gastos.....	6.153,43
IMPORTE TOTAL ANUAL.....	35.969,14
Persoal complementario (logopedas, fisioterapeutas, axudantes técnicos educativos, psicólogo-pedagogo e traballador social), segundo deficiencias:	
Psíquicos.....	19.018,60
Autistas ou problemas graves de personalidade.....	15.427,02
Auditivos.....	17.696,07
Plurideficiente.....	21.963,35
II. Programas de formación para a transición á vida adulta	
Salarios de persoal docente, incluídas cargas sociais.....	52.487,45
Gastos variables.....	4.686,73
Outros gastos.....	8.766,37
IMPORTE TOTAL ANUAL.....	65.940,55
Persoal complementario (logopedas, fisioterapeutas, axudantes técnicos educativos, psicólogo-pedagogo e traballador social), segundo deficiencias:	
Psíquicos.....	30.365,84
Autistas ou problemas graves de personalidade.....	27.160,31
Auditivos.....	23.527,49
Plurideficientes.....	33.766,44

	Euros
EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA	
I. Primeiro e segundo curso ⁽¹⁾	
Salarios de persoal docente, incluídas cargas sociais.....	31.492,46
Gastos variables.....	4.202,14
Outros gastos.....	7.499,50
IMPORTE TOTAL ANUAL.....	43.194,11
I. Primeiro e segundo curso ⁽²⁾	
Salarios de persoal docente, incluídas cargas sociais.....	36.981,87
Gastos variables.....	7.100,96
Outros gastos.....	7.499,50
IMPORTE TOTAL ANUAL.....	51.582,33
II. Terceiro e cuarto curso	
Salarios de persoal docente, incluídas cargas sociais.....	41.912,78
Gastos variables.....	8.047,76
Outros gastos.....	8.277,53
IMPORTE TOTAL ANUAL.....	58.238,06
BACHARELATO	
Salarios de persoal docente, incluídas cargas sociais.....	50.541,90
Gastos variables.....	9.704,64
Outros gastos.....	9.125,25
IMPORTE TOTAL ANUAL.....	69.371,79
CICLOS FORMATIVOS.	
I. Salarios de persoal docente, incluídas cargas sociais	
Grupo 1. Ciclos formativos de grao medio de 1.300 a 1.700 horas	
Primeiro curso.....	46.932,61
Segundo curso.....	0,00
Grupo 2. Ciclos formativos de grao medio de 2.000 horas	
Primeiro curso.....	46.932,61
Segundo curso.....	46.932,61
Grupo 3. Ciclos formativos de grao superior de 1.300 a 1.700 horas	
Primeiro curso.....	43.322,41
Segundo curso.....	0,00
Grupo 4. Ciclos formativos de grao superior de 2.000 horas	
Primeiro curso.....	43.322,41
Segundo curso.....	43.322,41
II. Gastos variables	
Grupo 1. Ciclos formativos de grao medio de 1.300 a 1.700 horas	
Primeiro curso.....	6.337,68
Segundo curso.....	0,00
Grupo 2. Ciclos formativos de grao medio de 2.000 horas	
Primeiro curso.....	6.337,68
Segundo curso.....	6.337,68
Grupo 3. Ciclos formativos de grao superior de 1.300 a 1.700 horas	
Primeiro curso.....	6.296,66
Segundo curso.....	0,00

	Euros
Grupo 4. Ciclos formativos de grao superior de 2.000 horas	
Primeiro curso.....	6.296,66
Segundo curso.....	6.296,66
III. Outros gastos.	
Grupo 1. Ciclos formativos de:	
– Condución de Actividades Físico-Deportivas no Medio Natural	
– Animación Turística	
– Estética Persoal Decorativa	
– Química Ambiental	
– Hixiene Bucodental	
Primeiro curso.....	10.026,10
Segundo curso.....	2.344,87
Grupo 2. Ciclos formativos de:	
– Secretariado.	
– Mergullo a Media Profundidade	
– Laboratorio de Imaxe	
– Comercio	
– Xestión Comercial e Márketing	
– Servizos ao Consumidor	
– Elaboración de Produtos Lácteos	
– Matadoiro e Carnizaría-Chacinaría	
– Moenda e Industrias do Cereal	
– Laboratorio.	
– Fabricación de Produtos Farmacéuticos e Afíns	
– Coidados Auxiliares de Enfermaría	
– Documentación Sanitaria	
– Curtidos	
– Procesos de Ennobrecemento Têxtil	
Primeiro curso.....	12.190,41
Segundo curso.....	2.344,87
Grupo 3. Ciclos formativos de:	
– Conservas Vexetais, Cárnicas e de Peixe	
– Transformación de Madeira e Cortiza	
– Operacións de Fabricación de Produtos Farmacéuticos	
– Operacións de Transformación de Plásticos e Caucho	
– Industrias de Proceso de Pasta e Papel	
– Plástico e Caucho	
– Operacións de Ennobrecemento Têxtil	
Primeiro curso.....	14.508,30
Segundo curso.....	2.344,87
Grupo 4. Ciclos formativos de:	
– Encadernados e Manipulados de Papel e Cartón	
– Impresión en Artes Gráficas	
– Fundición	
– Tratamentos Superficiais e Térmicos	
– Calzado e Marroquinaría	
-Produción de Fiazón e Tecelaxe de Calada	

	Euros
– Producción de Tecidos de Punto	
– Procesos de Confección Industrial	
– Procesos Têxtils de Fiazón e Tecelaxe de Calada	
– Procesos Têxtils de Tecelaxe de Punto	
-Operacións de Fabricación de Vidro e Transformados	
– Fabricación e Transformación de Produtos de Vidro	
Primeiro curso.....	16.785,68
Segundo curso.....	2.344,87
Grupo 5. Ciclos formativos de:	
– Realización e Plans de Obra	
– Asesoría de Imaxe Persoal	
– Radioterapia	
– Animación Sociocultural	
– Integración Social	
Primeiro curso.....	10.026,10
Segundo curso.....	3.791,92
Grupo 6. Ciclos formativos de:	
– Operacións de Cultivo Acuícola	
Primeiro curso.....	14.508,30
Segundo curso.....	3.791,92
Grupo 7. Ciclos formativos de:	
– Aceites de Oliva e Viños	
– Xestión Administrativa	
– Explotacións Gandeiras	
– Xardinaría	
– Traballos Forestais e de Conservación de Medio Natural	
– Xestión e Organización de Empresas Agropecuarias	
– Xestión e Organización de Recursos Naturais e Paisaxísticos	
– Administración e Finanzas	
– Pesca e Transporte Marítimo	
– Navegación, Pesca e Transporte Marítimo	
– Producción de Audiovisuais, Radio e Espectáculos	
– Comercio Internacional	
– Xestión do Transporte	
– Obras de Albanelaría	
– Obras de Formigón	
– Operación e Mantemento de Maquinaria de Construción	
– Desenvolvemento e Aplicación de Proxectos de Construción	
– Desenvolvemento de Proxectos Urbanísticos e Operacións Topográficas	
– Óptica de Anteollos	
– Xestión de Aloxamentos Turísticos	
– Servizos en Restauración	
– Caracterización	
– Peiteado	
– Estética	
– Elaboración de Produtos Alimenticios	
– Panadaría, Repostaría e Confeitaría	
– Administración de Sistemas Informáticos	

	Euros
– Administración de Sistemas Informáticos en Rede	
– Desenvolvemento de Aplicacións Informáticas	
– Administración de Aplicacións Multiplataforma	
– Desenvolvemento de Produtos de Carpintería e Moble	
– Prevención de Riscos Profesionais	
– Anatomía Patolóxica e Citoloxía	
– Saúde Ambiental	
– Laboratorio de Análise e de Control de Calidade	
– Química Industrial	
– Planta Química	
– Dietética	
– Imaxe para o Diagnóstico	
– Laboratorio de Diagnóstico Clínico	
– Ortoprotésica	
– Audioloxía Protésica	
– Emerxencias Sanitarias	
– Farmacia e Parafarmacia	
– Interpretación da Lingua de Signos	
– Atención Sociosanitaria	
– Educación Infantil	
– Desenvolvemento de Aplicacións Web	
– Dirección de Cociña	
– Guía de Información e Asistencia Turísticas	
– Axencias de Viaxes e Xestión de Eventos	
– Dirección de Servizos de Restauración	
– Deseño e Producción de Calzado e Complementos	
– Proxectos de Edificación	
Primeiro curso.....	9.029,74
Segundo curso.....	10.908,01
Grupo 8. Ciclos formativos de:	
– Producción Agroecolóxica	
– Producción Agropecuaria	
– Explotacións Agrarias Extensivas	
– Explotacións Agrícolas Intensivas	
– Operación, Control e Mantemento de Maquinaria e Instalacións do Buque	
– Supervisión e Control de Máquinas e Instalacións do Buque	
– Equipos Electrónicos de Consumo	
– Desenvolvemento de Produtos Electrónicos	
– Instalacións Electrotécnicas	
– Sistemas de Regulación e Control Automáticos	
– Instalacións de Telecomunicación	
– Instalacións Eléctricas e Automáticas	
– Sistemas Microinformático e Redes	
– Acabamentos de Construción	
– Cociña e Gastronomía	
– Mantemento de Aviónica	
– Próteses Dentais	
– Confección e Moda	
– Patronaxe e Moda	
Primeiro curso.....	11.121,35
Segundo curso.....	12.694,59

	Euros
Grupo 9. Ciclos formativos de:	
– Animación de Actividades Físicas e Deportivas	
– Deseño e Producción Editorial	
– Producción en Industrias de Artes Gráficas	
– Imaxe	
– Realización de Audiovisuais e Espectáculos	
– Son	
– Sistemas de Telecomunicación e Informáticos	
– Desenvolvemento de Proxectos Mecánicos	
– Producción por Fundición e Pulvimetalurxia	
– Programación da Producción en Fabricación Mecánica	
– Deseño en Fabricación Mecánica	
– Fabricación á Medida e Instalación de Madeira e Moble	
– Carpintería e Moble	
– Producción de Madeira e Moble	
– Montaxe e Mantemento de Instalacións de Frío, Climatización e Producción de Calor	
– Desenvolvemento de Proxectos de Instalacións Térmicas e Fluídos	
– Mantemento de Instalacións Térmicas e de Fluídos	
– Carrozaría	
– Electromecánica de Vehículos	
– Automoción	
– Mantemento Aeromecánico	
– Eficiencia Enerxética e Enerxía Solar Térmica	
Primeiro curso.....	13.080,70
Segundo curso.....	14.512,79
Grupo 10. Ciclos formativos de:	
– Producción Acuícola	
– Vitivinicultura	
– Preimpresión en Artes Gráficas	
– Xoiaría	
– Mecanizado	
– Soldadura e Caldeiraría	
– Construcións Metálicas	
– Industria Alimentaria	
– Procesos de Calidade na Industria Alimentaria	
– Instalación e Mantemento Electromecánico de Maquinaria e Condución de Liñas	
– Mantemento Ferroviario	
– Mantemento de Equipamento Industrial	
– Fabricación de Produtos Cerámicos	
– Desenvolvemento e Fabricación de Produtos Cerámicos	
Primeiro curso.....	15.130,74
Segundo curso.....	16.224,69
PROGRAMAS DE CUALIFICACIÓN PROFESIONAL INICIAL	
I. Salarios de persoal docente, incluídas cargas sociais.....	46.932,61
II. Gastos variables.....	6.337,68
III. Outros gastos	

	Euros
Grupo 1.....	7.188,37
(*) Sobre cualificacións nivel 1 das familias profesionais de:	
– Administración	
– Administración e Xestión	
– Artesanías	
– Comercio e Márketing	
– Hostalaría e Turismo	
– Imaxe Persoal	
– Química	
– Sanidade	
– Seguridade e Ambiente	
– Servizos Socioculturais e á Comunidade	
Grupo 2.....	8.218,46
* Sobre cualificacións nivel 1 das familias profesionais de:	
– Actividades Agrarias	
– Agraria	
– Artes Gráficas	
– Comunicación, Imaxe e Son	
– Imaxe e Son	
– Edificación e Obra Civil	
– Electricidade e Electrónica	
– Enerxía e Auga	
– Fabricación Mecánica	
– Industrias Alimentarias	
– Industrias Extractivas	
– Madeira e Moble	
– Madeira, Moble e Cortiza	
-Mantemento de Vehículos Autopropulsados	
– Transporte e Mantemento de Vehículos	
-Mantemento e Servizos á Producción	
– Marítimo-Pesqueira	
– Instalación e Mantemento	
– Téxtil, Confección e Pel	

⁽¹⁾ Aos mestres que imparten 1.º e 2.º curso de educación secundaria obrigatoria as administracións educativas aboaranlles en 2012 a mesma contía do complemento que para esta finalidade se lles aboa aos mestres do ensino público.

⁽²⁾ Aos licenciados que imparten 1.º e 2.º curso de educación secundaria obrigatoria aplicaráselles o módulo indicado.

(*) As comunidades autónomas, en pleno exercicio de competencias educativas, poderán adecuar os módulos de persoal complementario de educación especial ás exixencias derivadas da normativa aplicable en cada unha delas.

ANEXO V

Módulos económicos de distribución de fondos públicos para sostemento de centros concertados situados nas cidades autónomas de Ceuta e Melilla

Conforme o disposto no artigo 17 desta lei, os importes anuais e desagregación dos módulos económicos por unidade escolar nos centros concertados dos distintos niveis e modalidades educativas situados nas cidades de Ceuta e Melilla quedan establecidos, con efectos do 1 de xaneiro e ata o 31 de decembro de 2012, da seguinte forma:

	Euros
EDUCACIÓN INFANTIL	
Relación profesor/unidade: 1,17:1	
Salarios de persoal docente, incluídas cargas sociais.....	36.636,24
Gastos variables.....	3.571,98
Outros gastos.....	6.489,15
IMPORTE TOTAL ANUAL.....	46.697,37
EDUCACIÓN PRIMARIA	
Relación profesor / unidade: 1,17:1	
Salarios de persoal docente, incluídas cargas sociais.....	36.636,24
Gastos variables.....	3.571,98
Outros gastos.....	6.489,15
IMPORTE TOTAL ANUAL.....	46.697,37
EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA	
I. Primeiro e segundo curso: ⁽¹⁾	
Relación profesor / unidade: 1,49:1	
Salarios de persoal docente, incluídas cargas sociais.....	46.656,42
Gastos variables.....	4.202,14
Outros gastos.....	8.435,92
IMPORTE TOTAL ANUAL.....	59.294,49
I. Primeiro e segundo curso: ⁽²⁾	
Relación profesor / unidade: 1,49:1	
Salarios de persoal docente, incluídas cargas sociais.....	53.899,03
Gastos variables.....	7.267,38
Outros gastos.....	8.435,92
IMPORTE TOTAL ANUAL.....	69.602,33
II. Terceiro e cuarto curso	
Relación profesor / unidade: 1,65:1	
Salarios de persoal docente, incluídas cargas sociais.....	59.686,83
Gastos variables.....	8.047,77
Outros gastos.....	9.311,06
IMPORTE TOTAL ANUAL.....	77.045,65
PROGRAMAS DE CUALIFICACIÓN PROFESIONAL INICIAL	
– Auxiliar de Comercio e Almacén	
Relación profesor / unidade: 1,20:1	
Salarios de persoal docente, incluídas cargas sociais.....	46.932,61
Gastos variables.....	8.047,77
Outros gastos.....	9.311,06
IMPORTE TOTAL ANUAL.....	64.291,43

A contía do compoñente do módulo de «Outros gastos» para as unidades concertadas nas ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e programas de cualificación profesional inicial será incrementada en 1.181,09 euros nos centros situados en Ceuta e Melilla, en razón do maior custo orixinado polo complemento de residencia do persoal de administración e servizos.

Ao persoal docente dos centros concertados situados en Ceuta e Melilla aboaráselle a cantidade correspondente ao complemento de residencia establecido

no correspondente convenio colectivo, ben que a Administración educativa non asumirá incrementos superiores á porcentaxe de incremento global fixada na presente Lei de orzamentos xerais do Estado.

⁽¹⁾ Aos mestres que imparten 1.º e 2.º curso de educación secundaria obrigatoria aboaráselles no ano 2012 a mesma contía que se estableza para os mestres dos mesmos cursos nos centros públicos.

⁽²⁾ Aos licenciados que impartan 1.º e 2.º curso de educación secundaria obrigatoria aplicaráselles este módulo.

Disposición derradeira décimo primeira. *Modificación da Lei 2/2012, do 29 de xuño, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2012.*

Modifícase o número seis do artigo 17 da Lei 2/2012, do 29 de xuño, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2012, que queda redactado nos seguintes termos:

«Seis. As cantidades máximas que se percibirán dos alumnos en concepto de financiamento complementario ao proveniente dos fondos públicos que se asignen ao réxime de concertos singulares, subscritos para ensinanzas de niveis non obrigatorios, e en concepto exclusivo de ensino regulado, son as que se establecen a continuación:

a) Ciclos formativos de grao superior: entre 18 e 36 euros alumno/mes durante dez meses, no período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2012.

b) Bacharelato: entre 18 e 36 euros alumno/mes durante dez meses, no período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2012.

O financiamento obtido polos centros, consecuencia do cobramento aos alumnos destas cantidades, terá o carácter de complementario ao aboado directamente pola Administración para o financiamento dos «Outros gastos».

Os centros que no ano 2011 estivesen autorizados para percibir cotas superiores ás sinaladas poderán mantelas para o exercicio 2012.

A cantidade aboada pola Administración non poderá ser inferior á resultante de minorar en 3.606,08 euros o importe correspondente ao compoñente de «Outros gastos» dos módulos económicos establecidos no anexo IV da presente lei, e as administracións educativas competentes poderán establecer a regulación necesaria ao respecto.»

Disposición derradeira décimo segunda. *Dereitos económicos do persoal ao servizo da Administración de xustiza.*

«1. Suspéndese a vixencia do artigo 20.1.A) do Real decreto legislativo 3/2000, do 23 de xuño, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes sobre o réxime especial da Seguridade Social do persoal ao servizo da Administración de xustiza.

Mentres dure esta suspensión, serán de aplicación as previsións contidas neste artigo.

2. Os integrantes da carreira xudicial e fiscal do corpo de secretarios xudiciais, así como os funcionarios dos corpos ao servizo da Administración de xustiza comprendidos na Lei orgánica do poder xudicial, en situación de incapacidade temporal por continxencias comúns, percibirán o cincuenta por cento das retribucións tanto básicas como complementarias, como, se é o caso, a prestación por fillo a cargo, de ser o caso, desde o primeiro ao terceiro día da situación de incapacidade temporal, tomando como referencia aquelas que percibían no mes inmediato anterior ao de se causar a situación de incapacidade temporal. Desde o cuarto día ao vixésimo, ambos os dous inclusive, percibirán o setenta e cinco por cento das retribucións tanto básicas como complementarias, como da prestación por fillo a cargo, se é o caso. A partir do vixésimo primeiro día e ata o cento oitenta,

ambos os dous inclusive, percibirán a totalidade das retribucións básicas, da prestación por fillo a cargo, de ser o caso, e das retribucións complementarias. Cando a situación de incapacidade temporal derive de continxencias profesionais, a retribución que se percibirá poderá ser complementada, desde o primeiro día, ata alcanzar como máximo o cen por cento das retribucións que viñesen correspondendo ao dito persoal no mes anterior ao de se causar a incapacidade.

A partir do día cento oitenta e un será de aplicación o subsidio establecido no réxime especial da Seguridade Social do persoal ao servizo da Administración de xustiza.

3. Cada Administración pública poderá determinar, con respecto ao seu persoal, os supostos en que con carácter excepcional e debidamente xustificadas se poida establecer un complemento ata alcanzar, como máximo, o cen por cento das retribucións que viñesen gozando en cada momento. Para estes efectos, consideraranse en todo caso debidamente xustificadas os supostos de hospitalización e intervención cirúrxica.

En ningún caso os funcionarios incluídos nos réximes especiais de seguridade social xestionados polo mutualismo administrativo poderán percibir unha cantidade inferior en situación de incapacidade temporal por continxencias comúns á que lles corresponda aos funcionarios adscritos ao réxime xeral da Seguridade Social, incluídos, se é o caso, os complementos que lles resulten de aplicación a estes últimos.

4. As referencias a días incluídas neste artigo entenderanse realizadas a días naturais.

Disposición derradeira décimo terceira.

1. O disposto no artigo 211.2 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social será de aplicación ás prestacións por desemprego cuxo nacemento do dereito derive de situacións legais de desemprego producidas a partir da entrada en vigor deste real decreto lei.

2. O disposto nos artigos 215.1.3, 215.3.2, 216.3 e 217.1 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social aplicarase ás solicitudes de nacemento do dereito ao subsidio por desemprego que se presenten a partir da entrada en vigor deste real decreto lei.

3. O disposto no artigo 218 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social aplicarase desde o primeiro día do mes seguinte á entrada en vigor deste real decreto lei.

Disposición derradeira décimo cuarta. *Reforma dos salarios de tramitación.*

Un. Modificación do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo.

Modifícase o número 1 do artigo 57 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1995, do 1 de marzo, que queda redactado da seguinte forma:

«1. Cando a sentenza que declare a improcedencia do despedimento se dite transcorridos máis de noventa días hábiles desde a data en que se presentou a demanda, o empresario poderá reclamar do Estado o aboamento da percepción económica a que se refire o número 2 do artigo 56 desta lei, correspondente ao tempo que exceda os ditos noventa días hábiles.»

Dous. Modificación da Lei 36/2011, do 10 de outubro, reguladora da xurisdición social. Modifícase o número 1 do artigo 116 da Lei 36/2011, do 10 de outubro, reguladora da xurisdición social:

«Se, desde a data en que se tivo por presentada a demanda por despedimento ata a sentenza do xulgado ou tribunal que por primeira vez declare a súa improcedencia, transcorresen máis de noventa días hábiles, o empresario, unha

vez que asine a sentenza, poderá reclamar ao Estado os salarios pagados ao traballador que excedan o dito prazo».

Disposición derradeira décimo quinta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 13 de xullo de 2012.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
MARIANO RAJOY BREY

ANEXO

Determinación dos municipios de máis de 200.000 habitantes que en 2011 rexistraron unha elevada ocupación hoteleira superior a un millón de persoas ou un número de pasaxeiros de cruceiros turísticos superior a catrocentos mil, para os efectos de declaración de zonas de grande afluencia turística no ano 2012

	Nº de habitantes(*)	Nº de pernoitas hoteleiras durante 2011 (**)	Nº de pasaxeiros de cruceiros turísticos durante 2011 (***)
Madrid.....	3.265.038	16.411.369	
Barcelona.....	1.615.448	16.146.596	2.642.493
Palma de Mallorca.....	405.318	8.075.338	1.429.502
Sevilla.....	703.021	3.605.575	16.058
Valencia.....	798.033	3.319.783	378.463
Granada.....	240.099	2.769.103	
Málaga.....	568.030	1.740.028	638.845
Alacant.....	334.329	1.425.400	108.435
Bilbao.....	352.700	1.370.254	77.345
Zaragoza.....	674.317	1.330.616	
Córdoba.....	328.659	1.249.873	
Las Palmas GC.....	383.343	1.056.479	425.881
Cartagena.....	214.918	1.027.848	88.081
Sta. Cruz Tenerife.....	222.271	356.044	607.343

Fontes:

* INE Padrón municipal 2011.

** INE Enquisa de ocupación hoteleira 2011.

*** Ministerio de Fomento, Portos do Estado 2011.